PARLAMENTO DE GALICIA

# BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X lexislatura
Número 297
26 de abril de 2018

Fascículo 1

# SUMARIO

## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.4. Procedementos de información
### 1.4.4. Preguntas
### 1.4.4.2. Preguntas orais en comisión

**29371 (10/POC-004697)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín**
Sobre as razóns do Goberno galego para deixar sen executar no ano 2017 máis de corenta e tres millóns de euros consignados para as corporacións locais, así como as súas previsións ao respecto para o ano 2018 95986

**29380 (10/POC-004698)**
**Grupo Parlamentario de En Marea**
**Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David**
Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para protexer os traballadores do rural que perderon as súas colleitas a consecuencia das fortes choivas dos últimos meses 95987

**29383 (10/POC-004699)**
**Grupo Parlamentario de En Marea**
**Chao Pérez, Luca**
Sobre a realización polo Goberno galego dalgún balance dos resultados das medidas que viña aplicando para fomentar o retorno a Galicia das persoas galegas emigradas, as novas medidas para ese fin inseridas no plan Retorna 2020 e a súa dotación orzamentaria, así como as razóns da demora na publicación do Plan estratéxico da emigración 2017-2020 95990

**29394 (10/POC-004700)**
**Grupo Parlamentario de En Marea**
**Rodríguez Estévez, David**
Sobre a valoración da Xunta de Galicia referida á xestión levada a cabo en relación coa madeira queimada polos incendios que aínda permanece nos montes e as medidas previstas ao respecto 95992

**29399 (10/POC-004701)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Pérez Seco, José Manuel e 2 máis**
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da execución no ano 2018 das actuacións necesarias para substituír o tipo de firme na estrada autonómica AC-110 ao seu paso polo lugar de Panda, no concello de Moeche, e, se é o caso, o prazo previsto para ese fin 95995

**29408 (10/POC-004702)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Pérez Seco, José Manuel e 2 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da execución no ano 2018 das actuacións necesarias para a construción dunha senda peonil na estrada autonómica AC-110, entre As Felgosas e O Porto, no concello de Cerdido, e, se é o caso, o prazo previsto para ese fin 95997

**29419 (10/POC-004703)**
**Grupo Parlamentario de En Marea**
**Vázquez Verao, Paula**
Sobre a dispoñibilidade pola CRTVG dalgún protocolo para fomentar a divulgación científica, así como dalgún código de boas prácticas para tratar a información referida a terapias alternativas e pseudociencias, o espazo que ocupa a ciencia no conxunto da súa programación e a realización dalgunha análise da porcentaxe de tempo dos informativos que se destina á divulgación científica 95999

**29427 (10/POC-004704)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio**
Sobre a valoración e as medidas previstas, así como as demandas realizadas ou que vai realizar o Goberno galego ao Goberno central, en relación co cumprimento en Galicia dos obxectivos da Lei 39/2006, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia 96002

**29431 (10/POC-004705)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio**
Sobre as previsións do Goberno galego referidas ao incremento do número de postos de traballo dos equipos de valoración e orientación da discapacidade en Galicia, así como a prórroga do convenio que permite a participación de licenciados sanitarios do Sergas nas valoracións da discapacidade, e os datos ao respecto 96005

**29454 (10/POC-004706)**
**Grupo Parlamentario de En Marea**
**Rodríguez Estévez, David**
Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para compensar as gandeiras e gandeiros polos falsos positivos nas probas para o control sanitario do gando vacún que se están a dar en moitas explotacións de Galicia 96008

**29473 (10/POC-004707)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín**
Sobre as partidas e contías consignadas nos Orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018 destinadas a atender cada unha das medidas inseridas na Estratexia Retorna 2020, as previsións do Goberno galego referidas ao artellamento das axudas económicas previstas nelas, e o obxectivo perseguido para ese ano 96010

**29482 (10/POC-004708)**
**Grupo Parlamentario de En Marea**
**Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos**

Sobre as razóns do Goberno galego para non aprobar o Plan de transporte de Galicia no prazo establecido na Lei 10/2016, de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia, o prazo previsto para ese fin e a súa opinión referida á súa elaboración e aprobación por fases, así como a suficiencia do tratamento que ten a escala metropolitana no modelo de planificación elixido e a incidencia orzamentaria que vai ter a súa aplicación 96012

**29500 (10/POC-004711)**
**Grupo Parlamentario de En Marea**
**Sánchez García, Antón e 2 máis**
Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario do 25 de setembro de 2015, referido á posta en marcha dun plan de fomento da horticultura e da fruticultura, así como da agricultura ecolóxica, e a estratexia da Consellería do Medio Rural para o desenvolvemento do sector hortícola no tocante á comercialización, investigación, asesoramento e xestión da terra 96017

**29505 (10/POC-004712)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Díaz Villoslada, Juan Manuel e 4 máis**
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para impulsar e apoiar de xeito efectivo instrumentos de xestión metropolitana de servizos no ámbito da Área Metropolitana da Coruña 96020

**29506 (10/POC-004713)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Díaz Villoslada, Juan Manuel e 4 máis**
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para impulsar e apoiar de xeito efectivo instrumentos de xestión metropolitana de servizos no ámbito da Área Metropolitana da Coruña 96023

**29508 (10/POC-004714)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Pérez Seco, José Manuel e 2 máis**
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da execución no ano 2018 das actuacións necesarias para construír unha senda peonil na estrada autonómica AC-862, aproximadamente entre os puntos quilométricos 36+500 e 37+000, no concello de Cerdido, e, se é o caso, o prazo estimado para ese fin 96026

**29509 (10/POC-004715)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio**
Sobre a posible certeza da Consellería do Medio Rural respecto da inexistencia de máis más concellos afectados pola praga de couza guatemalteca da pataca, os datos referidos ás trampas colocadas nos concellos que están fóra de tampón para combatela, os seus resultados e as capturas rexistradas nas colocadas nos concellos non afectados, así como as medidas que vai adoptar para atallar a súa expansión 96028

**29516 (10/POC-004716)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín**
Sobre as xestións levadas a cabo pola Xunta de Galicia diante do Goberno central para a constitución da comisión de cooperación prevista no Real decreto 675/2014, polo que se establecen as bases reguladoras das axudas para o impulso económico das comarcas mineiras do carbón mediante o desenvolvemento de proxectos de infraestruturas e de restauración das zonas degradadas a causa da actividade mineira, así como para a recuperación dos fondos Miner, anulados no ano 2011, e as actuacións previstas ao respecto 96030

**29529 (10/POC-004717)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis**
Sobre o modelo de xestión e o cronograma de construción previstos polo Goberno galego para o proxecto do novo aparcadoiro no novo Hospital de Montecelo, en Pontevedra, as súas intencións en relación coa externalización dalgún dos servizos de atención sanitaria e a situación dalgún servizo de carácter sociosanitario na ampliación dese hospital, así como a garantía do carácter e titularidade públicos dos seus servizos sanitarios e da súa atención só por persoal funcionario público 96033

**29541 (10/POC-004718)**
**Grupo Parlamentario de En Marea**
**Villares Naveira, Luis e Santos Queiruga, Carmen**
Sobre o coñecemento pola Xunta de Galicia da información do Goberno central referida aos posibles problemas de seguridade detectados na plataforma informática Lexnet en Galicia, así como as medidas adoptadas e previstas ao respecto 96036

**29548 (10/POC-004719)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Rivas Cruz, José Luis e 5 máis**
Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para trasladar ás persoas afectadas a información necesaria en relación co proceso de concentración parcelaria decretado no ano 2000 no concello de Catoira, os atrancos que ocasionaron a súa interrupción, así como o investimento levado a cabo e previsto para a súa execución e as actuacións que vai desenvolver para o seu remate 96040

**29551 (10/POC-004720)**
**Grupo Parlamentario de En Marea**
**Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis**
Sobre as razóns do Goberno galego para non executar a totalidade do orzamento destinado ás axudas de inclusión social de Galicia, os criterios seguidos para non incrementar na situación actual os recursos para ese fin e a situación na que se atopa o mecanismo de petición de información e documentación adicional ás persoas solicitantes, co fin de evitar posibles casos de indefensión 96044

**29563 (10/POC-004721)**
**Grupo Parlamentario de En Marea**
**Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca**
Sobre a opinión da Xunta de Galicia referida á necesidade de aprobar unha lei de regularización da profesión e dos profesionais de Educación Social, as súas previsións respecto da integración deses

profesionais no ensino obrigatorio de primaria e secundaria, así como no infantil, e a necesidade de establecer un convenio coas ANPA en relación coa introdución de contidos específicos 96047

**29570 (10/POC-004722)**
**Grupo Parlamentario de En Marea**
**Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca**
Sobre as razóns da demora da Xunta de Galicia na atención das demandas do Colexio A Ramallosa, do concello de Teo, referidas ao acondicionamento do centro, a data prevista para a retirada do amianto do seu edificio, así como o número de colexios de Galicia nos que aínda hai ese material e a dispoñibilidade polo Goberno galego dun mapa dos edificios afectados 96051

**29612 (10/POC-004723)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis**
Sobre a opinión do Goberno galego respecto das sancións da Axencia Española de Protección de Datos por infracción da Lei orgánica 15/1999 na plataforma Lexnet da Administración de xustiza, a súa información en relación co número de cidadáns galegos afectados polos fallos producidos nela, e o prazo previsto para o desenvolvemento dunha auditoría externa propia que avalíe a súa implantación en Galicia 96054

**29617 (10/POC-004724)**
**Grupo Parlamentario de En Marea**
**Santos Queiruga, Carmen e Villares Naveira, Luis**
Sobre o custo, desagregado por conceptos, da viaxe oficial ás illas Azores iniciada polo secretario xeral de Política Lingüística o día 19 de xullo de 2016, con motivo do cuadraxésimo aniversario das institucións de autogoberno dese arquipélago luso 96057

**29618 (10/POC-004725)**
**Grupo Parlamentario de En Marea**
**Santos Queiruga, Carmen e Villares Naveira, Luis**
Sobre o custo, desagregado por conceptos, da viaxe oficial a Bos Aires iniciada polo conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, xunto co secretario xeral de Cultura e o secretario xeral de Política Lingüística, o día 4 de maio de 2017 96059

**29619 (10/POC-004726)**
**Grupo Parlamentario de En Marea**
**Santos Queiruga, Carmen e Villares Naveira, Luis**
Sobre o custo, desagregado por conceptos, da viaxe oficial a París iniciada polo conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, xunto co secretario xeral de Política Lingüística e o director da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, o día 10 de abril de 2017 96061

**29623 (10/POC-004727)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín**
Sobre as xestións realizadas polo Goberno galego diante do Goberno central para incrementar a contía do Fondo de Compensación Interterritorial 96063

**29635 (10/POC-004728)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis**

Sobre a data prevista polo Goberno galego para a convocatoria da Comisión de seguimento do convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na Área Metropolitana de Vigo, así como as súas razóns para non tramitar a solicitude do Concello de Gondomar para a súa incorporación a ese tipo de transporte 96065

**29637 (10/POC-004729)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Vázquez Verao, Paula e 2 máis**

Sobre a opinión e as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coas carencias de persoal detectadas no Hospital Comarcal de Monforte, as listas de espera non estruturais do centro e os datos referidos ás derivacións de doentes realizadas nel dende o ano 2013, así como a data prevista para a implantación do Servizo de Hemodinámica durante as 24 horas do día en Lugo e a recuperación da Área Sanitaria de Monforte con capacidade de xestión 96068

**29648 (10/POC-004730)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para o levantamento do veto á tramitación da Proposición de lei orgánica de transferencia da titularidade e das competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia, á vista da sentenza do Tribunal Constitucional referida á capacidade do Goberno central de vetar a tramitación de leis no Congreso dos Deputados ao abeiro do artigo 134 da Constitución española 96076

**29655 (10/POC-004731)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis**

Sobre a valoración do Goberno galego en relación co estado de abandono e deterioración que presenta o parque forestal de Castiñeiras, nos concellos de Marín e Vilaboa, as razóns do incumprimento dos convenios asinados coas correspondentes comunidades de montes respecto do desenvolvemento de plans anuais de conservación e as súas previsións referidas á execución dalgunha actuación para a súa recuperación 96080

**29657 (10/POC-004732)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Rodríguez Estévez, David e 2 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á realización dalgunha xuntanza cos representantes dos axentes forestais e medioambientais para reabrir as negociacións e cumprir os acordos acadados 96084

**29660 (10/POC-004733)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula**

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á realización dalgunha xuntanza cos representantes dos axentes forestais e medioambientais para reabrir as negociacións e cumprir os acordos acadados 96087

**29666 (10/POC-004734)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis**
Sobre a normativa susceptible de aplicación para a instalación de composteiros comunitarios, a autorización que debe tramitar o Concello de Pontevedra para ese fin e a valoración do Goberno galego en relación co Plan de compostaxe que están a impulsar a deputación provincial e numerosos concellos desa provincia, así como os seus plans para promover a compostaxe dos biorresiduos urbanos, o cumprimento das obrigas establecidas pola Unión Europea e o Plan estatal marco de xestión de residuos 2016-2022 96090

**29676 (10/POC-004735)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**
Sobre as razóns da demora e as previsións do Sergas respecto da recuperación dos acordos de mellora das condicións laborais e salariais do seu persoal suspendidos desde o ano 2010 96093

**29708 (10/POC-004736)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Losada Álvarez, Abel Fermín e 2 máis**
Sobre a valoración do Goberno galego referida ao desenvolvemento, ata o 31 de decembro de 2015, do plan piloto para aliviar a densidade de tráfico pesado da autovía A-55, que reducía a peaxe para os transportes pesados no tramo da AP-9 entre Puxeiros e O Porriño, as razóns para non levalo a cabo a partir de 2016 e as medidas previstas para ese fin 96097

**29713 (10/POC-004737)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio**
Sobre a valoración e o coñecemento polo Goberno galego das razóns do Goberno central para demorar a ratificación do Convenio 188 da Organización Internacional do Traballo, relativo ao traballo no sector pesqueiro, así como as xestións levadas a cabo e previstas ao respecto 96099

**29726 (10/POC-004738)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Rodil Fernández, Olalla e 5 máis**
Sobre a opinión e as medidas adoptadas ou previstas polo Goberno galego en relación coa instalación de cartelaría e sinaléctica con toponimia deturpada por parte do Goberno municipal de Ribeira 96101

**29732 (10/POC-004739)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Rodil Fernández, Olalla e 5 máis**
Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa situación laboral do profesorado en Galicia, e as súas previsións respecto da apertura dunha negociación coas organizacións sindicais para recuperar os dereitos recortados nos últimos anos 96104

**29740 (10/POC-004740)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**
Sobre a planificación do Goberno galego para solucionar o déficit de profesionais existente no Sergas, as súas previsións respecto da demanda ao Goberno central do aumento do número de prazas para adaptar as de formación polo sistema de residencia MIR e EIR que se ofertan en Galicia ás necesidades reais do Sergas, así como a presentación dun plan de estabilidade no emprego para a súa negociación na Mesa sectorial 96107

**29749 (10/POC-004741)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**
Sobre as actuacións que está a levar a cabo e as previstas polo Goberno galego para garantir a viabilidade dunhas pensións dignas e mellorar o nivel que presentan en Galicia en relación co resto do Estado, así como a súa opinión sobre a súa contía actual e a incidencia para as persoas galegas xubiladas das medidas impulsadas polo Goberno central 96111

**29753 (10/POC-004742)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Rodil Fernández, Olalla e 5 máis**
Sobre a valoración da Xunta de Galicia acerca da situación na que se atopan o sector galego do teatro e o Centro Dramático Galego, así como as actuacións previstas para atender as demandas ao respecto 96116

**28741 - 29559 (10/POC-004612)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis**
Sobre o coñecemento polo Goberno galego da situación na que se atopan o Centro de Menores Avelino Montero, de Pontevedra, e os menores usuarios do centro como consecuencia das deficiencias existentes nas súas instalacións e a carencia do persoal necesario, así como as súas razóns para reducir a tres os seus vixilantes de seguridade 95964

**29304 – 29475 (10/POC-004690)**
**Grupo Parlamentario de En Marea**
**Villares Naveira, Luis e 2 máis**
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia dos recursos destinados á I+D+i, a súa valoración en relación coa situación en que se atopa Galicia en relación cos indicadores fixados pola Comisión Europea, así como as súas razóns para deixar sen executar 215 millóns de euros na I+D+i no período 2009-2017 96119

## 3. Administración do Parlamento de Galicia

### 3.2. Recursos humanos

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 23 de abril de 2018, polo que se anuncia a convocatoria de probas selectivas para ingresar por promoción interna nunha praza do corpo superior do Parlamento de Galicia 95965

# 1. Procedementos parlamentarios
## 1.4. Procedementos de información
### 1.4.4. Preguntas
### 1.4.4.2. Preguntas orais en comisión

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 23 de abril de 2018, adoptou os seguintes acordos:

**Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación**

- 29371 (10/POC-004697)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre as razóns do Goberno galego para deixar sen executar no ano 2017 máis de corenta e tres millóns de euros consignados para as corporacións locais, así como as súas previsións ao respecto para o ano 2018
Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 29380 (10/POC-004698)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David
Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para protexer os traballadores do rural que perderon as súas colleitas a consecuencia das fortes choivas dos últimos meses
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 29383 (10/POC-004699)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca
Sobre a realización polo Goberno galego dalgún balance dos resultados das medidas que viña aplicando para fomentar o retorno a Galicia das persoas galegas emigradas, as novas medidas para ese fin inseridas no plan Retorna 2020 e a súa dotación orzamentaria, así como as razóns da demora na publicación do Plan estratéxico da emigración 2017-2020
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 29394 (10/POC-004700)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David
Sobre a valoración da Xunta de Galicia referida á xestión levada a cabo en relación coa madeira queimada polos incendios que aínda permanece nos montes e as medidas previstas ao respecto
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 29399 (10/POC-004701)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e 2 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da execución no ano 2018 das actuacións necesarias para substituír o tipo de firme na estrada autonómica AC-110 ao seu paso polo lugar de Panda, no concello de Moeche, e, se é o caso, o prazo previsto para ese fin
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 29408 (10/POC-004702)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e 2 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da execución no ano 2018 das actuacións necesarias para a construción dunha senda peonil na estrada autonómica AC-110, entre As Felgosas e O Porto, no concello de Cerdido, e, se é o caso, o prazo previsto para ese fin
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 29419 (10/POC-004703)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula
Sobre a dispoñibilidade pola CRTVG dalgún protocolo para fomentar a divulgación científica, así como dalgún código de boas prácticas para tratar a información referida a terapias alternativas e pseudociencias, o espazo que ocupa a ciencia no conxunto da súa programación e a realización dalgunha análise da porcentaxe de tempo dos informativos que se destina á divulgación científica
Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

- 29427 (10/POC-004704)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio
Sobre a valoración e as medidas previstas, así como as demandas realizadas ou que vai realizar o Goberno galego ao Goberno central, en relación co cumprimento en Galicia dos obxectivos da Lei 39/2006, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 29431 (10/POC-004705)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio
Sobre as previsións do Goberno galego referidas ao incremento do número de postos de traballo dos equipos de valoración e orientación da discapacidade en Galicia, así como a prórroga do convenio que permite a participación de licenciados sanitarios do Sergas nas valoracións da discapacidade, e os datos ao respecto
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 29454 (10/POC-004706)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David
Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para compensar as gandeiras e gandeiros polos falsos positivos nas probas para o control sanitario do gando vacún que se están a dar en moitas explotacións de Galicia
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 29473 (10/POC-004707)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre as partidas e contías consignadas nos Orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018 destinadas a atender cada unha das medidas inseridas na Estratexia Retorna 2020, as previsións do Goberno galego referidas ao artellamento das axudas económicas previstas nelas, e o obxectivo perseguido para ese ano
Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 29482 (10/POC-004708)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos
Sobre as razóns do Goberno galego para non aprobar o Plan de transporte de Galicia no prazo establecido na Lei 10/2016, de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia, o prazo previsto para ese fin e a súa opinión referida á súa elaboración e aprobación por fases, así como a suficiencia do tratamento que ten a escala metropolitana no modelo de planificación elixido e a incidencia orzamentaria que vai ter a súa aplicación
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 29500 (10/POC-004711)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón e 2 máis
Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario do 25 de setembro de 2015, referido á posta en marcha dun plan de fomento da horticultura e da fruticultura, así como da agricultura ecolóxica, e a estratexia da Consellería do Medio Rural para o desenvolvemento do sector hortícola no tocante á comercialización, investigación, asesoramento e xestión da terra
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 29505 (10/POC-004712)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 4 máis
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para impulsar e apoiar de xeito efectivo instrumentos de xestión metropolitana de servizos no ámbito da Área Metropolitana da Coruña
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 29506 (10/POC-004713)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 4 máis
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para impulsar e apoiar de xeito efectivo instrumentos de xestión metropolitana de servizos no ámbito da Área Metropolitana da Coruña
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 29508 (10/POC-004714)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e 2 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da execución no ano 2018 das actuacións necesarias para construír unha senda peonil na estrada autonómica AC-862, aproximadamente entre os

puntos quilométricos 36+500 e 37+000, no concello de Cerdido, e, se é o caso, o prazo estimado para ese fin

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 29509 (10/POC-004715)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio
Sobre a posible certeza da Consellería do Medio Rural respecto da inexistencia de máis más concellos afectados pola praga de couza guatemalteca da pataca, os datos referidos ás trampas colocadas nos concellos que están fóra de tampón para combatela, os seus resultados e as capturas rexistradas nas colocadas nos concellos non afectados, así como as medidas que vai adoptar para atallar a súa expansión
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 29516 (10/POC-004716)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre as xestións levadas a cabo pola Xunta de Galicia diante do Goberno central para a constitución da comisión de cooperación prevista no Real decreto 675/2014, polo que se establecen as bases reguladoras das axudas para o impulso económico das comarcas mineiras do carbón mediante o desenvolvemento de proxectos de infraestruturas e de restauración das zonas degradadas a causa da actividade mineira, así como para a recuperación dos fondos Miner, anulados no ano 2011, e as actuacións previstas ao respecto
Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 29529 (10/POC-004717)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis
Sobre o modelo de xestión e o cronograma de construción previstos polo Goberno galego para o proxecto do novo aparcadoiro no novo Hospital de Montecelo, en Pontevedra, as súas intencións en relación coa externalización dalgún dos servizos de atención sanitaria e a situación dalgún servizo de carácter sociosanitario na ampliación dese hospital, así como a garantía do carácter e titularidade públicos dos seus servizos sanitarios e da súa atención só por persoal funcionario público
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 29541 (10/POC-004718)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e Santos Queiruga, Carmen
Sobre o coñecemento pola Xunta de Galicia da información do Goberno central referida aos posibles problemas de seguridade detectados na plataforma informática Lexnet en Galicia, así como as medidas adoptadas e previstas ao respecto
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 29548 (10/POC-004719)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para trasladar ás persoas afectadas a información necesaria en relación co proceso de concentración parcelaria decretado no ano 2000 no concello de Catoira, os atrancos que ocasionaron a súa interrupción, así como o investimento levado a cabo e previsto para a súa execución e as actuacións que vai desenvolver para o seu remate
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 29551 (10/POC-004720)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis
Sobre as razóns do Goberno galego para non executar a totalidade do orzamento destinado ás axudas de inclusión social de Galicia, os criterios seguidos para non incrementar na situación actual os recursos para ese fin e a situación na que se atopa o mecanismo de petición de información e documentación adicional ás persoas solicitantes, co fin de evitar posibles casos de indefensión
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 29563 (10/POC-004721)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca
Sobre a opinión da Xunta de Galicia referida á necesidade de aprobar unha lei de regularización da profesión e dos profesionais de Educación Social, as súas previsións respecto da integración deses profesionais no ensino obrigatorio de primaria e secundaria, así como no infantil, e a necesidade de establecer un convenio coas ANPA en relación coa introdución de contidos específicos
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 29570 (10/POC-004722)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca
Sobre as razóns da demora da Xunta de Galicia na atención das demandas do Colexio A Ramallosa, do concello de Teo, referidas ao acondicionamento do centro, a data prevista para a retirada do amianto do seu edificio, así como o número de colexios de Galicia nos que aínda hai ese material e a dispoñibilidade polo Goberno galego dun mapa dos edificios afectados
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 29612 (10/POC-004723)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre a opinión do Goberno galego respecto das sancións da Axencia Española de Protección de Datos por infracción da Lei orgánica 15/1999 na plataforma Lexnet da Administración de xustiza, a súa información en relación co número de cidadáns galegos afectados polos fallos producidos nela, e o prazo previsto para o desenvolvemento dunha auditoría externa propia que avalíe a súa implantación en Galicia
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 29617 (10/POC-004724)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen e Villares Naveira, Luis

Sobre o custo, desagregado por conceptos, da viaxe oficial ás illas Azores iniciada polo secretario xeral de Política Lingüística o día 19 de xullo de 2016, con motivo do cuadraxésimo aniversario das institucións de autogoberno dese arquipélago luso
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 29618 (10/POC-004725)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen e Villares Naveira, Luis
Sobre o custo, desagregado por conceptos, da viaxe oficial a Bos Aires iniciada polo conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, xunto co secretario xeral de Cultura e o secretario xeral de Política Lingüística, o día 4 de maio de 2017
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 29619 (10/POC-004726)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen e Villares Naveira, Luis
Sobre o custo, desagregado por conceptos, da viaxe oficial a París iniciada polo conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, xunto co secretario xeral de Política Lingüística e o director da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, o día 10 de abril de 2017
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 29623 (10/POC-004727)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre as xestións realizadas polo Goberno galego diante do Goberno central para incrementar a contía do Fondo de Compensación Interterritorial
Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 29635 (10/POC-004728)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a data prevista polo Goberno galego para a convocatoria da Comisión de seguimento do convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na Área Metropolitana de Vigo, así como as súas razóns para non tramitar a solicitude do Concello de Gondomar para a súa incorporación a ese tipo de transporte
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 29637 (10/POC-004729)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e 2 máis
Sobre a opinión e as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coas carencias de persoal detectadas no Hospital Comarcal de Monforte, as listas de espera non estruturais do centro e os datos referidos ás derivacións de doentes realizadas nel dende o ano 2013, así como a data prevista para a implantación do Servizo de Hemodinámica durante as 24 horas do día en Lugo e a recuperación da Área Sanitaria de Monforte con capacidade de xestión
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 29648 (10/POC-004730)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para o levantamento do veto á tramitación da Proposición de lei orgánica de transferencia da titularidade e das competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia, á vista da sentenza do Tribunal Constitucional referida á capacidade do Goberno central de vetar a tramitación de leis no Congreso dos Deputados ao abeiro do artigo 134 da Constitución española
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 29655 (10/POC-004731)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a valoración do Goberno galego en relación co estado de abandono e deterioración que presenta o parque forestal de Castiñeiras, nos concellos de Marín e Vilaboa, as razóns do incumprimento dos convenios asinados coas correspondentes comunidades de montes respecto do desenvolvemento de plans anuais de conservación e as súas previsións referidas á execución dalgunha actuación para a súa recuperación
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 29657 (10/POC-004732)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e 2 máis
Sobre as previsións do Goberno galego referidas á realización dalgunha xuntanza cos representantes dos axentes forestais e medioambientais para reabrir as negociacións e cumprir os acordos acadados
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 29660 (10/POC-004733)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula
Sobre as previsións do Goberno galego referidas á realización dalgunha xuntanza cos representantes dos axentes forestais e medioambientais para reabrir as negociacións e cumprir os acordos acadados
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 29666 (10/POC-004734)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a normativa susceptible de aplicación para a instalación de composteiros comunitarios, a autorización que debe tramitar o Concello de Pontevedra para ese fin e a valoración do Goberno galego en relación co Plan de compostaxe que están a impulsar a deputación provincial e numerosos concellos desa provincia, así como os seus plans para promover a compostaxe dos biorresiduos urbanos, o cumprimento das obrigas establecidas pola Unión Europea e o Plan estatal marco de xestión de residuos 2016-2022
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 29676 (10/POC-004735)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as razóns da demora e as previsións do Sergas respecto da recuperación dos acordos de mellora das condicións laborais e salariais do seu persoal suspendidos desde o ano 2010
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 29708 (10/POC-004736)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín e 2 máis
Sobre a valoración do Goberno galego referida ao desenvolvemento, ata o 31 de decembro de 2015, do plan piloto para aliviar a densidade de tráfico pesado da autovía A-55, que reducía a peaxe para os transportes pesados no tramo da AP-9 entre Puxeiros e O Porriño, as razóns para non levalo a cabo a partir de 2016 e as medidas previstas para ese fin
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 29713 (10/POC-004737)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio
Sobre a valoración e o coñecemento polo Goberno galego das razóns do Goberno central para demorar a ratificación do Convenio 188 da Organización Internacional do Traballo, relativo ao traballo no sector pesqueiro, así como as xestións levadas a cabo e previstas ao respecto
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 29726 (10/POC-004738)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a opinión e as medidas adoptadas ou previstas polo Goberno galego en relación coa instalación de cartelaría e sinaléctica con toponimia deturpada por parte do Goberno municipal de Ribeira
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 29732 (10/POC-004739)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa situación laboral do profesorado en Galicia, e as súas previsións respecto da apertura dunha negociación coas organizacións sindicais para recuperar os dereitos recortados nos últimos anos
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 29740 (10/POC-004740)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a planificación do Goberno galego para solucionar o déficit de profesionais existente no Sergas, as súas previsións respecto da demanda ao Goberno central do aumento do número de prazas para adaptar as de formación polo sistema de residencia MIR e EIR que se ofertan en Galicia ás ne-

cesidades reais do Sergas, así como a presentación dun plan de estabilidade no emprego para a súa negociación na Mesa sectorial
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 29749 (10/POC-004741)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as actuacións que está a levar a cabo e as previstas polo Goberno galego para garantir a viabilidade dunhas pensións dignas e mellorar o nivel que presentan en Galicia en relación co resto do Estado, así como a súa opinión sobre a súa contía actual e a incidencia para as persoas galegas xubiladas das medidas impulsadas polo Goberno central
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 29753 (10/POC-004742)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a valoración da Xunta de Galicia acerca da situación na que se atopan o sector galego do teatro e o Centro Dramático Galego, así como as actuacións previstas para atender as demandas ao respecto
Comisión 4ª, Educación e Cultura

**Asignación nova Comisión e publicación do acordo**

- 28741 - 29559 (10/POC-004612)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis
Sobre o coñecemento polo Goberno galego da situación na que se atopan o Centro de Menores Avelino Montero, de Pontevedra, e os menores usuarios do centro como consecuencia das deficiencias existentes nas súas instalacións e a carencia do persoal necesario, así como as súas razóns para reducir a tres os seus vixilantes de seguridade
BOPG nº 289, do 11.04.2018

A Mesa admite a corrección formulada no doc. núm. 29559, e acorda a reasignación, á Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior e a publicación do acordo.

**Admisión da corrección e publicación**

- 29304 – 29475 (10/POC-004690)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e 2 máis
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia dos recursos destinados á I+D+i, a súa valoración en relación coa situación en que se atopa Galicia en relación cos indicadores fixados pola Comisión Europea, así como as súas razóns para deixar sen executar 215 millóns de euros na I+D+i no período 2009-2017
BOPG nº 293, do 18.04.2018

A Mesa admite a corrección formulada no doc. núm. 29475.

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2018
Diego Calvo Pouso
Vicepresidente 1º

# 3. Administración do Parlamento de Galicia

## 3.2. Recursos humanos

### Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 23 de abril de 2018, polo que se anuncia a convocatoria de probas selectivas para ingresar por promoción interna nunha praza do corpo superior do Parlamento de Galicia

De conformidade coas medidas de planificación dos recursos humanos para o ano 2017 adoptadas pola Mesa do Parlamento de Galicia e acordadas na Mesa de Negociación, entre as que se inclúe proceder á convocatoria de probas selectivas para ingresar por promoción interna nunha praza do corpo superior do Parlamento de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 30.1.2 e 60.3 do Regulamento do Parlamento de Galicia e 16 do seu estatuto de persoal, a Mesa do Parlamento de Galicia, mediante acordo, aprobou as seguintes bases que rexerán as probas selectivas para o ingreso nas devanditas prazas.

**Bases**

Primeira. *Normas xerais*

1. Características da praza.

Convócase proceso selectivo para ingresar nunha praza do corpo superior do Parlamento de Galicia, grupo A.

2. Procedemento de selección.

Ao abeiro do establecido no artigo 55 do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia, o sistema de selección será o de concurso-oposición.

3. Incompatibilidades.

A praza está sometida ao réxime xeral de incompatibilidades establecido no Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia.

Segunda. *Requisitos dos e das aspirantes*

1. Xerais.

Para seren admitidas á realización das probas selectivas, as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Pertencer ao corpo de xestión do Parlamento de Galicia e ter unha antigüidade neste corpo de, polo menos, dous anos.

b) Titulación: estar en posesión ou en condición de obter a titulación de doutor/a, licenciado/a, enxeñeiro/a, arquitecto/a ou equivalente.

c) Non exceder a idade de xubilación forzosa.

d) Non padecer enfermidade ou discapacidade que impida o desempeño das funcións correspondentes.

e) Non ter sido obxecto dunha separación de servizo mediante un expediente disciplinario nin dunha inhabilitación con carácter firme para o exercicio de funcións públicas.

2. Concorrencia.

Os requisitos establecidos no punto anterior deberán cumprirse no último día de prazo de presentación de solicitudes e manterse ata o momento do nomeamento como funcionario de carreira do corpo a que pertence a praza resultante deste proceso.

Terceira. *Solicitudes*

1. Forma.

Quen desexe tomar parte nas probas selectivas deberá formular a súa solicitude segundo o modelo que figura como anexo I, que tamén estará dispoñible na páxina web do Parlamento de Galicia. Xunto coa solicitude presentarase a seguinte documentación:

a) Un xustificante de ter aboados os dereitos de exame ou, no seu defecto, a documentación acreditativa de se encontrar nalgunha das situacións a que fai referencia esta convocatoria susceptibles da exención do pagamento.

b) A declaración de que non se atopa separado/a a través de expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública nin de estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas, así como de non padecer enfermidade ou discapacidade que impida o desempeño das correspondentes funcións (anexo III).

c) O documento xustificativo orixinal ou a fotocopia debidamente compulsada de estar en posesión do curso de Celga 4 ou de perfeccionamento de coñecemento da Lingua Galega, ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, para os efectos da exención prevista no terceiro exercicio.

d) A documentación acreditativa dos méritos alegados na fase de concurso.

2. Destinatario, prazo e lugar de presentación.

As solicitudes dirixiranse á Presidencia do Parlamento de Galicia. O prazo de presentación será de vinte días naturais, que se contarán a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

A presentación de solicitudes farase no Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia, sito na rúa do Hórreo, en Santiago de Compostela, ou por calquera dos medios establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. Dereitos de exame.

O seu importe, de 41,15 euros, acreditarase xuntando á solicitude para participar nas probas selectivas o xustificante do ingreso realizado mediante transferencia bancaria na conta corrente de Abanca ES 50 2080 0388 21 3110000502, no cal se indicará: «Taxas selección CS», o documento nacional de identidade e mais o nome da persoa aspirante.

Ás persoas aspirantes excluídas devolveráselles o importe ingresado, sempre que o soliciten no prazo dun mes, contado desde a publicación da relación definitiva de admitidos e excluídos no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Non obstante, estará exento do pagamento da taxa dos dereitos de exame quen estea incurso nalgunha das situacións a que fai referencia a normativa vixente en materia de taxas da Comunidade Autónoma de Galicia.

4. Discapacidades.

As persoas aspirantes cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 % deberán indicalo na solicitude, especificando claramente o tanto por cento de discapacidade recoñecida polo órgano competente, e deberán solicitar as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización dos exercicios en que esta adaptación sexa necesaria.

Cuarta. *Admisión de aspirantes*

Relacións de admitidos e admitidas así como de excluídos excluídas.

Logo de rematar o prazo de presentación de solicitudes, a Presidencia ditará unha resolución na que se declarará aprobada a relación provisional de persoas admitidas e excluídas, con indicación dos apelidos, o nome e o número de documento nacional de identidade, xunto coa motivación da exclusión, se é o caso. Esta resolución publicarase no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, así como na páxina web do Parlamento de Galicia (www.parlamentodegalicia.es).

As persoas aspirantes excluídas dispoñerán dun prazo de dez días, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia,* para poderen emendar, de ser o caso, o defecto que motivase a exclusión. Para tal efecto, a estimación ou desestimación destas peticións de emenda entenderase implícita na resolución pola que se determine a relación definitiva de admitidos/as e excluídos/as.

Ao transcorrer o dito prazo, a Presidencia ditará unha resolución definitiva, contra a que se pode interpoñer recurso potestativo de reposición ante este órgano no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, ou poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. A resolución definitiva será obxecto da mesma publicidade ca a provisional.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos exixidos nestas bases. Cando da documentación que deba presentarse, no caso de superar o proceso selectivo, se desprenda que non posúe algún dos requisitos, o/a interesado/a decaerá en todos os dereitos que poidan derivar da súa participación neste procedemento.

Quinta. *Tribunal cualificador*

1. Composición.

O tribunal cualificador das probas selectivas será designado pola Presidencia da Cámara de acordo coa normativa reguladora da función pública aplicable nesta materia, e non poderá estar composto maioritariamente por persoal do corpo ou escala de que se trate. Ningunha persoa integrante terá titulación inferior á exixida para a admisión ás probas. Na súa composición débese atender aos principios de imparcialidade e profesionalidade e ás normas de igualdade de mulleres e homes.

O tribunal poderá acordar, para os seus traballos, solicitar á Oficialia Maior a incorporación de asesores e asesoras especialistas para as probas correspondentes aos exercicios que coide necesario, que se limitarán a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas. A designación de tales persoas asesoras deberáselle comunicar á Presidencia do Parlamento de Galicia.

2. Abstención e recusación.

Os membros do tribunal deberán absterse ou poderán ser recusados por calquera persoa interesada, e particularmente polos e polas aspirantes, cando concorra algún dos supostos previstos nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de réxime xurídico do sector público, ou se realizasen tarefas de preparación de aspirantes relativas a procesos selectivos de acceso ao corpo e escala a que corresponde a praza obxecto desta convocatoria nos cinco anos anteriores ao da publicación desta convocatoria. Neste caso, deberanllo comunicar á Presidencia do Parlamento. Cando se produza esta situación, e consecuentemente a vacante dun membro do tribunal titular, o seu suplente cubrirá o devandito posto e a Presidencia designará un novo ou nova suplente.

A presidenta ou o presidente, na sesión de constitución do tribunal, solicitará dos membros do tribunal unha declaración expresa de non se encontrar incursos nas circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de réxime xurídico do sector público, ou na prevista nestas bases.

3. Constitución e actuación.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia da maioría dos seus membros e será necesaria, en todo caso, a presenza do presidente ou da presidenta e do secretario ou da secretaria.

As decisións adoptaranse por maioría dos presentes.
O primeiro exercicio realizarase no prazo máximo de corenta días hábiles desde a constitución do tribunal que xulgue as probas.

Por cada sesión do tribunal redactarase a acta coa sinatura do secretario ou da secretaria e o visto e prace do presidente ou da presidenta.

En ningún caso o tribunal poderá aprobar nin declarar que superou o proceso selectivo un número superior de aspirantes ao da praza convocada. Será nula de pleno dereito calquera proposta de aprobados que o contraveña.

Sexta. *Proceso de selección*

O proceso de selección será o de concurso-oposición.

1. Fase de oposición.

Os temas que rexerán as probas selectivas serán os publicados como anexo II a estas bases.

1.1. Exercicios.

Primeiro exercicio. Consistirá en contestar por escrito un cuestionario de cincuenta (50) preguntas referido ao temario que se inclúe nesta convocatoria. O cuestionario estará composto por preguntas con tres respostas alternativas, das cales só unha delas será correcta.

No test poderán poñerse ata cinco preguntas máis de reserva para o caso de que se anule algunha das mencionadas anteriormente. Por cada pregunta incorrecta non se descontará ningunha resposta correcta. O tempo máximo de duración desta proba será dunha hora e valorarase de 0 a 20 puntos.

Segundo exercicio. Terá dúas partes diferenciadas:

Primeira. Desenvolver por escrito, durante un tempo máximo de dúas horas, dous temas que se elixirán entre catro sacados por sorteo polo tribunal.
Esta proba valorarase de 0 a 20 puntos. Correspóndelle ao tribunal determinar a súa puntuación atendendo aos coñecementos, á claridade, á orde de ideas e á calidade da expresión escrita.

Segunda. Consistirá na resolución dun suposto práctico, que elixirán as persoas aspirantes entre dous propostos polo tribunal, e no que se suscitarán cuestións diversas relacionadas proporcionalmente cos distintos contidos do programa, durante un tempo máximo de tres horas. Esta proba valorarase de 0 a 20 puntos.

O tribunal poderá determinar a realización dos dous exercicios na mesma sesión, sen prexuízo de que poida dispoñer a realización dunha pausa entre un e outro exercicio.

Terceiro exercicio. Consistirá na realización de dúas traducións, unha do castelán ao galego e outra do galego ao castelán, durante o prazo máximo dunha hora.

Este exercicio cualificarase como apto ou non apto. Están exentos da realización deste terceiro exercicio os e as aspirantes que acrediten a posesión do Celga 4 ou curso de perfeccionamento de coñecemento da Lingua Galega, ou a correspondente validación expedida polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia.

As cualificacións de cada un dos exercicios publicaranse na páxina web e no taboleiro de anuncios da Cámara.

A cualificación final da oposición virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nos diferentes exercicios.

Para superar a fase da oposición será preciso acadar, polo menos, 30 puntos nos exercicios obrigatorios e ter, de ser o caso, a cualificación de apto no terceiro exercicio.

Correspóndelle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos exixidos para acadar esta puntuación mínima.

1.2. Unha vez rematada a corrección da totalidade dos exercicios, a puntuación da fase de oposición publicarase no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web do Parlamento de Galicia (www.parlamentodegalicia.es). Concederase, a partir dese momento, un prazo de dez días para que os e as aspirantes fagan ante o tribunal as alegacións que xulguen oportunas.

1.3. Os e as aspirantes deberán presentarse, para a realización de cada exercicio, provistos/as do documento nacional de identidade ou dun documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal. Así mesmo, deberán levar bolígrafo azul ou negro.

1.4. Os exercicios realizaranse a porta pechada sen outra asistencia ca a dos/das aspirantes, os membros do tribunal e as e os colaboradores, se é o caso, designados por este.

1.5. Os e as aspirantes non poderán acudir ao recinto do exame provistos de teléfono móbil, obxectos ou demais dispositivos de carácter electrónico.

2. Fase de concurso.

2.1. A fase de concurso consistirá en valorarlles aos e ás aspirantes que superen a fase de oposición os seguintes méritos:

a) Antigüidade, ata un máximo de 6 puntos:

1. Polos servizos prestados como funcionario ou funcionaria de carreira do grupo B da Administración parlamentaria 0,019 puntos/mes. Para estes efectos, considéranse servizos prestados o tempo de gozo da excedencia para o coidado de fillos e fillas e familiares.

2. Polos servizos prestados como funcionario ou funcionaria de carreira do grupo B doutras administracións públicas: 0,010 puntos/mes. Para estes efectos, considéranse servizos prestados o tempo de gozo da excedencia por coidado de fillos e fillas e familiares.

b) Traballo desenvolvido na Administración parlamentaria en anteriores postos en materias relacionadas co posto a que optan, ata un máximo de 2 puntos; 0,010 puntos por mes.

c) Grao persoal consolidado, ata un máximo de 2 puntos, do seguinte xeito:

— Nivel 20: 0,80 puntos.
— Por cada unidade máis: 0,20 puntos.

d) Exercicio de dereitos de conciliación nos cinco anos anteriores á data de publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*, ata un máximo de 0,5 puntos:

— Licenza de maternidade: 0,20 puntos/licenza.
— Permiso de paternidade: 0,20 puntos/permiso.
— Redución de xornada prevista no artigo 59.1.f) do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia: 0,20 puntos. Para estes efectos, só se computará unha redución por ano.
— Excedencia para coidado de fillos e fillas e familiares: 0,04 puntos/mes.

e) Formación, ata un máximo de 2,5 puntos:

Pola realización de cursos de formación impartidos por escolas oficiais de formación das comunidades autónomas, universidades, administracións públicas ou por outras entidades, sempre que neste último caso os cursos conten cunha homologación oficial.

Para estes efectos, valoraranse os cursos realizados sobre biblioteconomía, documentación, arquivos, procedemento administrativo, contratación administrativa, xestión administrativa, persoal, igualdade, dereito sancionador, responsabilidade patrimonial, linguaxe administrativa, informática, lingua galega, idiomas oficiais da Unión Europea e calquera outra materia relacionada coas funcións propias destes postos de traballo.

A valoración dos cursos farase de acordo cos seguintes criterios:

— Por cada curso igual ou superior a 12 horas lectivas e ata 39 horas lectivas: 0,30 puntos por curso.
— Por cada curso igual ou superior a 40 horas lectivas e ata 74 horas lectivas: 0,50 puntos por curso.
— Por cada curso igual ou superior a 75 horas lectivas: 1 punto por curso.

Non se valorarán os cursos que non acrediten as horas de duración, nin os cursos inferiores a 12 horas lectivas, nin os diplomas relativos a xornadas, seminarios, simposios e similares.

2.2. A puntuación máxima da fase de concurso será de 12 puntos.

En ningún caso a puntuación obtida na fase de concurso poderá aplicarse para superar a fase da oposición.

2.3. A documentación acreditativa dos méritos alegada nos puntos anteriores deberase referir á data de publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

2.4. As puntuacións obtidas na fase de concurso faranse públicas no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, no taboleiro de anuncios do Parlamento de Galicia e na páxina web do Parlamento de Galicia, con posterioridade á publicación das cualificacións do último exercicio da fase de oposición, no caso de ter que se realizar este.

2.5. Os méritos a que se refiren os puntos 2.1.a) deberán xuntarse á instancia e acreditarse coa seguinte documentación:

1. No caso de servizos prestados no Parlamento de Galicia, unha certificación da unidade administrativa do Parlamento de Galicia competente en materia de recursos humanos.

2. No caso de servizos prestados noutras administracións públicas, mediante unha certificación da unidade de persoal do organismo correspondente.

Xunto co certificado achegarase a documentación acreditativa debidamente compulsada dos méritos nel reflectidos, entre a cal se atopará o nomeamento como persoal funcionario, como interino ou como contratado administrativo, ou o contrato laboral.

Non se terán en conta as certificacións que non se axusten ao establecido neste punto ou as que, en calquera caso, non xunten a documentación acreditativa dos méritos reflectidos na certificación.

2.6. Os méritos a que se refiren os puntos 2.1.b) deberán manifestarse e acreditarse mediante certificación expedida pola xefatura da unidade administrativa correspondente, e os méritos a que se refiren os puntos 2.1.c) e 2.1.d) deberán manifestarse na solicitude e acreditaranse mediante unha certificación expedida pola unidade administrativa competente en materia de recursos humanos do Parlamento de Galicia.

2.7. Os méritos a que se refiren o punto 2.1.e) deberán xuntarse á instancia e acreditaranse mediante unha copia compulsada do título ou diploma acreditativo.

Os e as aspirantes dispoñerán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da relación provisional, para efectuar ante o tribunal as alegacións que coiden oportunas respecto da puntuación outorgada na fase de concurso.

Sétima. *Desenvolvemento dos exercicios*

1. Os exercicios distribuiranse en galego. Porén, tamén se lles distribuirán en castelán ás persoas aspirantes que así o soliciten.

2. En calquera momento as e os aspirantes poderán ser requiridos polo tribunal coa finalidade de acreditar a súa identidade.

3. En calquera momento do proceso selectivo, se o tribunal ten coñecemento de que algún ou algunha aspirante non cumpre algún dos requisitos exixidos pola convocatoria, logo da audiencia da persoa interesada, deberá acordar a súa exclusión, de proceder.

4. Os e as aspirantes serán convocados para cada exercicio nun único chamamento, e será excluído da oposición quen non compareza.

5. A publicación do anuncio de realización do segundo e sucesivos exercicios será efectuada polo tribunal, na páxina web do Parlamento de Galicia, con corenta e oito horas, polo menos, de antelación á sinalada para a súa iniciación.

Oitava. *Lista de aprobados*

Rematadas as probas, o tribunal sumará os resultados obtidos por cada aspirante nas fases de concurso e oposición, que serán publicados no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, e elevaralle á Mesa do Parlamento unha proposta en favor do ou da aspirante que obtivese a maior puntuación.

No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes, aquel resolverase a favor do ou da aspirante que obtivese a puntuación máis alta no primeiro exercicio. De continuar o empate, resolverase acudindo ao resultado obtido no segundo exercicio, suma das dúas probas realizadas. E de persistir o empate, resolverase acudindo á puntuación obtida na fase de concurso.

Novena. *Presentación de documentos*

1. O ou a aspirante que superase o proceso selectivo deberá presentar, sempre que non conste en poder da Administración parlamentaria, ante a Presidencia do Parlamento, no prazo de vinte días naturais desde que se faga público o acordo de aprobación pola Mesa do Parlamento de Galicia, a seguinte documentación: a fotocopia compulsada do título exixido na base 2.1.b) ou a certificación académica co xustificante do aboamento dos dereitos de expedición do título.

2. Se dentro do prazo fixado, e agás os casos de forza maior libremente apreciados polo letrado oficial maior, non presenta a documentación, ou se do exame dela se deduce que carece dalgún dos requisitos sinalados na base segunda, aquel ou aquela non poderá ser promovido/a e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que poida incorrer por falsidade na solicitude inicial.

Décima. *Nomeamento*

Unha vez presentados os documentos, de ser o caso, aos que fai referencia a base anterior, a Presidencia procederá ao nomeamento do ou da aspirante que superase o proceso selectivo como persoal funcionario do corpo superior do Parlamento de Galicia, que se publicará no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e no *Diario Oficial de Galicia*.

Posteriormente, deberá tomar posesión do posto que se lle asigne dentro do prazo dun mes desde a notificación do nomeamento.

Décimo primeira. *Cláusula derradeira*

Contra esta convocatoria, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, potestativamente, un recurso de reposición, ante a Mesa do Parlamento de Galicia, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, ou directamente un recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da súa publicación segundo o artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

**Anexo I**

**SOLICITUDE DE ADMISIÓN A PROCESO SELECTIVO** Selo do Rexistro

**DENOMINACIÓN DA PRAZA: Corpo superior do Parlamento de Galicia**

Datos persoais:

| | | |
|---|---|---|
| *Primeiro apelido* | *Segundo apelido* | |
| *Nome* | *DNI* | |
| *Concello* | *Provincia* | *Nacionalidade* |
| *Enderezo (lugar/rúa, praza, número)* | *Localidade* | *Código postal* |
| *Provincia* | *Teléfono 1* | *Teléfono 2* |
| *Correo electrónico:* | | |

| | |
|---|---|
| *Discapacidade: %* | *Adaptación:* |

Antigüidade e traballo desenvolvido

| *Denominación do posto* | *Administración /unidade administrativa* | *Grupo* | *Nivel* | *Desde* | *Ata* |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |

Grao persoal consolidado:

Exercicio de dereitos de conciliación

| *Tipo de licenza, permiso, redución ou excedencia* | *Desde* | *Ata* |
|---|---|---|
| | | |
| | | |
| | | |

Formación:

| *Título do curso* | *Horas* | *Centro de expedición* |
|---|---|---|
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |

A persoa que asina **SOLICITA** ser admitida no proceso selectivo a que fai referencia esta solicitude e **DECLARA** que son certos os datos consignados nela e que reúne as condicións exixidas para o ingreso no corpo superior do Parlamento de Galicia e as especialmente sinaladas na convocatoria, e comprométese a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude.

(En cumprimento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, informámola de que os seus datos persoais serán incorporados a un ficheiro do que será titular o centro xestor do proceso de selección e de que poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o precitado centro.)

Santiago de Compostela, ............ de ................................de 2018

*(Sinatura)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

## Anexo II

### TEMARIO CORPO SUPERIOR ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

FONTES DE DEREITO

1. As fontes do dereito. A lei. O seu procedemento de elaboración. As leis orgánicas. As disposicións do Goberno con forza de lei: decretos leis e decretos lexislativos. Os tratados internacionais. O dereito da Unión Europea. Outras fontes.

DEREITO CONSTITUCIONAL E INSTITUCIÓNS

2. A Constitución española de 1978. Estrutura e principios básicos. A reforma da Constitución.

3. Dereitos fundamentais e liberdades públicas. Dereitos e deberes dos cidadáns. Sistemas de protección dos dereitos e liberdades.

4. As institucións básicas do Estado (1). A Coroa. As Cortes Xerais: elección, composición e funcións do Congreso dos Deputados e do Senado. O Goberno: organización, estrutura e funcións.

5. As institucións básicas do Estado (2). O poder xudicial: configuración constitucional; o Consello Xeral do Poder Xudicial, o Tribunal Supremo, o Ministerio Fiscal, os tribunais superiores de xustiza. O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. A Fiscalía Superior da Comunidade Autónoma de Galicia.

6. As institucións básicas do Estado (3). O Tribunal Constitucional, composición, competencias, organización e funcións. O control de constitucionalidade das normas con forza de lei. O recurso de inconstitucionalidade e a cuestión de inconstitucionalidade. O recurso de amparo. Os conflitos de competencias. A participación da Comunidade Autónoma na composición do Tribunal Constitucional.

7. A organización territorial do Estado. Os estatutos de autonomía. A organización institucional das comunidades autónomas. A delimitación de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas. Relacións de cooperación e de coordinación e sistema de resolución de conflitos.

8. A Administración xeral do Estado. Órganos superiores e directivos: ministros, secretarios de estado, subsecretarios, secretarios xerais, secretarios xerais técnicos, directores xerais e subdirectores xerais. Órganos territoriais: delegados e subdelegados do Goberno. A Delegación do Goberno na Comunidade Autónoma de Galicia.

9. A Administración local. O municipio. A provincia. A organización municipal e provincial. Outras entidades locais.

DEREITO COMUNITARIO E INSTITUCIÓNS EUROPEAS

10. Fontes do dereito comunitario. Regulamentos, directivas e decisións. As recomendacións e os ditames. Sistema de atribución de competencias á Unión europea e as competencias dos estados

membros. Especial referencia ás relacións entre o Estado e as comunidades autónomas na aplicación do dereito comunitario.

11. As institucións da Unión Europea. O Parlamento Europeo. O Consello Europeo. A Comisión Europea. O Alto Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade. O Tribunal de Xustiza. O Tribunal de Contas. O Comité Económico e Social. O Comité das Rexións. Outras institucións e órganos.

12. Os parlamentos nacionais e autonómicos na Unión Europea. Funcións no proceso de toma de decisións da Unión. Control da adecuación das propostas lexislativas aos principios de subsidiariedade e proporcionalidade. A Comisión Mixta para a Unión Europea das Cortes Xerais. A participación do Parlamento de Galicia no proceso e o seu procedemento.

DEREITO AUTONÓMICO E INSTITUCIÓNS PÚBLICAS DE GALICIA

13. A autonomía galega. O Estatuto de autonomía de Galicia: estrutura, contido e natureza xurídica. O Estatuto como norma autonómica e como norma do Estado. A reforma do Estatuto.

14. Ordenamento xurídico de Galicia: leis de Galicia. Decretos lexislativos. Regulamentos. O réxime xurídico do exercicio das competencias autonómicas. Aplicación do dereito galego.

15. Bases fundamentais da autonomía galega. O territorio. Os símbolos. O recoñecemento da galeguidade. A condición de galego. Os dereitos dos cidadáns galegos e as súas garantías. Os dereitos lingüísticos dos cidadáns galegos.

16. Organización política da Comunidade Autónoma de Galicia. As institucións de autogoberno de Galicia.

17. O/A presidente/a da Xunta. Estatuto, mandato e competencias. A Xunta de Galicia. Composición, estrutura e funcionamento. Os conselleiros e as conselleiras: competencias, designación, estatuto, mandato, responsabilidade e cesamento.

18. A organización administrativa da Comunidade Autónoma. Principios estatutarios e legais de organización administrativa. A organización da Administración xeral da Comunidade Autónoma: órganos directivos, órganos territoriais e unidades administrativas. As corporacións de dereito público de Galicia. As entidades instrumentais do sector público autonómico. O exercicio da potestade regulamentaria pola Administración e do Goberno de Galicia. A acción exterior da Xunta de Galicia. Lei 16/ 2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

19. Outras institucións e órganos e a súa relación co Parlamento de Galicia. O Consello de Contas: composición, competencias e funcións. Os senadores representantes da Comunidade Autónoma de Galicia no Senado. O Valedor do Pobo: competencias e funcións.

20. Outras institucións e órganos e a súa relación co Parlamento de Galicia. O Consello da Cultura Galega. O Consello Galego de Universidades. O Consello Universitario de Galicia. Os consellos so-

ciais das universidades. A Corporación Radio e Televisión de Galicia. O Consello Económico e Social. O Consello Consultivo de Galicia.

21. As competencias da Comunidade Autónoma de Galicia no Estatuto de autonomía: exclusivas, concorrentes e de execución da lexislación do Estado. A Comisión Mixta de Traspasos.

PARTICIPACIÓN POLÍTICA E SISTEMA ELECTORAL

22. Os dereitos de participación política. As eleccións. O referendo. Os partidos políticos, estatuto e financiamento. A participación cidadá na actividade das cámaras lexislativas. O dereito de petición.

23. O sistema electoral español. A Lei orgánica de réxime electoral xeral e outras fontes normativas. As eleccións ao Congreso dos Deputados e o Senado. As eleccións ás asembleas lexislativas das comunidades autónomas. A elección das entidades locais. O sistema electoral para as eleccións ao Parlamento Europeo. A Administración electoral. Natureza, caracteres, composición, organización e funcionamento. A Xunta Electoral Central. As xuntas provinciais e de zona. As mesas e seccións electorais.

24. O sistema electoral galego. A Lei de eleccións ao Parlamento de Galicia e outras fontes normativas. A capacidade electoral pasiva e as causas de inelixibilidade. Capacidade electoral activa. O censo electoral: contido, estrutura, vixencia, rectificación e acceso. A Oficina do Censo Electoral. A Xunta Electoral de Galicia: composición e designación; funcións; organización e funcionamento. O apoio persoal e material da Administración parlamentaria á Xunta Electoral de Galicia.

25. O procedemento electoral. A convocatoria das eleccións. As candidaturas: presentación e proclamación. Os recursos contra a proclamación das candidaturas. A campaña electoral: réxime xeral. A propaganda electoral. A utilización de medios de comunicación social de titularidade privada e pública. Órganos competentes e de apoio para a distribución de espazos electorais: a Comisión de Control. As enquisas electorais. A constitución das mesas electorais. Sobres e papeletas. Apoderados e interventores. A votación: en especial a votación por correo. O escrutinio: escrutinio nas mesas e escrutinio xeral. A proclamación de electos.

26. Os gastos electorais e de funcionamento das formacións políticas. A lei galega de financiamento das formacións políticas. Os administradores electorais. As subvencións electorais. O control e a fiscalización dos gastos electorais. As garantías do proceso electoral. Os delitos e as infraccións electorais. Os recursos incidentais durante o proceso. As competencias das xuntas electorais e dos tribunais ordinarios. O procedemento contencioso-electoral. O recurso de amparo electoral.

O PARLAMENTO DE GALICIA

27. As fontes do dereito parlamentario. A Constitución. O Estatuto de autonomía de Galicia. Regulamento do Parlamento de Galicia: estrutura e interpretación. Acordos interpretativos e normas complementarias. Outras fontes. Normas de réxime interior relativas á organización e ao funcionamento do Parlamento. Os precedentes, os usos e os costumes parlamentarios.

28. A sesión constitutiva do Parlamento de Galicia. A convocatoria e o desenvolvemento da sesión constitutiva. A Mesa de Idade. A elección da Mesa do Parlamento. A sesión solemne de apertura da lexislatura. A disolución do Parlamento.

29. O Estatuto dos deputados e das deputadas (1). A adquisición da condición plena. A presentación da credencial. A declaración de incompatibilidades. O xuramento ou a promesa. O Rexistro de Intereses da Cámara.

30. O Estatuto dos deputados e das deputadas (2). Prerrogativas e dereitos. A inviolabilidade. A inmunidade. O dereito de asistencia. O dereito a integrarse en comisións. O dereito de información. Os dereitos económicos, de protección social e de asistencia material. A salvagarda dos dereitos polo presidente ou a presidenta da Cámara.

31. O Estatuto dos deputados e das deputadas (3). Deberes. O deber de asistencia. O deber de boa conducta. O deber de realizar declaración de bens e actividades. O deber de observar as normas sobre incompatibilidades. A disciplina parlamentaria. Obrigas e sancións. A suspensión. A perda da condición.

32. Os grupos parlamentarios. Constitución, composición e funcionamento. O Grupo Parlamentario Mixto. Singularidades na composición dos grupos parlamentarios. Os medios materiais postos á disposición dos grupos. O financiamento dos grupos e a publicidade (publicación no Portal de transparencia do balance e conta de resultados) e control externo das subvencións (rendición de contas dos grupos parlamentarios ante o Tribunal).

33. Os órganos de goberno (1). A Mesa. Composición, elección e funcionamento. Funcións normativas. Funcións administrativas. Funcións cualificativas. Funcións organizativas. Funcións residuais.

34. Os órganos goberno (2). A Presidencia. Funcións xerais. Funcións residuais. O réxime de suplencia.

35. Os órganos goberno (3). A Xunta de Portavoces. Composición. Funcións. Funcionamento.

36. Os órganos funcionais (1). O Pleno. Composición. Convocatoria. A publicidade plenaria. A fe pública das sesións plenarias. A execución dos acordos.

37. Os órganos funcionais (2). A Deputación Permanente. Funcións. Composición. Réxime de funcionamento. A execución e a dación de contas dos acordos.

38. Os órganos funcionais (3). As comisións. Composición. Constitución. Presidencia e Mesa. Competencias. Réxime de funcionamento. Duración dos traballos. As ponencias e os grupos de traballo.

39. Os órganos funcionais (3). As Comisións. Tipoloxía. As comisións permanentes lexislativas. Enumeración. Especificidades.

40. Os órganos funcionais (3). As Comisións. As comisións permanentes non lexislativas. Especificidades na súa composición e funcionamento. Enumeración. A creación de comisións para unha lexislatura.

41. As comisións especiais: comisións de estudo e comisións de investigación. Creación. Especificidades na súa composición, competencias e réxime de funcionamento.

42. O funcionamento do Parlamento (1). A programación do traballo parlamentario. Os períodos de sesións. Calendarios. A repartición proporcional da inclusión de iniciativas.

43. O funcionamento do Parlamento (2). O desenvolvemento das sesións. A deliberación e os acordos parlamentarios. A fixación da orde do día. Alteración da orde do día. Os debates. As alusións. As chamadas ao cumprimento do Regulamento. O dereito de réplica. As facultades moderadoras da Presidencia. As votacións. O quórum legal. A orde parlamentaria nos debates. A chamada á orde. As chamadas á cuestión. Definición. Sanción. A orde no recinto parlamentario. Principio xeral. Ámbito do poder disciplinario. Poderes de policía nas sesións. A orde nas tribunas. Condutas punibles. Medidas adoptables. O desenvolvemento das votacións. Clases. Os empates. A explicación do voto.

44. O funcionamento do Parlamento (3). A publicidade da actividade do Parlamento. As publicacións oficiais. A páxina web. O portal de transparencia.

45. A participación cidadá na actividade do Parlamento. As proposicións de lei iniciativa popular. As proposicións non de lei de iniciativa popular. As preguntas da cidadanía. O dereito de petición. Os procedementos relativos á participación cidadá e ao dereito de petición. A Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia.

46. A actividade exterior do Parlamento. A Conferencia de Asembleas Lexislativas Rexionais de Europa (CALRE): organización e funcionamento. A Conferencia de Presidentes e Presidentas de Parlamentos Autonómicos do Estado Español (Coprepa): organización e funcionamento.

47. Os procedementos parlamentarios (1). Os procedementos de natureza normativa (1). O procedemento lexislativo ordinario. A iniciativa lexislativa. A tramitación dos proxectos de lei e das proposicións de lei.

48. Os procedementos parlamentarios (2). Os procedementos de natureza normativa (2). Os procedementos lexislativos especiais (A). As leis de desenvolvemento básico do Estatuto de autonomía. A iniciativa. O procedemento. A reforma do Estatuto de Galicia. O proxecto de lei de orzamentos anual. Marco de tramitación. Debate e aprobación.

49. Os procedementos parlamentarios (3). Os procedementos de natureza normativa (3). Os procedementos lexislativos especiais (B). A tramitación dun proxecto de lei en lectura única. Substanciación. Aprobación. A competencia lexislativa plena das comisións. Iniciativa. Substanciación. Aprobación.

50. Os procedementos parlamentarios (4). Os procedementos de natureza normativa (4). Outras propostas de normas. Procedemento de reforma da Constitución. Procedemento de reforma do Estatuto de autonomía. Proposicións de reforma do Regulamento do Parlamento. Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia. Procedemento de revisión do dereito civil de Galicia. Convenios de cooperación con outras comunidades autónomas.

51. Os procedementos parlamentarios (5). A Xunta como destinataria da confianza parlamentaria. A investidura. Concepto. Substanciación. A moción de censura. Concepto. Substanciación. A cuestión de confianza. Concepto. Procedemento. Votación.

52. Os procedementos parlamentarios (6). Os procedementos de control e impulso (1). O control das disposicións da Xunta de Galicia con forza de lei. A delegación lexislativa na Comunidade Autónoma de Galicia. Procedemento. As comunicacións da Xunta de Galicia. O debate de política xeral. Exame de programas e plans.

53. Os procedementos parlamentarios (7). Os procedementos de control e impulso (2). As proposicións non de lei. Concepto. Suxeitos. Obxecto. Procedemento. A cualificación pola Mesa do Parlamento. Emendas. Inclusión na orde do día. Debate. As mocións. Concepto. Suxeitos. Obxecto. Procedemento. A cualificación pola Mesa do Parlamento. Emendas. Inclusión na orde do día. Debate.

54. Os procedementos parlamentarios (8). Os procedementos de control económico e orzamentario. Os informes anuais de fiscalización das contas do sector público de Galicia. Os informes de fiscalización selectivos. O Informe de fiscalización dos gastos electorais. A Conta xeral da Administración da Comunidade Autónoma. Os informes sobre o estado de execución do orzamento. As modificacións orzamentarias. O Plan económico-financeiro específico vixente das consellarías, os organismos autónomos e as sociedades públicas. A información sobre os préstamos e avais do Instituto Galego de Promoción Económica. O límite de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma.

55. Os procedementos parlamentarios (9). Os procedementos de información. As informacións remitidas pola Xunta de Galicia como consecuencia de mandatos normativos. Tipoloxía e tramitación. As solicitudes de comparecencia da Xunta. En Pleno. En Comisión. Suxeitos. Procedemento. Decaemento. As preguntas. Suxeitos. Procedemento. Tipos: orais no Pleno, orais na comisión, para resposta por escrito. Tramitación. A reconversión das preguntas. As solicitudes de informes, datos e documentos (artigo 9 e artigo 44).

56. Os procedementos parlamentarios (10). Os procedementos relativos ás relacións do Parlamento con outras institucións e órganos:

— Valedor do Pobo. Regulamento de organización e funcionamento. Informes do Valedor do Pobo. Ordinarios. Extraordinarios. Resolucións do Valedor do Pobo.
— Consello de Contas. Normas relativas ao Consello de Contas. Memoria de actividades. Plan de traballo
— Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Memoria do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.
— Fiscalía Superior da Comunidade Autónoma de Galicia. Memoria anual da Fiscalía Superior da Comunidade Autónoma de Galicia.
— Instituto Galego de Estatística. Informe de avaliación do Plan galego de estatística. Informe de seguimento do Programa estatístico anual.
— Tribunal Constitucional. Recursos de inconstitucionalidade. Cuestións de inconstitucionalidade. Recursos de amparo
— Unión Europea. Control da aplicación do principio de subsidiariedade nas iniciativas lexislativas europeas. Rede de Seguimento da Subsidiariedade do Comité das Rexións. CALRE

57. Os procedementos parlamentarios (11). Os procedementos de elección, designación e proposta de nomeamento. Senadores en representación da Comunidade Autónoma. Candidatos a Maxistrados do Tribunal Constitucional para lle presentar ao Senado. Terna para a provisión de vacantes do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Valedor/valedora do pobo e adxunto/a. Membros do Consello de Contas de Galicia. Vogais da Xunta Electoral de Galicia. Director/directora xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia e membros do Consello de Administración da Corporación Radio e Televisión de Galicia. Consello Galego de Universidades/Consello Universitario de Galicia. Vogais dos consellos sociais das universidades de Galicia. Vogais do Consello de Bibliotecas de Galicia. Consello Galego de Ensinanzas Artísticas Superiores. Representantes da Comunidade Autónoma de Galicia nas asembleas xerais das caixas de aforros.

ORGANIZACIÓN ADMINISTRATIVA DO PARLAMENTO DE GALICIA

58. O procedemento administrativo: concepto e natureza. Fases do procedemento administrativo: iniciación, ordenación, instrución, finalización. O silencio administrativo. O acto administrativo: concepto, clases e elementos. Requisitos e eficacia dos actos administrativos: motivación, notificación e publicación. Nulidade e anulabilidade dos actos administrativos. A revisión de oficio. Os recursos administrativos: concepto, clases e principios xerais de regulación. Outros procedementos de impugnación. A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

59. A organización administrativa. Disposicións xerais, principios de actuación e funcionamento do sector público. Administración xeral do Estado. Organización e funcionamento do sector público institucional. Relacións interadministrativas: principios xerais, deber de colaboración, relacións de cooperación. Relacións electrónicas entre as administracións. A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

60. A Autonomía administrativa do Parlamento. O Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia. A estrutura orgánica da Administración parlamentaria. As unidades administrativas. Os órganos da Administración parlamentaria. O réxime xurídico administrativo. Réxime xurídico das disposicións. O procedemento administrativo na Administración parlamentaria. O réxime xurídico dos bens da Administración parlamentaria.

61. O Estatuto de persoal da Administración parlamentaria (1). Obxecto e ámbito de aplicación. Órganos de persoal. Clasificación do persoal da Administración do Parlamento de Galicia e rexistro de persoal. Comezo e extinción da relación de servizo. Planificación e ordenación do persoal da Administración do Parlamento de Galicia. Provisión de postos e mobilidade. Acceso ao emprego público. Carreira e promoción profesional. Avaliación do desempeño. Formación e perfeccionamento.

62. O Estatuto de persoal da Administración parlamentaria (2).Situacións administrativas. Sistema retributivo. Vacacións, licenzas e permisos. Representación, participación, negociación colectiva e dereito de reunión. Incompatibilidades. A protección social do persoal. O réxime disciplinario do persoal da Administración parlamentaria.

63. A Seguridade Social. Réxime xeral e réximes especiais. A acción protectora da Seguridade Social. Tipos e características das prestacións. Réxime de incompatibilidades. Prescrición e caducidade. Reintegro de prestacións indebidas.

64. A xestión económica e financeira na Administración parlamentaria. O orzamento do Parlamento de Galicia: contido, elaboración, aprobación e prórroga. Os créditos e as súas modificacións. A execución e liquidación do orzamento. Os principios de actuación contable e a Conta xeral do Parlamento de Galicia. O control e a fiscalización da xestión económica e financeira. A aplicación do principio de transparencia na xestión orzamentaria. A xestión dos gastos de persoal: retribucións, devindicacións e liquidación. A xestión e o control dos gastos contractuais: autorización e compromiso de gastos, recoñecemento do deber, pagamento. A xestión dos gastos de transferencias. Regulamento de réxime orzamentario e contable do Parlamento de Galicia e do Valedor do Pobo, *BOPG* nº 362, do 27 de maio de 2003.

65. Os principios e o réxime xurídico da contratación pública. Os contratos das sector público: natureza, caracteres e clases. Elementos dos contratos administrativos. Partes no contrato, obxecto, orzamento base de licitación, valor estimado, prezo do contrato e a súa revisión. Garantías exixibles. A preparación dos contratos. A adxudicación dos contratos. Resolución, rescisión e renuncia. Órganos de contratación. Órganos de asistencia. Órganos consultivos. Rexistros oficiais. A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

66. A contratación administrativa no ámbito da Administración parlamentaria. Disposicións aplicables. A contratación electrónica. O tribunal administrativo de recursos contractuais do Parlamento de Galicia

67. Normativa reguladora e aplicación da política de transparencia no Parlamento de Galicia. Lei 19/2013, do 9 decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Acordos da Mesa do Parlamento. O Portal de transparencia do Parlamento de Galicia.

68. Normativa reguladora da protección de datos de carácter persoal e aplicación no Parlamento de Galicia.

69. Normativa reguladora en materia de igualdade. Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes e a súa incidencia na administración pública. Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

70. A organización e xestión administrativa (1). Principios e boas prácticas na Administración parlamentaria. O rexistro parlamentario. O expediente parlamentario. O arquivo parlamentario. A actividade exterior da Administración do Parlamento de Galicia: convenios interadministrativos, participación en órganos consultivos e de colaboración (Consello de Avaliación Documental de Galicia / Consello de Arquivos de Galicia / Rede Parlamenta). O portal xurídico.

71. A organización e xestión administrativa (2). Dos procesos relativos á constitución e á disolución do Parlamento, ao Estatuto dos deputados e das deputadas, aos órganos de goberno, aos órganos funcionais e ao funcionamento xeral da Cámara.

72. A organización e xestión administrativa (3). Dos procedementos lexislativos; as directrices de técnica normativa.

73. A organización e xestión administrativa (4). Dos procedementos de control e impulso, de información, de designación e proposta de nomeamento e relativos ás relacións con outras institucións e órganos.

74. A administración electrónica (1). Conceptos básicos (1). Acceso electrónico do cidadáns aos servizos públicos. Ámbito de aplicación e principios xerais. A relación por medios electrónicos dos cidadáns coas administracións publicas. Réxime xurídico da administración electrónica. A xestión electrónica dos procedementos. Cooperación entre administracións para o impulso da administración electrónica. Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

75. A administración electrónica (2). Conceptos básicos (2). O rexistro electrónico. Arquivo electrónico único e custodia dos documentos electrónicos. Sinatura electrónica e certificados. Documentos: concepto e clases. Documentos electrónicos. O arquivo de xestión. Transferencia e eliminación de documentos.

76. Administración electrónica (3). Aplicación no Parlamento de Galicia. Regulamento da Cámara para a utilización de técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas na actividade parlamentaria (Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 8 de maio de 2006, polo que se aproban as Normas de desenvolvemento do Regulamento da Cámara para a utilización de técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas na actividade parlamentaria – *BOPG* nº 139, do 13 de maio de 2006). Sede electrónica. Normas de creación da sede electrónica e de regulación da xestión electrónica no Parlamento (Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 20 de marzo de 2017, polo que se aproban as Normas de creación da sede electrónica e de regulación da xestión electrónica no Parlamento de Galicia – *BOPG* nº 89, do 24 de marzo de 2017). Política de seguridade. A aplicación do Esquema nacional de seguridade no ámbito da Administración parlamentaria (Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 23 de xaneiro de 2017, polo que se aproban as Normas sobre a política de seguridade da información do Parlamento de Galicia – *BOPG* nº 52, fascículo 1º, do 25 de xaneiro de 2017. Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 13 de decembro de 2017, polo que se regula a política de seguridade da información do Parlamento de Galicia – *BOPG* nº 228, do 18 de decembro de 2017).

## ANEXO III
## DECLARACIÓN XURADA OU PROMESA

D./Dª ...................................................., con documento nacional de identidade número........................ Declara baixo xuramento / promete, para os efectos de participar no proceso selectivo do corpo superior do Parlamento de Galicia que non foi separado/a do servizo de ningunha das administracións públicas e que non está inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas. Así mesmo, declara que non padece enfermidade ou discapacidade que lle impida o desempeño das correspondentes funcións do posto e que son certos todos os datos achegados respecto deste proceso selectivo.
..........................................., ........de ..................de 2018

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2018
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

Na Lei 1/2017, de orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia, no seu artigo 53, anexo V, establecéronse os créditos iniciais consignados ás corporacións locais para ese exercicio cun total de 328.283.683 €, orzamento que foi incrementado posteriormente ata acadar os 351.531.121 €; non obstante, a execución anual para o exercicio 2017 foi do 87,56 %, é dicir, deixaron sen executar 43.708.322 €.

Por iso a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cales foron as razóns polas que se deixaron sen executar máis de 43 millóns de euros?

2ª) Considera o Goberno galego que os concellos de Galicia están suficientemente financiados?

3ª) Vai o Goberno galego acometer neste ano, conxuntamente coa Fegamp, o financiamento local?

Pazo do Parlamento, 12 de abril de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 13/04/2018 11:05:44**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 13/04/2018 11:05:51**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/04/2018 12:45
Nº Rexistro: 29380
Data envío: 13/04/2018 12:45:25.784

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Quinteiro Araújo** e **Davide Rodríguez Estévez,** deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para o seu debate na **Comisión 7.ª**

A seca que durante ano e medio asolou Galicia tivo un efecto funesto na economía do rural. A recolección de uva das principais denominacións de orixe minguou un 50%, a colleita e a facturación da castaña caeu tamén á metade e o pasto converteuse nun ben de luxo para gran parte dos gandeiros. Miles de familias víronse prexudicadas pola perda de calidade dos produtos e a conseguinte baixada dos prezos.

Agora afrontamos un problema ben distinto. Nos últimos catro meses choveu máis que en todo o ano 2017, o que fixo que as colleitas do cereal de inverno podreceran e que fora imposible sementar o resto de cultivos.

Só na comarca da Limia, danse por perdidos os 40 millóns de quilos de centeno, millo, trigo e avena que se esperaban colleitar este ano. A pesar das circunstancias adversas, os agricultores vense na obriga de continuar sementando cereal para non perder a subvención comunitaria, o cal, como se pode comprender, é un absoluto sen sentido e unha perda inmensa de tempo.

No que atinxe as patacas, que este ano xa sufriron un duro revés por mor da polilla guatemalteca, aínda non se comezou nin sequera a preparar o terreo, pois é preciso agardar a que seque a terra.

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Do resto dos produtos da horta, basta dicir que fai un ano cebolas, pementos, tomates, leitugas... estaban xa medrando. Porén, neste momento non se están nin traballando.

A produción de mel tamén se viu afectada polo feito de que as abellas non dispuxeron do clima adecuado para a súa reprodución.

Así, o rural galego leva unha longa tempada encadeando unha crise tras outra. A seca, a polilla guatemalteca, a praga da velutina, os temporais... É nestes momentos cando a Xunta de Galicia ten a oportunidade de probar con feitos que, como vén tempo repetindo, esta é a lexislatura do rural.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7.ª:

Que medidas pensa tomar a Xunta de Galicia para protexer aos traballadores do rural que perderon as súas colleitas polas fortes choivas dos últimos meses?

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2018.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo
Davide Rodríguez Estévez
Deputada e deputado do G.P. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Quinteiro Araújo na data 13/04/2018 12:41:17**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/04/2018 12:45
Nº Rexistro: 29380
Data envío: 13/04/2018 12:45:25.784

GRUPO PARLAMENTAR en marea

**David Rodríguez Estévez na data 13/04/2018 12:41:28**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/04/2018 13:04
Nº Rexistro: 29383
Data envío: 13/04/2018 13:04:48.549

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

**Luca Chao Pérez**, deputada pertencente ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1.ª,** sobre o Plan Retorna 2020.

Antes do inicio da crise, Galicia era un destino interesante para as persoas que buscaban un futuro, pero dende 2008 a tendencia invértese e perdemos 234.740 persoas que se viron obrigadas a marchar para buscar un futuro noutros lugares. Delas, 103.092 foron mozos e mozas de entre 16 e 34 anos. 234.740 historias de emigración, de separación de amizades, de familias distanciadas a miles de quilómetros, de apertas substituídas por chamadas por skype. Deste xeito, dende 2010, Galicia rexistrou unha perda de poboación continuada. Nestes cinco anos a nosa poboación caeu nun 2,24%, o que implica que, de manterse a tendencia, nos próximos 5 anos acumularemos unha perda de case un 5% da poboación.

É dicir, que de non tomar medidas a caída poboacional non vai facer máis que acelerarse deixando tras de si un país cada vez máis avellentado e máis pequeno.

Situación ante a que parece que o Goberno galego non actúa máis alá de escasas medidas de fomento do emprendemento das persoas retornadas e as chamadas bolsas de excelencia. Medidas deslavazadas e cunhas cifras de cobertura moi pequenas. Ás que deberiamos engadir o plan da emigración 2017-2020, do cal soamente podemos coñecer un esquema na páxina web de emigración da Xunta.

Porén, o pasado 12 de abril o presidente da Xunta anunciou a aprobación do Plan retorna 2020 sen aclarar que novidades relevantes inclúe.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas:

- Ten feito o Goberno galego un balance dos resultados das medidas a prol do retorno que se viñan aplicando ata o de agora?

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

- Cales son as novas medidas de fomento do retorno que inclúe o Plan Retorna 2020?
- Con que orzamento contan?
- Cales son os motivos que xustifican que aínda non estea publicado o plan estratéxico da emigración 2017-2020?

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez
Deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 13/04/2018 12:43:14**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 29394
Data envío: 13/04/2018 14:32:24.129

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

**Davide Rodríguez Estévez**, deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª**, sobre a madeira queimada que a día de hoxe segue tirada nos montes galegos.

O Goberno da Xunta non soubo prever os incendios nin xestionar a súa extinción cando se produciron. Agora comprobamos que tampouco é quen de reparar a desfeita.

Durante a vaga de lumes, arderon 2,5 millóns de $m^3$ de madeira, a meirande parte da cal continúa deteriorándose no monte. Só a décima parte foi cortada, a pesar de que as principais organizacións da cadea forestal galega ofrecéronse á Xunta a facerse cargo dela sen rebaixar os prezos. A súa proposta permitiría cortar un terzo menos o presente ano para recuperar as zonas que foron arrasadas polo lume.

A cambio da súa colaboración, a cadea forestal galega solicitou á Administración axilizar os permisos para cortar as árbores queimadas e frear a tala de madeira verde. Isto evitaría que na madeira queimada se instalase o fungo da mancha azul, botándoa a perder irremediablemente.

Distintas organizacións e asociacións están preocupados, despois de ver como despois das poxas de madeira queimada neste mes de febreiro, o 62% da superficie dos lotes na provincia de Pontevedra quedaron desertos, chegando o 77% en Zona Demarcada polo Nematodo, madeira que tiña que estar retirada antes do 31 de marzo. Na provincia de Ourense, preto do 63% da superficie está a día de hoxe tirada nos nosos montes.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 29394
Data envío: 13/04/2018 14:32:24.129



Esta lentitude a hora de sacar a madeira, está a provocar unha depreciación na mesma, xa que obriga a administración a baixar o prezo máis do 50% do seu prezo base dobregándose así ante o lobby da industria en detrimento dos e das propietarias.

Tamén temos que por de manifesto a nula capacidade da consellería para colocar os lotes de madeira polo feito de que de xeito simultáneo, a administración sacou ó mercado máis de 11.000 m3 de madeira que non estaba queimada ou danada por enfermidades en montes de convenio.

Na zona do Nematodo, a situación empeora moitísimo, pois quedaron sen adxudicar tódolos lotes que tiñan exclusivamente coníferas.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario de En Marea formula as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia da súa xestión no que atinxe a madeira queimada que a día de hoxe está espallada nos nosos montes?

2. Que medida ten pensado acometer a partir de hoxe para remediar tan grave problema?

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2018

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez,

Deputado do G.P. de En Marea.

GRUPO PARLAMENTAR en marea

**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 13/04/2018 14:25:41**

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

José Manuel Pérez Seco, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

A estrada autonómica AC-110 é unha vía que vai desde As Felgosas (AC-862), concello de Cerdido ata Espiñaredo (AC-861) do concello das Pontes de García Rodríguez e ten unha lonxitude de 18,55 Kms.

Entre o punto quilométrico 6+000 e o punto quilométrico 7+000, no lugar da Panda, no concello de Moeche, hai unha zona sombría e os días de choiva e xeada prodúcense saídas de vía tanto de turismos como de camións, polo estado de esvarado desde tramo de estrada, que o converte nunha zona perigosa.

Esta estrada é moi transitada por un gran número de automóbiles, camións e maquinaria agrícola, xa que, tamén é utilizada como unión coa AG-64, polo que a seguridade é máis que necesaria.

Por iso os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Ten coñecemento a Xunta de Galicia da necesidade de cambiar o tipo de firme na estrada autonómica AC-110 ao seu paso polo lugar da Panda, no concello de Moeche?

2ª) Ten previsto a Xunta de Galicia levar a cabo as accións necesarias, durante o ano 2018, para cambiar o tipo de firme na estrada autonómica AC-110 ao seu paso polo lugar da Panda, no concello de Moeche, en caso afirmativo, cal é o prazo?

Pazo do Parlamento, 13 de abril de 2018

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 13/04/2018 15:50:04**

**Raúl Fernández Fernández na data 13/04/2018 15:50:17**

**María Luisa Pierres López na data 13/04/2018 15:50:29**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 29408
Data envío: 13/04/2018 16:26:48.160

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

A estrada autonómica AC-110 é unha vía que vai desde As Felgosas (AC-862), concello de Cerdido ata Espiñaredo (AC-861), concello das Pontes de García Rodríguez, e ten unha lonxitude de 18,55 Km.

Entre o punto quilométrico 0+000 e o punto quilométrico 1+000, que vai desde o lugar das Felgosas ata o lugar de Porto ambos no concello de Cerdido, a estrada conta con beirarrúa a ambos lados, ata o desvío que vai o colexio e o campo de fútbol, pero a partir de aí, a estrada conta cunha pequena beiravía e cun quitamedos.

É nas Felgosas onde se atopa o centro administrativo do concello, a casa do concello, o centro de saúde, o banco, o colexio e a farmacia, polo que esta estrada é moi transitada pola veciñanza de Cerdido, así como por un gran número de automóbiles, camións e maquinaria agrícola, xa que, esta estrada tamén é utilizada como unión coa AG-64, polo que a seguridade para as persoas é moi baixa.

Por iso os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Ten coñecemento a Xunta de Galicia da necesidade da construción dunha senda peonil na estrada autonómica AC-110 entre As Felgosas e Porto, no concello de Cerdido?

2ª) Ten previsto a Xunta de Galicia levar a cabo as accións necesarias, durante o ano 2018, para a construción dunha senda peonil na estrada autonómica AC-110 entre As Felgosas e Porto, no concello de Cerdido, en caso afirmativo, cal é o prazo?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Parlamento de Galicia, 13 de abril de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 13/04/2018 15:54:42**

**Raúl Fernández Fernández na data 13/04/2018 15:54:53**

**María Luisa Pierres López na data 13/04/2018 15:55:01**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/04/2018 09:55
Nº Rexistro: 29419
Data envío: 16/04/2018 09:55:26.692

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao**, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG.**

O 24 de abril de 2018 a TVG divulgou, a través do Galicia Noticias, en distintas horas, a práctica da "apipuntura".

Informou a televisión pública galega que *"Usar o veleno e os produtos derivados das abellas para curar doenzas. Niso consiste a apiterapia. Un tratamento alternativo capaz, din, de reducir a dor e a inflamación en doenzas como a artrites, o reuma ou a ciática, entre outras. O veleno das abellas, que é inxectado directamente de xeito controlado, é un antiinflamatorio 100 veces máis activo que a hidrocortisona e 80 veces máis potente como calmante da dor que o opio e a morfina."*

O 8 de febreiro de 2018 tamén se divulgou a práctica da apipuntura e apicosmética no programa Momentos G.

A "apiterapia" é o conxunto de prácticas medicinais que teñen que ver cos produtos das abellas, pero a apipuntura, que é a que realmente se divulga na nova da TVG o 24 de abril, trátase de aplicar veleno de abella, ou apitoxina, en zonas concretas do corpo, polos seus posibles efectos antiinflamatorios e como suposto remedio a certas enfermidades.

A aplicación do veleno de abella como remedio aínda está en fase preclínica e é unha práctica que pode resultar moi perigosa, xa que as persoas alérxicas ao

veleno de abella que non o saiban e accedan a este tratamento poden sufrir un choque anafiláctico e a morte. Recentemente, tense documentada unha morte confirmada por apiterapia no Estado español. Por iso, antes de realizar un destes tratamentos, cómpre realizar análises clínicas para coñecer se a persoa é alérxica.

A divulgación realizada pola TVG sobre esta técnica simplemente se centra nos beneficios da mesma, pero non indica ningunha información sobre os perigos.
A función da CRTVG como servizo público debe garantir tamén a divulgación da ciencia e cultura científica, así como informar á cidadanía sobre os riscos de prácticas pseudocientíficas e de terapias alternativas.

Os medios de comunicación de masas teñen un papel fundamental na divulgación científica e na conexión entre a investigación e a cidadanía.

Polo exposto, a deputada que subscribe presenta as seguintes preguntas:

1.ª) Ten a CRTVG algún protocolo para fomentar a divulgación científica?

2.ª) Ten a CRTVG algún código de boas prácticas para tratar a información sobre terapias alternativas e pseudociencias?

3.ª) Canto espazo ocupa a ciencia no conxunto da programación da CRTVG?

4.ª) Ten a CRTVG analizado que porcentaxe de tempo dos informativos se dedica á divulgación científica?

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/04/2018 09:55
Nº Rexistro: 29419
Data envio: 16/04/2018 09:55:26.692

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 16/04/2018 09:54:38**

## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela,** deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A *Lei 39/2006, do 14 de decembro de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia*, acaba de cumprir 11 anos cunha bagaxe certamente pobre, e cunhas complicadas perspectivas de futuro ligadas indefectiblemente ao déficit de financiamento, e tamén ás trabas burocráticas dunha lexislación que naceu para facer fronte á delicada situación de cidadáns e cidadás que non poden valerse por si mesmos e a das súas familias e coidadores.
Así, aos recortes orzamentarios e normativos do Goberno de España do PP, en Galicia sumóuselle a vontade do Goberno de Feijoo en apuntalar o desmantelamento do sistema. Aos reiterados incumprimentos da lexislación vixente, coa tardanza en realizar as avaliacións, a resolución das mesmas con graos menores para aforrar custes ou sinxelamente avaliacións sen grao, a perda do dereito de seren atendidas as persoas avaliadas co grao I, e o atraso da atención ás persoas en situación de dependencia moderada, súmanse ás reducións das prestacións económicas, o incremento dos copagos para as persoas usuarias, o empeoramento dos servizos de axuda a domicilio, etc.

Segundo datos recentes do Ministerio de Sanidade, Servicios Sociais e Igualdade, en Galicia hai máis de 80.000 persoas que solicitaron as axudas da dependencia. Delas 66.000 teñen este dereito xa recoñecido, e unhas 55.000 están a recibir a prestación. Pero a comunidade autónoma galega ten segundo datos do IGE 240.000 maiores de 80 anos, e 232.000 persoas con discapacidade. O último informe do Ministerio de Sanidade, do pasado 28 de febreiro de 2018, sinala que en Galicia pediron unha prestación o 2,98 % dos galegos, unha das porcentaxes máis baixas de España, e as únicas autonomías con menor taxa son Baleares, Canarias e Valencia, onde a pirámide demográfica é moi distinta.

Segundo advirte o último informe sobre o estado da dependencia en Galicia, publicado por Comisións Obreiras, hai decenas de miles de galegos que poderían pedir esta axuda pero sen embargo non o fan. O informe presentado polo sindicato tamén pon o foco nas persoas que teñen o dereito recoñecido e con todo non reciben axudas. Eran a finais do 2017 máis de once mil, o 17,6 % do total de persoas beneficiarias. A finais do 2017 o 32 % das persoas usuarias tiñan axuda a domicilio; o 21 % recibían unha prestación económica por coidados familiares; o 12 % estaban nunha residencia e o 11 % acudían a un centro de día ou de noite. Ademais o 32 % das persoas con dereito recoñecido teñen un grao III, o nivel máis severo.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cando xa se cumpriron once anos da aprobación da *Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia*, e rematado o seu proceso de implantación, que valoración fai a Xunta de Galicia do cumprimento dos seus obxectivos na nosa comunidade autónoma?
2. Cal é o número total de poboación potencialmente dependente en Galicia?
3. Por que cre a Xunta de Galicia, que segundo datos do Ministerio se Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, Galicia é unha das comunidades onde a porcentaxe de persoas que solicitan esta prestación é máis baixa en relación á poboación potencialmente dependente?
4. Ten previsto o Goberno galego tomar algunha medida para incrementar a porcentaxe de persoas que solicitan esta prestación?
5. Considera o Goberno galego que o gasto público por poboación potencialmente dependente é suficiente?
6. Considera o Goberno galego que o desenvolvemento da Lei de promoción de autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia se realizou garantindo o aceso con carácter universal e equidade?

7. Ten previsto a Xunta de Galicia reclamar ao Goberno de España recuperar o investimento perdido nestes anos de continuos retallos?
8. Reclamou o Goberno galego ao de España que cumpra co réxime de financiamento que determina a lei?
9. Ten previsto a Xunta de Galicia deixar sen efecto as reavaliacións feitas de oficio nos últimos anos que retallan e mesmo eliminan as prestacións a moitas das persoas usuarias?
10. Que medidas ten pensado poñer en marcha o Goberno galego para reducir a lista de espera na que se atopan aquelas persoas que a pesares de ter un grao de dependencia recoñecida, e unha prestación asignada, aínda están á espera de recibir a prestación?

Pazo do Parlamento, 13 de abril de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 16/04/2018 11:22:59**

**Julio Torrado Quintela na data 16/04/2018 11:23:06**

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/04/2018 12:20
Nº Rexistro: 29431
Data envío: 16/04/2018 12:20:59.067





## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela,** deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Ata o de agora os equipos de valoración e orientación (EVOS), que son os que determinan o grao de discapacidade das persoas que así o solicitan, dependentes das xefaturas territoriais da Consellería de Política Social, están distribuídos en sete seccións de cualificacións, con varios equipos de valoración en cada un deles: A Coruña dispón de 4; Ferrol, 2; Santiago, 2; Lugo, 2; Ourense, 3; Pontevedra, 3; e Vigo, 3.

A Xunta de Galicia vén desatendendo dende hai anos estes equipos, o que ocasiona retrasos nas tramitacións das valoracións, tanto nas solicitudes como nas revisións. En moitos casos, a falla de persoal que fai que o tempo de espera media das persoas usuarias sexa de ano e medio ou dous anos, ocasionando aos solicitantes moitos prexuízos no seu día a día: por exemplo para solicitudes a respecto de transportes colectivos e prazas de aparcadoiro, nas prestacións económicas de persoas maiores e no recoñecemento de dereitos en mutualidades.

Ante esta situación os socialistas levamos anos reclamando á Administración incrementar os equipos multidisciplinares dos EVO, xa que esta tardanza non vén derivada dun pico de traballo senón que é estrutural, o que implica que se debería incrementar o número de equipos e crear postos para axilizar a xestión dos expedientes de incapacidade.

No ano 2017 a Dirección de Recursos Humanos do Sergas enviou unha comunicación aos seus profesionais ofrecendo a posibilidade de "participar de forma voluntaria e remunerada, fóra da súa xornada laboral, nos recoñecementos do grao de discapacidade". O Goberno galego reaccionou pois as reiteradas queixas por un problema estrutural nos equipos de valoración de discapacidade, ofrecendo un parche a través dun convenio de colaboración Sergas - Consellería de Política

Partido dos Socialistas de Galicia

Social, con vixencia ata o 31 de decembro do 2018, para que o persoal médico do Sergas faga mediante horas extras faga a tarefa que lle corresponde a estes equipos.

A pesares desta medida posta en marcha pola Xunta de Galicia, e de que a *Orde do 25 de novembro de 2015 pola que se regula o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes*, establece un prazo de tres meses para resolver as solicitudes de valoración de discapacidade, as listas de agarda no primeiro trimestre do ano 2018 seguiron sendo inaceptables, un problema que se estende en todas as provincias, pero que é de especial gravidade na de Pontevedra, onde a día de hoxe as solicitudes que se están a tramitar rexistráronse en xullo do ano 2015, con case tres anos de retraso a respecto do que marca a lexislación vixente, cunha lista de agarda de máis de 7.000 solicitudes nesta provincia, e que ascende a máis de 17.000 persoas en toda a comunidade autónoma.

O 11 de abril de 2018 o Pleno do Parlamento de Galicia aprobaba unha iniciativa do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, que despois de ser transaccionada con todos os grupos parlamentarios, tiña a seguinte parte resolutiva: *«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a incrementar o número de postos de traballo dos equipo de valoración da discapacidade da nosa Comunidade Autónoma, co obxectivo de eliminar a lista de espera antes de finais de novembro de 2018, tanto nas solicitudes como nas revisións das valoracións da discapacidade»*.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cando ten previsto a Xunta de Galicia incrementar o número de postos de traballo nos equipos de valoración de discapacidade da nosa comunidade autónoma?
2. Cal vai ser ese incremento de equipos en cada unha das sete seccións de cualificacións dependentes das xefaturas territoriais da Consellería de Política Social?

3. Tendo en conta que os equipos de valoración de discapacidade son multidisciplinares, cales van ser os postos nos que se amplíen o persoal?
4. Ten previsto o Goberno galego prorrogar máis aló do 31 de decembro de 2018, o convenio de colaboración subscrito entre a Consellería de Política Social e o Sergas que permite a participación de licenciados sanitarios do Sergas nas valoracións de discapacidade?
5. En caso afirmativo, por que motivos o vai prorrogar?
6. Cal foi o número total de horas extraordinarias que realizou o persoal dos equipos de valoración de discapacidade durante o ano 2017?
7. Cantas persoas solicitaron de feito expreso a valoración social durante o ano 2017?

Pazo do Parlamento, 13 de abril de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 16/04/2018 12:15:03**

**Julio Torrado Quintela na data 16/04/2018 12:15:09**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/04/2018 17:34
Nº Rexistro: 29454
Data envío: 16/04/2018 17:34:44.531

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

# Á MESA DO PARLAMENTO

**Davide Rodríguez Estévez**, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 7.ª**, sobre os falsos casos de positivos en tuberculose no gando vacún.

Nestes últimos meses están a xurdir varios casos de positividade por tuberculose en gando vacún nos concellos da Comarca do Deza, ou nas comarcas do Macizo Central ourensán.

O protocolo sanitario establece que estes animais deben de ser sacrificados a partires da primeira análise que reflicta posibilidade de contaxio, incluíndo os "positivos dubidosos". Namentres, a única proba que certifica cen por cen a presencia de tuberculose no gando é a proba post morten. Unha vez realizada esta e certificando que o animal estaba en boas condicións, atopámonos con que o gandeiro ou gandeira perderon un 60% do valor do animal.

Segundo vimos observando dende En Marea, só nunha mínima parte destes casos a proba post morten corrobora a existencia de tuberculose.

Tamén temos que por de manifesto a incongruencia de que para un recurso de alzada contra o resultado pode pasar un mes, namentres o expediente obriga a finalizar o proceso en 15 días, podendo o ou a gandeira enfrontarse a multas que van dende os 3.000 e os 60.000 euros.

Cómpre levar ao extremo o control sanitario do noso gando, e iso habería de incluír a aplicación de probas realmente fiábeis para a detección das posíbeis enfermidades e non movernos nos casos de "supostos", que en numerosas ocasións acaban supoñendo unha perda económica inxusta para as explotacións, nomeadamente do sector lácteo, agravando inda máis a actual situación.

Detectamos dende En Marea a necesidade do establecemento de procedementos de control sanitario rigorosos para manter nas mellores condicións sanitarias a nosa cabana gandeira.

Consideramos que antes de levar a cabo o sacrificio das vacas haberíase de establecer medidas exhaustivas de control sanitario destes animais co obxectivo de confirmar se verdadeiramente están enfermos.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7.ª:

Que medidas ten pensado levar a cabo a Xunta de Galicia para compensar a gandeiras e gandeiros por mor dos falsos positivos que se están a dar en moitas explotacións de Galiza?

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Deputado do G.P. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 16/04/2018 17:33:52**

## Á Mesa do Parlamento

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Losada Álvarez,** deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos**.

No Consello da Xunta de Galicia do 12 de abril de 2018 aprobouse a Estratexia Retorna 2020, na que se inclúen unha serie de medidas que perseguen o retorno de máis de 20.000 galegos do exterior ata 2020.

A dita estratexia está apoiada polo Resume executivo publicado pola Xunta de Galicia e que establece como obxectivo xeral: "*Atraer galegos residentes no exterior, tanto os emigrantes retornados como os seus descendentes; ofrecer e procurarlles unha cobertura integral das súas necesidades básicas; facilitar a súa integración educativa e laboral; e analizar e executar todas as medidas ao alcance do Goberno galego para combater e superar o complexo reto demográfico de Galicia desde o fomento do retorno*".

Este obxectivo apóiase en oito liñas de actuación, cunha estrutura baseada en seis áreas:

1. Área de asesoramento e seguimento
2. Área social
3. Área do traballo e o emprendemento
4. Área de I+D+i
5. Área de formación
6. Área de vivenda

Se delimitan por unha banda as medidas específicas e por outra as medidas transversais, determinando os obxectivos e as medidas.

Partido dos Socialistas de Galicia

O investimento previsto é de 15 millóns de euros para as medidas específicas e máis de 220 millóns de euros para as medidas transversais con incentivos específicos para os retornados.

Á vista destes datos, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cales son as partidas e contías orzamentarias previstas no orzamento de 2018 para atender cada unha das medidas previstas?
2. Como se van artellar as axudas económicas previstas nas distintas medidas?
3. Cal é o obxectivo que se persegue para este exercicio 2018?

Pazo do Parlamento, 16 de abril de 2018

Asdo.: Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Abel Losada Álvarez
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 16/04/2018 18:45:32**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 16/04/2018 18:45:38**

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

**Antón Sánchez García** e **Marcos Cal Ogando**, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.ª.**

A Lei 10/2016, do 19 de xullo, de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia, aprobada de xeito exprés despois da sentencia do Tribunal Supremo, de marzo de 2016, que anulaba a prórroga das concesións concedidas en 2010, establecía, no seu art. 2.3, que o Plan de Transporte Público de Galiza debería estar aprobado no prazo de vinte e un meses desde a entrada en vigor de dita lei. Dado que dita lei entrou en vigor o 23 de xullo de 2016 o prazo vencería o 23 de abril do 2018.

No Anexo desta lei inclúese o contido de dito Plan. E, no dito art. 2 establécese que "O Plan de transporte público de Galicia, que desenvolverá o contido establecido como anexo a esta lei, será elaborado pola consellaría da Xunta de Galicia competente en materia de transportes e, logo do seu sometemento a información pública e do informe do Consello Galego de Transportes, será aprobado polo Consello da Xunta de Galicia".

Dito PTPG non foi aínda aprobado como tal, se ben, como agora veremos, a Xunta aprobou a integración de determinadas liñas de transporte e sacou a licitación a súa execución.

O que fixo a Xunta foi executar un PTPG virtual, en tanto en canto non foi aprobado, ou o que é o mesmo, o que está a facer a Xunta é "anticipar" o contido

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/04/2018 11:37
Nº Rexistro: 29482
Data envio: 17/04/2018 11:37:34.769



do PTPG mediante a súa execución práctica (planificación e integración de liñas e a súa licitación, tanto respecto do seu deseño como das liñas de transporte propiamente ditas).

No Consello da Xunta de Galicia de 24/05/2017, tómase o acordo polo que se autoriza a integración das distintas modalidades de transporte público de competencia da Xunta de Galicia que faciliten a optimización deste servizo público, no marco do procedemento para a implantación da primeira fase da planificación do transporte público de Galicia (DOG 29/05/2017). Na exposición deste acordo xa se recoñece o seu obxecto anticipador do PTPG: "Coa finalidade de avanzar no proceso de planificación e elaboración do Plan de transporte público de Galicia e, ao tempo, anticipar as solucións de mobilidade que este deberá introducir, a Consellería de Infraestruturas e Vivenda iniciou unha primeira fase da planificación do sistema de transporte público de Galicia...".

Posteriormente, e en base a dito acordo, o 30/05/2017 sometéronse a información pública 42 anteproxectos de explotación (dos cales foron aprobados 41). Por Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 6 de xullo de 2017, fixáronse os criterios complementarios e de licitación (DOG de 07/07/2017) desa primeira fase de implantación dun PTPG virtual.

A DX de Mobilidade aproba os pregos de licitación o 14/07/2017 (os contratos adxudicados asínanse o 4 de agosto).

O caos organizativo e de falla de planificación é o que determina a modificación da estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Vivenda operada polo Decreto 1/2018, do 11 de xaneiro (DOG de 1701/2018), e no referido á D.X de Mobilidade, e onde se "crean dous novos órganos: a Subdirección Xeral de Planificación Técnica do Transporte e o Servizo de Planificación, co obxectivo

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/04/2018 11:37
Nº Rexistro: 29482
Data envio: 17/04/2018 11:37:34.769



de reforzar a área de planificación, o que permitirá profundar e mellorar a calidade do estudo e análise das actuacións necesarias de cara á elaboración do Plan de transporte público de Galicia e para acadar a súa implementación a finais do ano 2019".

Ou sexa, para implementar, a finais do 2019, un PTPG que debería estar aprobado en abril do 2018, e cuxa primeira fase xa se "implementou" no 2017.

E agora, a segunda fase, de momento en fase de licitación dos contratos de servizos de asistencia técnica, un, de desenvolvemento do PTPG, e o outro, de coordinación de dito desenvolvemento.

É dicir:

- servizo de asistencia técnica para o desenvolvemento do Plan de transporte público de Galicia Plan de transporte á demanda e proxectos de explotación resultantes (DOG de 16/02/2018).

- servizo de asistencia técnica para a coordinación do desenvolvemento do Plan de transporte público de Galicia-Plan de transporte á demanda e proxectos de explotación resultantes (DOG de 27/02/2018).

En consecuencia, por unha banda o Plan de transporte de Galiza non se vai aprobar en prazo e, por outra, o que está a facer a Xunta é "anticipar" o futuro Plan de transporte mediante a planificación e execución de distintas fases, a primeira, xa realizada, a segunda, en trámite. O contrario do que seria desexable, ao transformar as liñas concesionais de transporte, deseño/integración, licitación e execución, nunha política de feitos consumados, e convertendo ao PTPG no resultado final das decisións previas xa executadas, e non no instrumento de planificación previsto na Lei.

GRUPO PARLAMENTAR en marea

A escala metropolitana, no referido ao Plan de Transporte Metropolitano e a integración do transporte urbano, ten un tratamento claramente insuficiente no modelo elixido pola Xunta.

De feito, nos pregos de Prescricións Técnicas do contrato de asistencia técnica desta segunda fase (cuxo anuncio é o do DOG de 16/02/2018) así se evidencia ao delimitar o obxecto de dita asistencia técnica, cando a pesar da esixencia de tratar de forma específica a análise, deixa fora de estudo os servizos urbanos, dado que como se recolle no PPT : "Nas áreas metropolitanas prestarase especial atención á integración dos servizos interurbanos cos servizos urbanos de cada municipio, que non son obxecto deste estudo, pero procurarase a organización conxunta de ambos os sistemas a través de puntos de intercambio eficaces, coordinación de horarios ou a integración tarifaria".

Isto é, non se prevé a integración dos servizos urbanos, mais aló desa coordinación de intercambios, de horarios e de integración tarifaria. Tampouco se prevé sequera a fórmula consorcial.

Por todo o exposto, o Grupo parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas:

1) Cales son os motivos de que o Plan de transporte de Galicia non estea aprobado no prazo marcado pola a Lei 10/2016, do 19 de xullo, de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia?

2) Considera que a elaboración e aprobación por fases é a mellor fórmula para planificar o futuro do transporte público galego?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/04/2018 11:37
Nº Rexistro: 29482
Data envio: 17/04/2018 11:37:34.769

GRUPO PARLAMENTAR en marea

3) Considera que a escala metropolitana ten un tratamento suficiente no modelo de planificación escollido?

4) Cales son os prazos que manexa para aprobación do Plan de transporte de Galiza?

5) Que suporá a nivel orzamentario a aplicación do novo Plan de transporte

Santiago de Compostela, 17 de abril de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García
Marcos Cal Ogando
Deputados do G.P. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 17/04/2018 11:32:26**

**Marcos Cal Ogando na data 17/04/2018 11:32:34**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/04/2018 13:50
Nº Rexistro: 29500
Data envío: 17/04/2018 13:50:02.050

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

**Antón Sánchez García**, **Davide Rodríguez Estévez e Paula Quinteiro Araujo**, deputados e deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7.ª**

O 25 de setembro de 2015 aprobábase neste Parlamento, concretamente na Comisión 7.ª de Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, unha Proposición non de lei co voto favorable de todos os grupos.

O texto do acordo adoptado foi o seguinte:

“ O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a poñer en marcha un plan de fomento da horticultura e a fruticultura, así como da agricultura ecolóxica. Este plan debe contar coas seguintes características:

a) Acceso á terra mediante a xestión descentralizada do Banco de Terras e dotación de persoal nas Oficinas Agrarias Comarcais (OAC) para dinamizar a mobilización das terras improdutivas.
b) Investigación e asesoramento públicos. É imprescindible un estudo de variedades e técnicas de cultivo, así como o asesoramento e seguimento dos proxectos que se poñan en marcha. Ademais, é necesario contratar persoal para as OAC xa que moitos dos intentos da xente para iniciar un proxecto no agro acaban en fracaso por unha incorrecta formulación.
c) Comercialización a través da potenciación de circuítos curtos, da creación de marcas de garantía galegas e ao asesoramento de profesionais na comercialización.

d) Compra pública en colexios, hospitais ou centros da terceira idade. Introducir criterios como o da proximidade, ou dar prioridade a produtos galegos e/ou ecolóxicos no abastecemento deste tipo de centros públicos contribuiría a consolidar proxectos locais".

Dous anos e medio despois observamos que dito acordo non foi trasladado á acción de goberno da Xunta de Galicia.

Tanto a xestión da terra, como a investigación e asesoramento, así coma a comercialización e compra pública, nada ten cambiado substancialmente no sector hortícola.

Nin se desenvolveu o selo de garantía, nin se mudou a xestión do Banco de Terras, nin se aplicou ningunha nova política sobre compra pública.

Creemos firmemente que está a ser desaproveitado o gran potencial que ten Galiza na produción hortícola, un sector que pode crear emprego dun xeito sostible.

Para elo son precisas políticas públicas planificadas, con rigor e recursos.

Por todo elo, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1) Que iniciativas levou a cabo a Xunta de Galicia para cumprir co acordo parlamentario adoptado na Comisión 7.ª do 25 de setembro de 2015?

2) Cal é a estratexia da Consellería de Medio Rural para o desenvolvemento do sector hortícola en Galiza en canto á comercialización, investigación, asesoramento e xestión da terra?

Santiago de Compostela, 17 de abril de 2018.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/04/2018 13:50
Nº Rexistro: 29500
Data envio: 17/04/2018 13:50:02.050

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asdo.: Antón Sánchez García

Davide Rodríguez Estévez

Paula Quinteiro Araujo

Deputados e deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 17/04/2018 13:42:55**

**David Rodríguez Estévez na data 17/04/2018 13:43:07**

**Paula Quinteiro Araújo na data 17/04/2018 13:43:17**

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Juan Manuel Díaz Villoslada, Raúl Fernández Fernández, Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e María Luisa Pierres López, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

A Coruña e a súa comarca necesita dunha posición conxunta con respecto ao futuro da construción da área metropolitana da Coruña. A área metropolitana é unha realidade como fenómeno innegable necesario para mellorar o futuro do benestar dos cidadáns dunha comarca con influencia sobre 450.000 persoas e primeira zona económica de Galicia.

As solucións metropolitanas deben ter como centro da súa actuación á cidadanía que vive, traballa e se despraza por unha área sen distinción de límites administrativos, da que demanda servizos máis eficientes e económicos, sen distinción da Administración local ou autonómica que llelos presta. Por iso o lóxico proceso, despois dunha declaración de intencións cuxo fin é un desenvolvemento posterior normativo, debe ir dando pasos con medidas concretas que articulen servizos de carácter metropolitano e que axuden a visibilizar entre a cidadanía os beneficios do traballo conxunto entre as súas administracións máis próximas, os concellos.

O froito dese espírito de construción do metropolitano xa se manifestou no Concello da Coruña coa articulación de servizos de ámbito supramunicipal como o da auga potable desde Emalcsa, a depuración de augas desde a EDAR de Bens e o tratamento de lixo desde Nostián. Aprobouse tamén nun pleno do Concello, o documento coñecido como a Declaración de María Pita, como elemento inspirador dos pasos a dar na construción da área metropolitana.

Ao mesmo tempo o modelo elixido propuxo, un territorio concreto de área metropolitana que pensamos sería conveniente reformular, polo menos para determinados servizos a consorciar, como sería o da mobilidade. Na actualidade súmanse ao proceso o Concello da Coruña e os oito concellos que conforman o Consorcio das Mariñas (Betanzos, Sada, Carral, Abegondo, Bergondo, Oleiros, Cambre e Culleredo). Está ausente do proceso o concello de Arteixo e outros tres

concellos que pensamos deberían de incorporarse ás propostas de traballo do novo ente, para dotalo de novas fortalezas e oportunidades, como son Cerceda, Laracha e Carballo.



De cara a facilitar o proceso queremos dar pasos e ofrecer á cidadanía solucións inmediatas que a día de hoxe se saben técnica e economicamente viables, que foron postas en práctica noutras cidades de España e que mellorarían claramente a súa calidade de vida, como é a que afecta á mobilidade.

Na cidade da Coruña xestiónanse cada ano cerca de 21 millóns de viaxes pola actual concesionaria do transporte urbano. Complementariamente interactúan coa cidade uns 6.000.000 de traxectos en bus de tipo metropolitano. Os cambios recentes nas liñas metropolitanas que entran pola cidade non reduciron os 100.000 coches que cada día entran na cidade desde a área de influencia e non se incrementaran os usuarios que utilizan o transporte metropolitano.

A todo iso súmaselle  que os accesos á cidade e ás súas conexións coa área están sufrindo importantes atrasos no seu desenvolvemento e necesaria actualización, como a reforma de Lavedra, a construción do Viario 18, a ampliación da Ponte da Pasaxe, a reforma da Nacional VI, a construción da intermodal ou a liberación de terreos no porto interior para articular novas solucións de mobilidade.

É ademais un momento oportuno para avanzar na mobilidade metropolitana porque no ano 2019 vencen gran parte das concesións de transporte metropolitano que interactúan coa cidade e sería o momento de reformulalas no novo escenario.

Os Socialistas propoñemos a constitución dun consorcio ou autoridade metropolitana de transporte como primeiro ente metropolitano, cuxa principal misión será coordinar e xestionar o servizo de transporte de viaxeiros no conxunto dos concellos da área, reunindo baixo unha soa autoridade administrativa a responsabilidade da xestión da mobilidade por estrada de carácter urbana, periurbana e interurbana.

Entendemos que a cidadanía ten todo o dereito a recibir das administracións os servizos de maior calidade e eficiencia, prestados con eficacia e xestionados de

forma transparente. Este é o espírito que debe guiar o traballo político institucional.

Por iso, os deputados que asinan preguntan:



Que medidas ten previsto desenvolver o Goberno galego para impulsar e apoiar de xeito efectivo instrumentos de xestión metropolitana de servizos no ámbito da área metropolitana da Coruña?

Pazo do Parlamento, 13 de abril de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 17/04/2018 16:04:16**

**Raúl Fernández Fernández na data 17/04/2018 16:04:29**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 17/04/2018 16:04:38**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 17/04/2018 16:04:45**

**María Luisa Pierres López na data 17/04/2018 16:04:50**

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

Juan Manuel Díaz Villoslada, Raúl Fernández Fernández, Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e María Luisa Pierres López, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

A Coruña e a súa comarca necesita dunha posición conxunta con respecto ao futuro da construción da área metropolitana da Coruña. A área metropolitana é unha realidade como fenómeno innegable necesario para mellorar o futuro do benestar dos cidadáns dunha comarca con influencia sobre 450.000 persoas e primeira zona económica de Galicia.

As solucións metropolitanas deben ter como centro da súa actuación á cidadanía que vive, traballa e se despraza por unha área sen distinción de límites administrativos, da que demanda servizos máis eficientes e económicos, sen distinción da Administración local ou autonómica que llelos presta. Por iso o lóxico proceso, despois dunha declaración de intencións cuxo fin é un desenvolvemento posterior normativo, debe ir dando pasos con medidas concretas que articulen servizos de carácter metropolitano e que axuden a visibilizar entre a cidadanía os beneficios do traballo conxunto entre as súas administracións máis próximas, os concellos.

O froito dese espírito de construción do metropolitano xa se manifestou no Concello da Coruña coa articulación de servizos de ámbito supramunicipal como o da auga potable desde Emalcsa, a depuración de augas desde a EDAR de Bens e o tratamento de lixo desde Nostián. Aprobouse tamén nun pleno do Concello, o documento coñecido como a Declaración de María Pita, como elemento inspirador dos pasos a dar na construción da área metropolitana.

Ao mesmo tempo o modelo elixido propuxo, un territorio concreto de área metropolitana que pensamos sería conveniente reformular, polo menos para determinados servizos a consorciar, como sería o da mobilidade. Na actualidade súmanse ao proceso o Concello da Coruña e os oito concellos que conforman o Consorcio das Mariñas (Betanzos, Sada, Carral, Abegondo, Bergondo, Oleiros, Cambre e Culleredo). Está ausente do proceso o concello de Arteixo e outros tres

concellos que pensamos deberían de incorporarse ás propostas de traballo do novo ente, para dotalo de novas fortalezas e oportunidades, como son Cerceda, Laracha e Carballo.

De cara a facilitar o proceso queremos dar pasos e ofrecer á cidadanía solucións inmediatas que a día de hoxe se saben técnica e economicamente viables, que foron postas en práctica noutras cidades de España e que mellorarían claramente a súa calidade de vida, como é a que afecta á mobilidade.

Na cidade da Coruña xestiónanse cada ano cerca de 21 millóns de viaxes pola actual concesionaria do transporte urbano. Complementariamente interactúan coa cidade uns 6.000.000 de traxectos en bus de tipo metropolitano. Os cambios recentes nas liñas metropolitanas que entran pola cidade non reduciron os 100.000 coches que cada día entran na cidade desde a área de influencia e non se incrementaran os usuarios que utilizan o transporte metropolitano.

A todo iso súmaselle que os accesos á cidade e ás súas conexións coa área están sufrindo importantes atrasos no seu desenvolvemento e necesaria actualización, como a reforma de Lavedra, a construción do Viario 18, a ampliación da Ponte da Pasaxe, a reforma da Nacional VI, a construción da intermodal ou a liberación de terreos no porto interior para articular novas solucións de mobilidade.

É ademais un momento oportuno para avanzar na mobilidade metropolitana porque no ano 2019 vencen gran parte das concesións de transporte metropolitano que interactúan coa cidade e sería o momento de reformulalas no novo escenario.

Os Socialistas propoñemos a constitución dun consorcio ou autoridade metropolitana de transporte como primeiro ente metropolitano, cuxa principal misión será coordinar e xestionar o servizo de transporte de viaxeiros no conxunto dos concellos da área, reunindo baixo unha soa autoridade administrativa a responsabilidade da xestión da mobilidade por estrada de carácter urbana, periurbana e interurbana.

Entendemos que a cidadanía ten todo o dereito a recibir das administracións os servizos de maior calidade e eficiencia, prestados con eficacia e xestionados de

Partido dos Socialistas de Galicia

forma transparente. Este é o espírito que debe guiar o traballo político institucional.

Por iso, os deputados que asinan preguntan:

Que medidas ten previsto desenvolver o Goberno galego para impulsar e apoiar de xeito efectivo instrumentos de xestión metropolitana de servizos no ámbito da área metropolitana da Coruña?

Pazo do Parlamento, 17 de abril de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 17/04/2018 16:05:38**

**Raúl Fernández Fernández na data 17/04/2018 16:05:50**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 17/04/2018 16:05:59**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 17/04/2018 16:06:06**

**María Luisa Pierres López na data 17/04/2018 16:06:13**

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

A estrada autonómica AC-862 é unha vía que parte do concello de Narón, na saída FE-11 da AP-9 e remata no concello do Vicedo, onde cambia de nomenclatura, pasando a ser LU-862.

Aproximadamente entre os puntos quilométricos 36+500 e 37+000, ao seu paso polo concello de Cerdido, a estrada conta cunha pequena beiravía e con quitamedos. É unha estrada moi concorrida polos veciños e veciñas dos lugares de Barbas e A Cruz Encarnada, sendo, tamén, moi perigosa polo trafico que soporta esta estrada, un gran número de automóbiles, camións e maquinaria agrícola, xa que comunica a comarca de Ortegal cos concellos de Narón e Ferrol.

Por iso os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Ten coñecemento o Goberno galego da necesidade da construción de unha senda peonil na estrada autonómica AC-862, aproximadamente entre os puntos quilométricos 36+500 e 37+000, no concello de Cerdido?

2ª) Ten previsto o Goberno galego levar a cabo as accións necesarias, durante o ano 2018, para a construción dunha senda peonil na estrada autonómica AC-862, aproximadamente entre os puntos quilométricos 36+500 e 37+000, no concello de Cerdido, en caso afirmativo, cal é o prazo?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 29508
Data envío: 17/04/2018 16:24:05.457

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Pazo do Parlamento, 17 de abril de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 17/04/2018 13:59:18**

**Raúl Fernández Fernández na data 17/04/2018 13:59:28**

**María Luisa Pierres López na data 17/04/2018 13:59:38**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 29509
Data envío: 17/04/2018 16:24:26.269





Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

En 1999 detectouse por primeira vez a presencia da couza guatemalteca (*Tecia solanivora*) nas illas Canarias e en 2015 detectase a súa presenza na zona de Ferrolterra, dende onde se expandiu a concellos do Ortegal e da Mariña lucense a principios de 2017.

Todos vivimos, non sen certo dramatismo, o suceso da presenza da devandita couza, para a continuación escoitar por parte da Xunta que as zonas contaminadas foran declaradas como zonas infestadas onde non se pode cultivar a pataca e onde está sementada hai que arrancalas.

O día 24 de maio, cando aínda se esta a recoller pataca afectada, a conselleira do Medio Rural, anuncia que dá por controlada a praga da couza guatemalteca na pataca (*Tecia solanivora*) nos concellos infestados na provincia da Coruña.

O venres 20 de outubro publicábase no DOG que o concello de Cariño, na provincia da Coruña esta afectado por esta praga.

O luns 26 de marzo publicábase no DOG que o concello de Muxía, na provincia da Coruña está afectado pola couza guatemalteca. Isto lévanos a pensar que os controis e as medidas adoptadas para erradicar a praga da couza guatemalteca da pataca (*Tecia solanivora*) pola Consellería do Medio Rural non están sendo o eficaces que todos desexamos.

Por iso os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Ten a Consellería de Medio Rural a certeza de que non hai mais concellos afectados pola praga da pataca?

2ª) Cantas trampas colocou a Consellería do Medio Rural en concellos que están fóra de tampón, que resultados tivo, especificadas por concello e provincia?

3ª) Cantas capturas rexistraron as trampas colocadas en concellos non afectados, especificadas por concello e provincia?

4ª) Que medidas pensa tomar a Consellería para atallar a expansión da couza?

Pazo do Parlamento, 17 de abril de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 17/04/2018 14:01:53**

**José Antonio Quiroga Díaz na data 17/04/2018 14:02:07**

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

No BOE do 6 de agosto de 2014, publicouse o Real decreto 675/2014, do 1 de agosto, polo que se establecen as bases reguladoras de axudas para o impulso económico das comarcas mineiras do carbón, mediante o desenvolvemento de proxectos de infraestruturas e proxectos de restauración de zonas degradadas a causa da actividade mineira.

Na exposición de motivos  establécese que o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo acordou coas organizacións sindicais e empresariais, un marco de actuación para a minaría do carbón e as comarcas mineiras para o período 2013-2018, no que se ten trasladado a necesidade de incluír, entre outras, medidas destinadas a aliviar as consecuencias sociais e rexionais do peche das minas.

Este real decreto establece e regula a concesión de axudas orientadas a fomentar o desenvolvemento alternativo das comarcas mineiras do carbón, entre outras, para a execución de proxectos de infraestruturas de carácter anual ou plurianual que serán financiadas con cargo aos créditos orzamentarios do Instituto para a reestruturación da minería do carbón e o desenvolvemento alternativo das comarcas mineiras (IRMC), no marco da política de desenvolvemento alternativo das zonas mineiras do carbón para o período 2013-2018.

O ámbito xeográfico establecido para estas axudas, artigo 4, establece que, con carácter excepcional se poderán contemplar actuacións concretas nos concellos afectados pola minaría do carbón na comunidade autónoma de Galicia e que detalla no Anexo II (A Coruña: A Capela,, As Somozas, Carballo, Carral, Cerceda, Culleredo, Laracha, Mañón, Monfero, Ordes, Ortigueira, San Sadurniño, Tordoia, Pontes de García Rodríguez. Lugo: Muras e Xermade).

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Grupo Parlamentario
Partido dos Socialistas de Galicia

Para a selección das actuacións que se pretendan financiar, crearase unha comisión de cooperación entre o Instituto para a reestruturación da minaría do carbón e desenvolvemento alternativo das comarcas mineiras (IRMC) e a Comunidade Autónoma, que se reunirán de modo ordinario, unha vez ao ano.

Tres anos e medio despois da entrada en vigor deste Real decreto, sendo o último ano do marco de actuación e cando se está a piques de iniciar a tramitación dos orzamentos xerais do Estado para 2018.

Por iso a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cales foron as xestión feitas pola Comunidade Autónoma de Galicia para dirixirse o Goberno Central e constituír á maior brevidade posible, a Comisión de Cooperación?

2ª) Cales foron as xestións feitas pola Comunidade Autónoma de Galicia para recuperar os fondos Miner anulados unilateralmente polo Goberno do Estado no ano 2011?

3ª) Cando vai convocar o Goberno galego a Mesa para o desenvolvemento do Plano do carbón 2006-2012 co fin de priorizar a recuperación dos fondos anulados unilateralmente polo Goberno central no ano 2011.

4ª) Cando vai solicitar o Goberno galego a constitución da mesa entre a Comunidade Autónoma de Galicia e os concellos relacionados no Anexo II do RD para establecer, á maio brevidade posible, a selección das actuacións e redactar os convenios de colaboración para cada unha das actuacións elixidas?

Pazo do Parlamento, 17 de abril de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 17/04/2018 13:54:12**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Grupo Parlamentario

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 17/04/2018 13:54:19**

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Partido dos Socialistas de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez,** deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Hai tempo que Pontevedra vén reivindicando a creación dun hospital único para unificar todos os recursos nun só edificio e dotar ao complexo dos servizos que lle corresponden en función da súa poboación e dos que carece na actualidade por falta de espazo. Por iso, hai uns 10 anos o goberno de Emilio Pérez Touriño aprobara a ampliación do Hospital de Montecelo aproveitando a existencia de espazo suficiente, accesos adecuados e servizos de auga, enerxía eléctrica e sumidoiros. Mais co cambio de goberno, en febreiro de 2010 a entón conselleira de Sanidade anunciaba un modelo para Pontevedra como o de Vigo, situado en Monte Carrasco e con maqueta incluída. Pero pouco antes das últimas eleccións autonómicas, Feijóo mudaba de opinión e por iso presentou en recentes días de novo unha maqueta, pero esta vez en imaxe e esta vez de ampliación do Hospital de Montecelo.

Existen numerosas dúbidas sobre varios aspectos do novo Montecelo, que son sistematicamente ninguneadas pola Xunta de Galicia sen ofrecer respostas concretas. Un destes casos céntrase no aparcadoiro, anunciado de ata 1400 prazas, unhas preto da nova área de urxencias e outras nun novo aparcadoiro de varias alturas. Mais aínda non foi concretado o sistema de xestión, sobre o que existe a percepción de que será privado (como está sendo habitual nos casos en que o actual goberno da Xunta de Galicia reordena os aparcamentos anexos aos centros hospitalarios, co paradigmático caso do Álvaro Cunqueiro) ou se utilizará outro tipo de modelo, pensado na necesidade de utilización por parte da cidadanía.

Outras dúbidas se focalizan nas fases e os tempos de construción, pois existe unha vontade de non concreción por parte da Xunta de Galicia, o

que evidencia que aínda falta un compromiso concreto de acción, mentres que se publicita numerosas veces o mesmo proxecto.



Existe debate entre os colectivos de profesionais, pacientes e cidadanía, sobre os servizos a ofrecer e a súa xestión. Tampouco hai claridade por parte da Xunta de Galicia á hora de confirmar que todos os servizos que se instalarán no novo Montecelo serán totalmente públicos, de xestión pública e con persoal público.

De maneira engadida, non se coñece moita información sobre os plans da Xunta de Galicia sobre o Hospital Provincial, e o seu futuro uso unha vez que o novo Montecelo poida estar a pleno funcionamento. Sería recomendable ter un plan de reorganización de servizos completo, tanto da transición entre un centro e outro como dos usos futuros do actual Hospital Provincial.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que modelo de xestión ten previsto o Goberno galego para o proxecto de novo aparcadoiro para o novo Hospital de Montecelo, en Pontevedra?
2. Ten o Goberno galego previsto un cronograma da construción?
3. Ten previsto o Goberno externalizar algún dos servizos da atención sanitaria?
4. Ten previsto o Goberno galego que se sitúe algún servizo de carácter sociosanitario na ampliación do Hospital de Montecelo? No caso de ser así, ten a previsión de que sexa un servizo integramente público en titularidade e persoal?
5. Pode garantir o Goberno galego que os servizos sanitarios ofrecidos no complexo hospitalario de Montecelo serán de carácter totalmente público, titularidade totalmente pública e con persoal público na súa totalidade?

Partido dos Socialistas de Galicia

6. Existe un plan funcional? Se a resposta fose positiva, cando vai abrir o Goberno a fase de participación pública?
7. Que usos planea que lle vai dar o Goberno ao edificio do Hospital Provincial durante a ampliación de Montecelo e unha vez que estea rematado?

Pazo do Parlamento, 13 de abril de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Luisa Pierres López
Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 17/04/2018 16:33:18**

**María Luisa Pierres López na data 17/04/2018 16:33:24**

**Julio Torrado Quintela na data 17/04/2018 16:33:28**

**Noela Blanco Rodríguez na data 17/04/2018 16:33:33**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/04/2018 17:54
Nº Rexistro: 29541
Data envio: 17/04/2018 17:54:16.741

GRUPO PARLAMENTAR en marea

# Á MESA DO PARLAMENTO

**Luís Villares Naveira e Carmen Santos Queiruga**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 1.ª.**

En xullo e agosto asistimos con estupor a un fallo de seguridade na plataforma LEXNET, a plataforma de comunicación segura entre os órganos xudiciais e os operadores xurídicos para intercambio de documentos xudiciais.

Foi un estudante que alertou da fenda de seguridade, e que avisou a LexNET e ao Ministerio de Xustiza a través dunha coñecida rede social, e tamén alertou ao grupo de delitos informáticos da garda civil.

O Ministerio de Xustiza posteriormente ao parcheo do fallo de seguridade que permitía o acceso a miles de documentos, procedeu a denunciar a este rapaz ante a Brigada de investigación tecnolóxica da Policía Nacional, por incumprimento do artigo 197 do CP sobre revelación de segredos, penado de 1 a 4 anos ou de 3 a 5 anos en concorrencia de circunstancias especiais que fan máis gravosa a pena.

A día de hoxe a Axencia Española de Protección de Datos na súa Resolución R/00433/2018, sinalou esta fenda da plataforma LexNet como unha infracción grave da Lei Orgánica de Protección de Datos pois permitía o acceso das persoas usuarias a caixas de correo persoais de terceiras persoas, inda que sinalan que non houbo afectación dos ficheiros xurisdicionais nin a expedientes completos. Tampouco se viron comprometidos documentos sobre as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado e da Fiscalía que non estiveron expostos en ningún momento, segundo esta resolución da Axencia Española de Protección de Datos.

Quedou demostrado que 140 usuarios accederon de xeito irregular a 150 caixas de correo que non eran súas e viron 1023 mensaxes de xeito non autorizado, sen descarga de contidos, inda que si que houbo 74 usuarias que si o fixeron descargando 431 mensaxes consistentes en notificacións xa practicadas nos 60 días anteriores.

Despois dun primeiro fallo e o seu parcheo o sistema volveu sufrir outra caída que implicou de facto que o sistema non estivese operativo nos últimos días do mes de xullo, período no que os xulgados intensifican as notificacións antes do período vacacional, o que implicou o colapso dos xulgados no envío e non recepción das mensaxes polas destinatarias, que ademais tiveron que buscar outras fórmulas para o envío das notificacións á espera do arranxo da plataforma.

O Ministerio de Xustiza atribuíulle ese fallo a empresa de seguridade que a desenvolve a plataforma LexNET.

Non quedan claras cales foron as medidas adoptadas para o peche desta fenda de seguridade nin que protocolos e medidas preventivas de cifrado e protección dos datos de terceiras persoas contidas nos escritos intercambiados entre os xulgados e as operadoras xurídicas, e se a fenda está superada ou é so un parcheo provisional ata que outra fenda sexa descuberta, nin se se están realizando as verificacións oportunas polo persoal experto en seguridade informática para un cifrado máis severo e codificación máis potente que non permita o acceso, e sobre todo quen pagará a sanción produto do incumprimento da LOPD.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1.ª:

1.- Ten constancia a Xunta que se accederan a expedientes de profesionais de Lexnet en Galicia?

GRUPO PARLAMENTAR en marea

2.- Comunicouse o Ministro de Xustiza co Conselleiro de Xustiza Sr. Rueda para darlle as explicacións oportunas do fallo de Lexnet? Que empresas traballan no desenvolvemento da plataforma Lexnet? Canto custou a mesma? Quen está a cargo do seu mantemento?

3.- Que medidas se levaron a cabo para tapar a fenda? Comprobouse a efectividade das mesmas? Que responsabilidade ten a empresa? Vaise tomar algún tipo de medida por a responsabilidade no caso? Se a resposta é afirmativa, que tipo de medidas?

4.- A AEPD cualificou a infracción da LOPD como grave, segundo o artigo 9 da mesma, por tanto cal é a sanción prevista? Que criterios de gradación se vai usar para a imposición da mesma? Quen vai pagar a mesma?

5.- Ten a Xunta constancia de se se tomaron medidas contra aquelas persoas que accederon as caixas doutras compañeiras? Que tipo de sancións van recaer, se é que se vai impor algunha?

6.- Ten a Xunta constancia das medidas penais tomadas contra a persoa que avisou do fenda de seguridade? Por que se toman medidas contra esta persoa? Non tería máis sentido que traballase na busca das fendas que puidesen existir nesta e noutras plataformas do Ministerio de Xustiza?

Santiago de Compostela, 17 de abril de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Carmen Santos Queiruga,

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/04/2018 17:54
Nº Rexistro: 29541
Data envio: 17/04/2018 17:54:16.741

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 17/04/2018 17:53:33**

**Carmen Santos Queiruga na data 17/04/2018 17:53:41**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2018 10:55
Nº Rexistro: 29548
Data envío: 18/04/2018 10:55:29.153

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

A concentración parcelaria de Catoira (Catoira-Pontevedra) foi declarada de utilidade pública, interese social e urxente execución polo Decreto 186/2000, do 29 de xuño (DOG nº 137, do 14 de xullo).

Decretada no 2000 , impúlsase no 2005 coa contratación e redacción do Estudo de Impacto Ambiental e proxecto de camiños. O levantamento topográfico e as bases provisionais son de outubro de 2006 e as bases definitivas de outubro de 2007.

No ano 2008 licitouse a realización do proxecto de concentración das novas leiras, a prospección arqueolóxica intensiva das trazas dos camiños e a execución da rede principal de camiños. Este último investimento cun orzamento total de 3.426.232,26 €.

En outubro de 2008 o delegado provincial do Medio Rural, Gonzalo Constenla, preside a xuntanza de ratificación do documento básico de identificación e de clasificación da propiedade e declara:

A priorización e impulso deste proceso de concentración parcelaria realizouse tendo en conta a aptitude agraria, moi especialmente polo cultivo de viñedo, das terras deste municipio, que forma parte da denominación de Viños da Terra de Barbanza e Iria,

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

á vez que supón unha clara aposta pola valorización da superficie rústica mediante a ampliación da base territorial das explotacións agrarias e forestais, co fin de superar a atomización da propiedade que impide a viabilidade das mesmas.

Comprende nunha superficie total de 2.900 ha., a totalidade do solo rústico do concello de Catoira, polo que foron excluídos os núcleos rurais de poboación. Trátase dunha gran superficie de 2.738 ha e de acusada complexidade, dada a estrutura da propiedade: 22.653 parcelas e os 2.433 propietarios. Comprende as parroquias de: San Pedro de Dimo, Santa Baia de Oeste, San Mamede de Abalo e a de San Miguel de Catoira, que fan a totalidade do concello.

En novembro de 2008 expóñense as bases definitivas tendo ata o día 3 de decembro prazo para consultalas, podendo facelo tamén na páxina web do concello. Anúnciase tamén que os boletíns individuais de cada propietario serán enviados por correo certificado en datas próximas comunicándoselles o prazo de 30días para presentaren as reclamacións que consideraren oportunas en canto a superficie ou clasificación das parcelas que lles corresponden.

Segundo se di na orde de 11 de febreiro de 2011 de Medio Rural, DOG-29:

"En fase de bases definitivas, comunicados aos titulares dos predios ás súas achegas, presentáronse numerosos escritos, ben de cambios de titularidade ou de falta de cabida.

Como consecuencia dos traballos de investigación da propiedade constatouse a gran fragmentación da zona (22.653 parcelas) -máis acusada do previsto nos estudos previos- e o elevado número de propietarios (2.433), o que provoca que os traballos de concentración -xa en por si complexos- resulten excesivamente complicados, o que ademais de redundar en prexuízo da súa calidade e desenvolvemento, ralentiza de xeito considerable e innecesario a marcha do proceso concentrador. Isto é máis acusado nas

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2018 10:55
Nº Rexistro: 29548
Data envío: 18/04/2018 10:55:29.153

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

parroquias de San Pedro de Dimo e Santa Baia de Oeste.”

Dise tamén que o proceso se ve ralentizado polos numerosos escritos xerados e argumenta que de se trataren de dous procesos independentes daría máis fluidez ó proceso xeral. E así se decreta.

E aquí remata tamén o proceso. Certas son as reclamacións, máis de 1000, mais tamén é certo que desde esa data 2008 nada se fixo e vai para 10 anos.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

-¿Cando se vai dá-la información debida ós afectados polo proceso de concentración parcelaria do Concello de Catoira?

-Cales son os escollos que levaron á interrupción do proceso?

-Canto se leva gastado no feito e en canto se calcula o custo do que resta por facer?

-Que ten pensado face-la Consellería para rematar con ben este proceso que demanda a veciñanza do concello de Catoira?

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

PARLAMENTO DE GALICIA
DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2018 10:55
Nº Rexistro: 29548
Data envio: 18/04/2018 10:55:29.153

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 18/04/2018 10:53:50**

**María Montserrat Prado Cores na data 18/04/2018 10:53:56**

**Ana Pontón Mondelo na data 18/04/2018 10:53:58**

**Olalla Rodil Fernández na data 18/04/2018 10:53:59**

**Noa Presas Bergantiños na data 18/04/2018 10:54:00**

**Xosé Luis Bará Torres na data 18/04/2018 10:54:02**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2018 11:11
Nº Rexistro: 29551
Data envío: 18/04/2018 11:11:17.872

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

# Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao e Luís Villares Naveira,** deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5.ª.**

O informe da Valedora do Pobo, que acaba de entrar na Cámara, correspondente ao ano 2017, no seu capítulo II adicado a área de Servizos Socias, recolle varios datos preocupantes ao respecto das Axudas de Inclusión Social de Galicia.

AES

| | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 | 2016 | 2017 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Total nº de axudas concedidas | 2.595 | 2.537 | 2.841 | 2.781 | 2.934 | 2.623 |
| Solicitudes rexistradas no ano | 4.307 | 4.755 | 4.087 | 4.575 | 4.275 | 4.661 |
| Presuposto inicial (mills. de euros) | 3 | 4,5 | 4,5 | 4,5 | 4,5 | 3,2 |

Fonte: Xunta de Galicia.

Do cadro resumo sobre as concesión e solicitudes anuais das axudas, debemos destacar a evidente reducción do orzamento previsto, e a súa conxelación para o ano 2018, así como a reducción da concesión deste tipo de axudas en máis de 300 con respeto ao ano 2016, a pesar de terse incrementado o número de solicitudes.

Os datos de execución orzamentaria entregados polo Goberno, informan dunha cantidade total utilizada no 2017 de 3.006.000€ o que supón a non utilización de 217.000€ que utilizando os datos do goberno poderían ter atendido a preto de 200 familias en situación de necesidade.

Dado que o propio informe recolle varias queixas sobre os motivos das denegacións das axudas, sobre todo referente a petición de información e documentación adicional aos solicitantes, sen que a consellería especifique que información debe achegarse. Pode existir un endurecemento dos criterios de avaliación das condicións para acceder as axudas, que son descoñecidos por esta cámara, así como a falta de proactividade da Xunta para dar a coñecer a posibilidade de acudir a este modelo de axuda de carácter social.

Os datos orzamentarios e de execución impiden entender esta actuación da Xunta para impedir o cobro deste tipo de axudas a numeras familias galegas.

Por todo isto os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.ª:

Cal é o motivo da non execución total do orzamento destinado a este tipo de axudas?

Con que criterio a Xunta non incrementa os recursos para este tipo de axudas na situación actual?

Ten resolto a consellería a mecanismo de petición adicional de información e documentación aos solicitantes para evitar posibles casos de indenfensión?

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 18/04/2018 11:10:21**

**Luis Villares Naveira na data 18/04/2018 11:10:28**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 29563
Data envío: 18/04/2018 14:04:23.358

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

**Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez,** deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta oral **na Comisión 4.ª**, relativa á integración das profesionais e dos profesionais de Educación Social en toda a educación obrigatoria primaria e secundaria, así como na infantil.

O recoñecemento da Educación Social produciuse no ano 1991 co Real Decreto 1420/1991 que recolle o deseño curricular das formacións da diplomatura universitaria de educación social, segundo a reforma universitaria do ano 1981, para os campos da educación non formal, adultos (incluía a terceira idade) a inserción das persoas inadaptadas e con diversidade funcional así como a acción socioeducativa (R.D. 1420/1991, BOE do 10 do outubro.

En Galicia, ca lei 1/2001 do 22 de xaneiro aprobouse a creación do Colexio de educadores Sociais de Galicia. Esta lei creou a corporación de dereito público, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins con ámbito dentro de todo o territorio galego. Nela tamén se recollen os supostos de incorporación ao citado colexio e os requisitos mínimos para exercer a profesión.

Os educadores tiveron un papel activo na educación non formal, na educación de persoas adultas, a inserción de persoas en risco de exclusión social e persoas con diversidade funcional así como na acción socioeducativa.

A comunidade pioneira na iniciativa da introdución dos educadores sociais na educación foi Estremadura que en setembro do 2002 contrataría a 118 destes profesionais un por cada instituto do ensino secundario

Este ano pasado na CCAA de Baleares, 10 institutos das Illas Baleares contarán no curso 2017/2018 con educadoras e educadores sociais segundo un anuncio da

Conselleira de Servizos Sociais e o Conselleiro de Educación e Universidade que se distribuíron en 10 profesionais dos que 6 se distribuirían na Illa de Mallorca, 2 en Menorca e 2 en Ibiza.

O persoal técnico de intervención sociocomunitaria (TISOC) son educadores sociais que traballan co alumnado en risco de exclusión social nos institutos de secundaria e actuarán dentro da comunidade educativa con miras a acadar varios obxectivos, entre eles, o rendemento económico, as habilidades sociais, a prevención de conflitos, a mediación e a resolución na comunidade escolar dos mesmos. Ademais, traballan na redución do absentismo e fracaso escolar, mellora as competencias das persoas con discapacidade, a súa integración na comunidade escolar e aquelas que se atopan en risco de exclusión social.

En Galicia, o Colexio de educadoras e de educadores sociais de Galicia precisa unha Lei reguladora do exercicio da profesión.

Entre as reivindicacións do colectivo atópase a inclusión da figura de educador social nos centros educativos, incluídos nos Departamentos de Orientación.

A presenza e intervención nos centros escolares  da figura de educadoras e educadores sociais tería como obxectivos a colaboración no desenvolvemento das habilidades sociais e autonomía persoal do alumnado, entre eles aqueles que presentan situacións de risco e na intervención ca mocidade, e ademais, posibilitarían a implementación de protocolos e educación, en colaboración coas ANPAS, nos centros educativos e a prevención da loita contra o acoso escolar ou "bullyng" e a contribución á normalización da orientación sexual, no ámbito da promoción da igualdade recollida na Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.

Doutra banda, participarían na educación, prevención e detección de violencia de xénero mediante a aplicación de xeito transversal da Lei Orgánica 1/2004, de 28 do decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero e o decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto

refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, ofrecendo deste xeito unha educación transversal en igualdade e en educación e prevención de violencia de xénero ligada a esta.

Ademais, tamén redundaría na introdución na educación e no coñecemento das leis de protección a infancia e adolescencia e os dereitos e deberes das crianzas, a L.O. 1/1996 de protección xurídica das persoas menores, a Lei 26/2015, de 28 do xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e a adolescencia, así como a normativa internacional sobre dereitos das crianzas e adolescentes contidos na Convención da ONU de dereitos das persoas menores de 1989, Convención ONU sobre dereitos das persoas con discapacidade do 13 de maio de 2006, o Convenio sobre a protección das persoas menores e a cooperación en materia de adopción internacional, do 29 de maio de 1993, o convenio sobre competencia, lei aplicable, recoñecemento, execución e cooperación en materia de responsabilidade parental e de medidas de protección das persoas menores de 28 do maio de 2010, así como os Convenios do Consello de Europa, sobre adopción de menores, 27 de novembro de 2008, o Convenio sobre protección de persoas menores contra a explotación e o abuso sexual, de 25 de outubro de 2007, e o Convenio Europeo sobre o exercicio dos Dereitos dos Menores, do 25 de xaneiro de 1996 e o Regulamento 2201/2003 do Consello de 27 novembro de 2003, sobre competencia, recoñecemento e a execución de resolucións xudiciais en materia matrimonial e de responsabilidade parental.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Considera a Xunta de Galicia, necesario crear unha Lei de regularización da profesión de Educación social e dos e das profesionais que nela interveñen, na que participen todas as profesionais do ámbito educativo?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 29563
Data envío: 18/04/2018 14:04:23.358

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

- Pensa a Xunta de Galicia integrar ás  e aos profesionais de Educación Social en toda a educación obrigatoria de primaria e secundaria, así como na infantil?
- Cren que se debe conveniar coas ANPAS a introdución de contidos específicos?

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2018.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda
Luca Chao Pérez
Deputadas do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 18/04/2018 13:50:54**

**Luca Chao Pérez na data 18/04/2018 13:51:19**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 29570
Data envío: 18/04/2018 14:27:54.764

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

**Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez,** deputadas do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta oral **na Comisión 4.ª**, relativa ao amianto do colexio A Ramallosa.

O amianto é un material de orixe mineral formado por silicatos fibrosos. A súa capacidade para adoptar formas moi flexibles, así como a súa tremenda resistencia ao calor e aos produtos químicos, fixo del un produto moi ben valorado na industria. Ademais, é moi barato. Foi por iso que entre os anos 60 e 90 se fixo moi popular na construción, na fabricación de trens, barcos, vehículos (cambios e freos), na siderurxia, nas centrais térmicas e nucleares, e en materias téxtiles, envases e revestimentos. En total, hai amianto en máis de 3.000 tipos de produtos distintos. Só en España calcúlase que hai 2,6 toneladas deste material, a pesar de que leva tempo prohibido, tanto no noso país como no resto da Unión Europea.

O motivo da súa prohibición é o risco inmenso que supón para a saúde. Cando o amianto está deteriorado, desprende filamentos microscópicos que quedan suspendidos no aire. Os filamentos son indestrutibles e, ao ser respirados, causan danos severos á saúde, moitos dos cales son difíciles de observar en períodos curtos de tempo e son confundidos cos males provocados polo tabaco. Así é que, aínda que non podemos precisar a magnitude da ameaza, si podemos asegurar que na actualidade o amianto é unha das principais causas de mortalidade laboral.

Entre as diferentes enfermidades causadas polo amianto cabería destacar o cáncer de pulmón, o mesotelioma e a asbestose (fibrose pulmonar), ademais das placas,

os engrosamentos e derrames pleurais, e o cáncer de larinxe, entre outros tumores malignos.

A parte máis triste dos danos causados polo amianto é que puideron terse evitado. Xa no ano 1906 diagnosticouse unha fibrose pulmonar froito da súa inhalación. Décadas máis tarde, no 1935, relacionouse co cáncer de pulmón, vinte anos antes de que se establecera a mesma relación co tabaco. Tamén hai probas que o vinculan ao cáncer pleural dende 1947. Polo tanto, o seu uso indiscriminado na industria só pode contemplarse como unha neglixencia por parte das institucións encargadas de velar pola saúde pública. Neglixencia que chega ata os nosos días, xa que, por culpa da inactividade dos gobernos autonómicos e estatais, o amianto continúa sendo, aínda hoxe, unha ameaza para a poboación galega. A pesar dos perigos mencionados, nin sequera contamos cun mapa de estruturas nas que pode estar presente o amianto.

Entre os moitos edificios con amianto, está o colexio A Ramallosa, de Teo. O edificio non coñeceu unha soa obra de envergadura dende que foi construído fai 50 anos, polo que foi sumando deficiencias ata converterse nun barracón insalubre: frío e húmido, carece do acondicionamento mínimo para que os rapaces e rapazas poidan formarse nunhas condicións dignas. No ano 2013, a Anpa intentou que a Xunta valorara a capacidade enerxética do edificio para que tomara medidas, pero recibiu o silencio por resposta. No 2015-2016, a Anpa volveu reclamar, pero, para sorpresa de ninguén, tampouco recibiu resposta.

Así as cousas, os nenos e nenas de A Ramallosa están expostos, por unha banda, á intoxicación por amianto e, por outra, ás enfermidades derivadas do frío intenso e a humidade que caracterizan a nosa terra.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 29570
Data envio: 18/04/2018 14:27:54.764

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Que levou á Xunta de Galicia a ignorar as demandas do centro educativo de A Ramallosa? A situación de deterioro manifesto do colexio non lle parece o bastante grave?
- Cando pensa o Goberno retirar o amianto do colexio?
- Na estrutura de cantos colexios galegos hai aínda amianto?
- A Xunta de Galicia conta cun mapa dos edificios con amianto? Se non é así, por que non o elaborou? Non considera que o amianto sexa un problema de saúde pública?

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2018.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 18/04/2018 14:24:10**

**Luca Chao Pérez na data 18/04/2018 14:24:18**

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo,** deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

A Lei 18/2011, de 5 de xullo, reguladora do uso das tecnoloxías da información e comunicación na Administración de xustiza, foi un paso para a súa modernización. Regulou por vez primeira o expediente xudicial electrónico en España. Facíase así efectivo o dereito á tutela xudicial efectiva, sendo un dos elementos máis relevantes a incorporación nas oficinas xudiciais das novas tecnoloxías, que permiten abaratar os costes do servizo público de xustiza e que actualizan o dereito fundamental a un proceso público sen dilacións indebidas.

En virtude desta lei, o día 1 de xaneiro de 2016 comezaron as notificacións telemáticas a través do sistema LexNet, mais con multitude de problemas. Hai tempo que os distintos operadores xurídicos advertían de que a fiabilidade do sistema non era boa, que non era fiable nin controlable. E así foi: a plataforma caía o día 27 de xullo de 2017, era obxecto de varios ciberataques, en menos de 24 horas e tras 60 millóns de euros para arranxalo caía de novo e a comezos de setembro volvía caer...

En data 22 de decembro de 2017, o Goberno respondía a este grupo parlamentario que solicitara a principios de agosto información ao Ministerio de Xustiza sobre a dispoñibilidade, seguridade e medidas para garantir a funcionalidade do sistema, ademais de, posteriormente, ter comunicado a ese Ministerio que o Pleno do Parlamento acordara demandar unha auditoría exterior e independente sobre a implantación da Administración dixital na xustiza e a adopción de todas as medidas para o axeitado funcionamento do sistema LexNet. O certo é que o propio ministro de xustiza aseguraba en sede parlamentaria que o

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2018 16:41
Nº Rexistro: 29612
Data envío: 18/04/2018 16:41:12.358





problema fose resolto sen afectar á seguridade das persoas usuarias ou dos procedementos.

Non obstante, a Axencia Española de Protección de Datos dixo que a Subdirección Xeral de Novas Tecnoloxías da Xustiza infrinxiu a Lei orgánica de protección de datos, polo que acaba de impoñer sancións. Houbo acceso ás notificacións, traslado de escritos, demandas, partes hospitalarios...

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que ten que dicir o Goberno galego sobre as sancións da Axencia Española de Protección de Datos pola infracción da Lei orgánica de protección de datos por parte do Ministerio de Xustiza?
2. Ten noticias o Goberno galego de cantos cidadáns de Galicia se viron afectados polos fallos na plataforma LexNet?
3. Cando vai implantar o Goberno unha auditoría externa propia que avalíe a implantación do sistema LexNet en Galicia?

Pazo do Parlamento, 18 de abril de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 18/04/2018 16:40:00**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 18/04/2018 16:40:07**

Grupo Parlamentario

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 18/04/2018 16:40:12**

Partido dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2018 18:27
Nº Rexistro: 29617
Data envío: 18/04/2018 18:27:09.702

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

# Á MESA DO PARLAMENTO

**Carmen Santos Queiruga e Luis Villares Naveira,** deputada e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea,** ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte PREGUNTA para a súa resposta oral na **Comisión 1.ª.**

O 31 de xaneiro rexistrabamos a Pregunta escrita doc. nº 24496, na que solicitabamos varios datos sobre a viaxe ás Azores de varios membros da Xunta en xullo de 2016, a Xunta contestou por escrito o 17 de abril deste ano, obviando as preguntas que fixo este grupo; nin relación de membros que participaron na viaxe, nin contía dos gastos por concepto. É mais, a Xunta, nun exercicio de opacidade inexplicable, salvo que traten de ocultar algo, búrlase dos lexítimos representantes da cidadanía na Cámara galega coa seguinte expresión: "no que respecta ao custo do desprazamento, foi o imprescindible para levar a cabo o programa previsto".
Todo isto, ademais do que supoñemos un erro tipográfico, xa que a resposta con número de rexistro 29480, fai referencia a unha pregunta escrita do noso grupo con número de rexistro 22490 que non existe.

Polo que o grupo parlamentar vese na obriga de volver a facer as mesmas preguntas que de forma inaceptable non foron respostadas polo Goberno.

Por todo isto, as deputadas asinantes presentamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Cal foi o custe da viaxe desagregado por conceptos?

- Cal é motivo polo que a Xunta de Galicia se nega a dar esta información ?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2018 18:27
Nº Rexistro: 29617
Data envio: 18/04/2018 18:27:09.702

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2018.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga
Luís Villares Naveira
Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Santos Queiruga na data 18/04/2018 18:22:38**

**Luis Villares Naveira na data 18/04/2018 18:22:45**

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

**Á MESA DO PARLAMENTO**

**Carmen Santos Queiruga e Luís Villares Naveira,** deputada e deputado do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte PREGUNTA para a súa **resposta oral** na **Comisión 1.ª.**

O 31 de xaneiro rexistrabamos a Pregunta escrita doc. nº 24744, na que solicitabamos varios datos sobre a viaxe a Bos Aires de varios membros da Xunta en maio de 2017, a Xunta contestou por escrito o 17 de abril deste ano, obviando as preguntas que fixo este grupo; nin relación de membros que participaron na viaxe, nin contía dos gastos por concepto. É mais, a Xunta, nun exercicio de opacidade inexplicable, salvo que traten de ocultar algo, búrlase dos lexítimos representantes da cidadanía na Cámara galega coa seguinte expresión: “no que respecta ao custo do desprazamento, foi o imprescindible para levar a cabo o programa previsto”.

Polo que o grupo parlamentar vese na obriga de volver novamente a facer as mesmas preguntas que de forma inaceptable non foron respostadas polo Goberno.

Por todo isto, as deputadas asinantes presentamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Cal foi custe da viaxe desagregado por conceptos?
- Cal é motivo polo que a Xunta de Galicia se nega a dar esta información?

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2018.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2018 18:27
Nº Rexistro: 29618
Data envio: 18/04/2018 18:27:35.858

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Luís Villares Naveira

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Santos Queiruga na data 18/04/2018 18:22:15**

**Luis Villares Naveira na data 18/04/2018 18:22:22**

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Carmen Santos Queiruga e Luís Villares Naveira,** deputada e deputado do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte PREGUNTA para a súa resposta oral na **Comisión 1.ª.**

O 31 de xaneiro rexistrabamos a Pregunta escrita doc. nº 24743, na que solicitabamos varios datos sobre a viaxe a París de varios membros da Xunta en abril de 2017. A Xunta contestou por escrito o 17 de abril deste ano, obviando as preguntas que fixo este grupo; nin relación de membros que participaron na viaxe, nin contía dos gastos por concepto. É máis, a Xunta, nun exercicio de opacidade inexplicable, salvo que traten de ocultar algo, búrlase dos lexítimos representantes da cidadanía na Cámara galega coa seguinte expresión: "no que respecta ao custo do desprazamento, foi o imprescindible para levar a cabo o programa previsto".

Polo que o grupo parlamentar vese na obriga de volver facer as mesmas preguntas que de forma inaceptable non foron respostadas polo Goberno.

Por todo isto, as deputadas asinantes facemos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión :

- Cal foi o custe da viaxe desagregado por conceptos?
- Cal é motivo polo que a Xunta de Galicia se nega a dar esta información ?

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2018.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2018 18:27
Nº Rexistro: 29619
Data envio: 18/04/2018 18:27:58.874



Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Luís Villares Naveira

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Santos Queiruga na data 18/04/2018 18:21:29**

**Luis Villares Naveira na data 18/04/2018 18:21:36**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2018 09:30
Nº Rexistro: 29623
Data envío: 18/04/2018 18:52:59.983

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Losada Álvarez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos.

No Proxecto de orzamentos xerais do Estado para 2018 consignan 42,5 millóns de euros para Galicia do Fondo de Compensación Interterritorial (FCI), é dicir, un 4,1 % menos que no 2017, rexistrando o segundo maior descenso de todas as comunidades autónomas.

Polo exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Considera o Goberno galego a converxencia, en renda e riqueza, entre as comunidades autónomas, un obxectivo político prioritario?

2ª) Considera o Goberno galego que o FCI está a cumprir os obxectivos para o que foi creado?

3ª) Considera o Goberno galego que as cantidades consignadas nestes últimos anos para o FCI permite cumprir os obxectivos para os que foi creado o Fondo?

4ª) Ten feito o Goberno galego algunha xestión diante do Goberno de España para incrementar a contía do FCI?

5ª) De telas feito, cales foron?

Pazo do Parlamento, 16 de abril de 2018

Asdo.: Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Abel Losada Álvarez
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 17/04/2018 18:21:01**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 17/04/2018 18:21:09**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2018 10:42
Nº Rexistro: 29635
Data envío: 19/04/2018 10:42:41.508

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Luis Bará Torres**, **Olalla Rodil Fernández**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

O 2 de febreiro de 2017 o Pleno do Concello de Gondomar aprobou a integración de Gondomar no *Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galiza na área de trasporte metropolitano de Vigo*. Tamén nesa data, aprobou a consignación económica correspondente. Posteriormente trasladou á Consellería a documentación correspondente, tendo a día de hoxe todo o trámite necesario para súa inclusión no citado Convenio.

Mais a día de hoxe o Goberno da Xunta está a impedir que a integración sexa efectiva xa que aínda non convocou a Comisión de Seguimento do devandito Convenio na que se poida incluír o noso concello, membro nato da Área Metropolitana de Vigo. Dita comisión non se convoca desde abril de 2017, incumprindo así a cláusula *4.3.- Operatividade* na que se indica que "a comisión reunirase cunha periodicidade cando menos semestral".

Polo anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2018 10:42
Nº Rexistro: 29635
Data envío: 19/04/2018 10:42:41.508

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Cando ten previsto a Xunta de Galiza convocar a Comisión de Seguimento do "Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galiza na área de trasporte metropolitano de Vigo" -que non se reúne desde o 7 de abril de 2017, incumprindo así a cláusula 4.3.-Operatividade na que se indica que "a comisión reunirase cunha periodicidade cando menos semestral?

2. Por que a Xunta de Galiza non tramita a solicitude do Concello de Gondomar para se incorporar ao transporte metropolitano, de xeito que a súa veciñanza poida dispoñer da tarxeta metropolitana e beneficiarse dos descontos no importe dos billetes, co conseguinte aforro nos gastos de desprazamento?

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**
**Olalla Rodil Fernández**
**Noa Presas Bergantiños**
**Montserrat Prado Cores**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
**Ana Pontón Mondelo**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Xosé Luis Bará Torres na data 19/04/2018 10:37:40**

**María Montserrat Prado Cores na data 19/04/2018 10:38:49**

**Ana Pontón Mondelo na data 19/04/2018 10:38:51**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 19/04/2018 10:38:52**

**Olalla Rodil Fernández na data 19/04/2018 10:38:54**

**Noa Presas Bergantiños na data 19/04/2018 10:38:56**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2018 10:48
Nº Rexistro: 29637
Data envío: 19/04/2018 10:48:58.383

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

# Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao**, **Eva Solla Fernández** e **Luís Villares Naveira**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea,** ao ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5.ª**

O Hospital de Monforte é referencia para unha poboación dunhas 40.000 persoas, unha poboación envellecida que supón que aumentan determinadas patoloxías e que aumenta o número de pacientes con mobilidade reducida e, consecuentemente, as necesidades de esforzo do persoal.

En canto ás especialidades, Monforte ten un problema de envellecemento da plantilla médica. Faltan especialistas en Dixestivo (falta unha praza), Radioloxía (falta unha praza) e Cardioloxía (falta unha praza), o que aumenta as listas de agarda, habendo persoas que superan os seis meses en lista de agarda. Tamén son excesivas as listas de agarda en Oftalmoloxía, Endocrinoloxía, Neuroloxía e Dermatoloxía.

En oncoloxía, o Hospital de Día aumentou a necesidade de probas de TAC urxentes, pero, ao non reforzarse a plantilla de Radioloxía, a lista de agarda aumenta para as probas ordinarias.

Cirurxía estase baleirando de carga de traballo no Hospital Comarcal de Monforte, trasladando intervencións de cirurxía xeral a Lugo.

A proba de cribado de prevención de cancro de colon, que está dispoñible para os municipios do Saviñao e Chantada, realízase en Lugo.

No caso dos e das pacientes de oncoloxía, o transporte aos centros sanitarios para o tratamento sigue sendo moi lento e penoso para as persoas enfermas.

En canto á pediatría, ao non cubrírense as baixas, o persoal realiza gardas moi prolongadas.

No que ten que ver co persoal non facultativo, o persoal da Planta de Especialidades e Medicina Interna ten denunciado a sobrecarga de traballo, tendo que priorizar tarefas e deixar sen realizar todas as que lle corresponden (por exemplo, non levantar pacientes encamados durante a mañá, o que aumenta o risco de aparición de úlceras por presión e ralentiza a súa recuperación). Só hai dúas auxiliares en quenda de mañá e só unha auxiliar e unha enfermeira para a noite, con 28 camas por planta. Ademais, só un celador.

Dende a dirección do Hospital intentaban resolver a situación con algún contrato puntual e con reforzos de persoal doutros servizos en momentos de máis carga asistencial, durante algunhas horas. Chégase a parchear plantas con pacientes infecciosos con persoal de Quirófano, un servizo que debe ser estéril. Estes reforzos puntuais, veñen a amosar que o servizo é estruturalmente precario.

Nestas plantas os cambios de pañais da quenda de noite fanse a partir das seis da mañá e debido á falta de persoal os aseos remátanse as 13 horas ou máis, estando os doentes durante todo ese tempo sen cambiar, sen poderse levantar polas mañás, etc.

En canto a celadores, é insuficiente que só haxa dúas prazas para todo o Hospital.

Como sinala a CIG, "a subdirectora de enfermaría recoñeceu nunha reunión coa Xunta de Persoal o déficit de profesionais no H.C. de Monforte. Segundo ela, faltan para o bo funcionamento do hospital 26 enfermeiras e 6 TCAE, e nin sequera é capaz de reforzar as plantas os días que están desbordadas."

Así, a propia dirección do Hospital recoñeceu as necesidades de persoal non facultativo, fixándoas en 26 enfermeiras/os máis e 6 TCAEs, tanto en Hospitalización, como noutros servizos, incluído HADO, que non está suficientemente implantado, pois só hai 1 médico e 2 enfermeiras a quendas, localizables, que cobren só de mañá un radio de 20-25 km do Hospital.

O Conselleiro de Sanidade afirmou en pleno que o Hospital conta cun cadro de persoal axeitado ás necesidades. Isto desmóntase coas propias auditorías citadas, que demostran que, canto menos, cómpre unha praza máis de celador na quenda de noite, ademais, que se precisan máis médicos/as de urxencias (debido á falta de persoal excédese a xornada ordinaria), que non hai persoal sanitario para a zona de críticos e que o 55% dos contratos efectuados son dun só día de duración.

Ademais, a subdirección de enfermería cambiou unilateralmente as carteleiras da maioría do persoal do Hospital, sen negociación cos sindicatos nin co persoal, tal e como ten denunciado a Xunta de Persoal. No caso das matronas, viñan funcionando dende a apertura do Hospital con quendas longas, que son, ademais, os recomendables dende o punto de vista clínico, nun servizo de tan pouca carga asistencial como é o de partos no Hospital de Monforte, posibilitando que unha mesma profesional atenda durante todo o traballo de parto.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2018 10:48
Nº Rexistro: 29637
Data envío: 19/04/2018 10:48:58.383



O Hospital de Monforte tamén ten carencias en canto a instalacións e mobiliario, así como deficiencias no material de uso sanitario.

Continúa pendente no Hospital a reforma das duchas e de parte dos cuartos de baño das habitacións de hospitalización, o que dificulta a mobilidade de pacientes e o traballo do persoal con pacientes con mobilidade reducida.

Moito mobiliario é antigo e está obsoleto. Aínda quedan habitacións con cadeiras e mesillas rotas, sillóns deteriorados e moi incómodos ou armarios inadecuados, que son os mesmos que cando se inaugurou o Hospital.

Nas plantas de Traumatoloxía e Cirurxía substituíronse os vellos armarios por uns novos de taboleiros, por parte dunha empresa, traballos que poderían terse feito con persoal propio, pero xa non hai carpinteiro fixo no Hospital. A centralización da xestión serviu para amortizar prazas.

Unha das cuestións que é preciso resolver é mudar as ventás simples de todo o Hospital para mellorar a eficiencia enerxética. No verán de 2015 pechárase a planta de Medicina Interna coa escusa de que era para acometer a colocación de dobre ventá e non se fixo, "porque non deu a autorización Lugo", sinalou a CIG.

Tamén é necesario a ampliación do espazo do Hospital de Día, para permitir a privacidade dos e das pacientes.

Ademais, a Xunta de Persoal trasladounos ao grupo de En Marea a preocupación polo estado estrutural da fachada, da que se chegara a facer un estudo sobre a súa situación, non coñecido.

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Tamén, as fortes choivas do inverno de 2016/2017 provocaron a aparición de goteiras na planta de Medicina Interna e de Especialidades, así como na entrada da sala de espera do Hospital de Día, sinalando o Sergas que dita auga procedía dunha das terrazas, co cal cómpre que a Xunta aclare se dita terraza ten algún problema estrutural e se se arranxaron todos os problemas de canalóns mal colocados.

O material de uso sanitario, dende que se centralizaron as compras, é de peor calidade. Os guantes rachan con frecuencia, de xeito que cando antes se usaba un par, agora hai que usar tres, o que compromete a seguridade de persoal e de pacientes. O mesmo sucede con vendas, gasas, calzas de Quirófano, batas… De cueiros, só hai a talla L; para conseguir outra talla hai que facer unha petición expresa.

Todas estas cuestións teñen que ver coa perda de capacidade de xestión da área sanitaria que agora a Xunta convirte, coa nova reforma da Lei de Saúde, en distrito: o afastamento da xestión a Lugo conlevou o aumento das derivacións de pacientes con patoloxías e intervencións cirúrxicas que poderían terse atendido en Monforte, aumentou as listas de agarda en determinadas especialidades e deteriorou o servizo de mantemento, totalmente dependente de Lugo, para calquera arranxo.

Dende a estruturación da EOXI en 2013, hai unha xerencia no Hospital meramente executiva, sen capacidade de decisión nin de gasto, que non é quen de resolver os problemas do Hospital de Monforte.

Polo exposto, as deputadas e o deputado que subscriben formulan á Xunta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.ª:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2018 10:48
Nº Rexistro: 29637
Data envio: 19/04/2018 10:48:58.383

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

1. Vai a Xunta negociar, cos e coas representantes do persoal do Hospital de Monforte, o aumento do persoal sanitario non facultativo necesario para adecualo ás necesidades?

2. Vai a Xunta resolver a falta de especialistas no Hospital Comarcal de Monforte?

3. Ten previsto a Xunta fomentar contratos estables para o persoal?

4. Considera a Xunta que o cadro de persoal do Hospital Comarcal de Monforte é o axeitado ás necesidades?

5. Considera a Xunta adecuada a carga de traballo para o persoal das plantas de Medicina Interna e Especialidades?

6. Por que se está infrautilizando os servizos cirúrxicos do Hospital Comarcal de Monforte?

7. Cales son as listas de agarda non estruturais no Hospital Comarcal de Monforte?

8. Cantas derivacións á Sanidade privada se teñen producido no Hospital Comarcal de Monforte en cada especialidade dende o ano 2013?

9. Cantas derivacións de intervencións de cirurxía xeral se teñen producido no Hospital de Monforte ao HULA dende 2013?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2018 10:48
Nº Rexistro: 29637
Data envio: 19/04/2018 10:48:58.383



10. Cantas colonoscopias de persoas do distrito sanitario de Monforte se teñen realizado en Lugo, no marco do programa de cribado de cancro de colon?

11. Cantas resonancias se teñen derivado a centros privados dende 2013?

12. Estase a reducir a actividade en radioloxía xeral por derivación de probas a centros privados?

13. Dispón a Xunta dalgún informe técnico sobre o estado da fachada do Hospital de Monforte?

14. Cando vai a Xunta implantar o servizo de Hemodinámica 24 h en Lugo?

15. Considera axeitado o tipo de transporte das e dos pacientes de oncoloxía?

16. Cal é o cronograma no que a Xunta ten previsto renovar todo o mobiliario e deficiencias estruturais do Hospital de Monforte?

17. Vai a Xunta recuperar a Área Sanitaria de Monforte con capacidade de xestión?

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Eva Solla Fernández

Luís Villares Naveira

Deputadas e deputado do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2018 10:48
Nº Rexistro: 29637
Data envío: 19/04/2018 10:48:58.383

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 19/04/2018 10:48:16**

**Eva Solla Fernández na data 19/04/2018 10:48:24**

**Luis Villares Naveira na data 19/04/2018 10:48:31**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2018 11:15
Nº Rexistro: 29648
Data envío: 19/04/2018 11:15:12.086

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

1. O Goberno do Estado vetou por dúas veces a tramitación polo Congreso da proposición de lei de transferencia da AP 9 aprobada por unanimidade polo Parlamento galego. A principal razón do veto á toma en consideración da citada lei, na súa segunda formulación, foi a aplicación do apartado sexto do artigo 134 da Constitución, co argumento de que “a aprobación da proposición de lei suporía un aumento dos créditos orzamentarios, polo que o goberno nos presta a súa conformidade para a súa tramitación”.

Malia este informe do goberno, a realidade é que o veto á admisición a trámite foi unha decisión política da mesa do Congreso, cos votos do PP e Ciudadanos. E esta decisión adoptouse en contra do criterio da asesoría xurídica do Congreso a respecto da capacidade de veto do goberno ao amparo do citado artigo da Constitución. O informe da letrada xefa do Congreso baséase en dous argumentos irrebatíbeis:

1º) A facultade de veto do goberno debe ter un uso “excepcional”, porque se non “impide que as cámaras exerzan a función lexislativa”: O artigo 134 da Constitución non concede ao goberno “un dereito de veto ilimitado que poida cercenar a iniciativa lexislativa do Congreso”. Tal como o está a aplicar o goberno supón na práctica a non

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2018 11:15
Nº Rexistro: 29648
Data envío: 19/04/2018 11:15:12.086

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

separación dos poderes executivo e lexislativo: "Se se aplica e admite esa aplicación, a potestade lexislativa queda nas mans do Goberno, o que supón a maior contradición cos poderes do Congreso e do Senado".

2º) Os informes do goberno refírense a un incremento de créditos sen determinarr as partidas concretas dos orzamentos xerais do Estado que se verían afectadas, polo que se conclúe que non vale unha avaliación xenérica do impacto económico.

2. O martes 17 de abril coñeceuse unha sentenza do Tribunal Constitucional que establece que o goberno non ten dereito ilimitado de veto á tramitación de proposicións de lei, e que ademais debe precisar as partidas orzamentarias concretas que se verían afectadas. Por outra parte, a sentenza determina que “o veto orzamentario non poderá exercerse por relación a orzamentos futuros, que aínda non foron elaborados polo Goberno nin sometidos polo tanto a aprobación".

3. Do anteriomente sinalado deríavase o uso abusivo por parte do goberno das facultades ás que fai referencia o apartado sexto do artigo 134 da Constitución. Fica claro que na tramitación da proposición non de lei de transferencia da AP9 aprobada polo parlamento galego produciuse unha interferencia do poder executivo sobre o lexislativo, e que se trata dun veto político apoiado polo PP e Ciudadanos.

4. O BNG ten presentado un recurso diante do TC contra o veto e a favor da tramitación polo Congreso da proposición de lei, mais tendo en conta a citada sentenza e o informe da asesoría xurídica do Congreso consideramos necesario reactivar a tramitación da lei de transferencia da AP 9.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2018 11:15
Nº Rexistro: 29648
Data envio: 19/04/2018 11:15:12.086

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

1. Como avalía o Goberno galego a sentenza do Tribunal Constitucional que se fixo pública o martes 17 de abril de 2018 e que fai referencia á capacidade do goberno de vetar a tramitación de leis polo Congreso ao abeiro do establecido no apartado sexto do artigo 134 da Constitución?

2. Que consideración lle merece á Xunta de Galiza o informe da asesoría xurídica do Congreso a respecto do abuso que fai o goberno desta prerrogativa?

3. Que accións ten previsto adoptar o Goberno galego para que o Goberno do Estado levante o veto á tramitación da proposición de lei de transferencia da AP 9?

4. Como valora o Goberno galego o veto político da mesa do Congreso, cos votos do PP e Ciudadanos, á tramitación da citada lei?

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 19/04/2018 11:11:52**

**María Montserrat Prado Cores na data 19/04/2018 11:11:56**

**Ana Pontón Mondelo na data 19/04/2018 11:11:59**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 19/04/2018 11:12:02**

**Olalla Rodil Fernández na data 19/04/2018 11:12:04**

**Noa Presas Bergantiños na data 19/04/2018 11:12:05**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2018 11:31
Nº Rexistro: 29655
Data envío: 19/04/2018 11:31:51.242

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, o abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

O parque forestal de Castiñeiras, situado en terreos das comunidades de Montes de Vilaboa, Santa Cristina de Cobres e Xan Xulián de Marín, está a experimentar un grave deterioro e abandono ao longo dos últimos anos.

Segundo denunciou a directiva da comunidade de montes de Vilaboa a Xunta de Galiza está a incumprir o convenio asinado no 2001, con 30 anos de vixencia, que obriga á administración autonómica a desenvolver un plan anual de actuación nas máis de 20 hectáreas conveniadas. Esta situación foi comunicada pola comunidade de montes en repetidas ocasións, sen que haxa ningunha resposta por parte da consellaría de medio ambiente.

O estado de deterioro do parque é evidente e vai cada vez a máis, o que está a causar tamén as queixas das persoas que se achegar ao lugar. As principais mostras de abandono son as seguintes:

a) Falta de coidado e de tratamento do xardín botánico e das zonas arboradas. Non se fan podas, nin tratamentos silvícolas nin retirada de árbores danadas ou secas.

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

b) A lagoa artificial, o elemento máis emblemático do parque, está practicamente seca. Non se fixeron traballos de mantemento nin se repararon as fendas do muro.

c) O valado de madeira que rodea a área do parque está deteriorado e en moitas zonas está derrubado no chan ou non existe.

d) Unha senda de terra que se arranxou o ano pasado ten varios puntos en mal estado pola acción das chuvias e as escorrentías.

e) O mobiliario está deteriorado e en mal estado.

f) Os baños precisan mellorar o mantemento e limpeza

g) As zonas dedicadas a mesas e asadoiros están en moitas partes invadidas pola maleza e case non se ven.

h) Deficiente sinalización tanto nos accesos como no propio parque.

Por outra parte, nos terreos do parque existe unha importante área arqueolóxica formada por un conxunto de mámoas que precisa tamén de mantemento, limpeza e promoción.

Esta situación de deterioro, declive e abandono vaise ver acrecentada polo traslado ao concello de Cotobade do Centro de Recuperación de Aves que ata agora estaba ubicado no parque de Castiñeiras, en terreos do concello de Marín.

O pasado 10 de febreiro do ano 2018, a Xunta informou a través dunha resposta parlamentaria ao BNG que levaba investido máis de 300.000 euros no parque e na súa contorna desde o ano 2009. Esta información contrasta cos datos de que dispoñen as comunidades de montes de Vilaboa, San Xulián y San Tomé.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2018 11:31
Nº Rexistro: 29655
Data envio: 19/04/2018 11:31:51.242

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tendo en conta a gravidade do estado en que se encontra o parque, formúlanse as seguintes preguntas para a resposta oral na Comisión 2ª:

1. Como valora a Xunta de Galiza o estado de abandono e deterioro do parque de Castiñeiras, situado nos concellos de Marín e Vilaboa?

2. Por que a Xunta de Galiza incumpre os convenios asinados coas comunidades de montes titulares dos terreos, e que obrigan a desenvolver os correspondentes plans anuais de conservación?

3. Ten previsto o Goberno galego desenvolver algunha actuación neste parque para que recupere o bo estado que o converteu nun importante foco de atracción de visitantes no pasado?

4. Que actuacións concretas e con que orzamentos detallados se desenvolveron neste parque desde 2009 por valor de máis de 300.000 euros?

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**
**Montserrat Prado Cores**
**Noa Presas Bergantiños**
**Olalla Rodil Fernández**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
**Ana Pontón Mondelo**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 19/04/2018 11:26:02**

**María Montserrat Prado Cores na data 19/04/2018 11:26:08**

**Ana Pontón Mondelo na data 19/04/2018 11:26:10**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 19/04/2018 11:26:11**

**Olalla Rodil Fernández na data 19/04/2018 11:26:12**

**Noa Presas Bergantiños na data 19/04/2018 11:26:13**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2018 11:55
Nº Rexistro: 29657
Data envío: 19/04/2018 11:55:13.570

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

**Davide Rodríguez Estévez, Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando**, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, sobre a situación na que se atopan as e os axentes forestais e mediambientais de Galiza.

A Xunta de Galicia, leva dende o ano 2017 coas negociacións paradas cos e cas axentes forestais e medioambientais.

Os representantes legais destes e destas traballadoras asinaron coa Administración Pública galega o "Acordo sobre condicións de traballo da escala de Axentes Forestais" o 24 de xuño do 2004, sobre o réxime de prestación de servizos, horarios, vacacións, licenzas e permisos e compensacións económicas da escala de Axentes Forestais de Galicia e que foi publicado no Diario Oficial de Galicia o 31 de marzo de 2005. Este acordo leva caducado máis de catro anos.

As traballadoras e traballadores, así como as organizacións sindicais, solicitaron en varias ocasións á Xunta de Galicia que se renovara o dito acordo, estás negociacións que se iniciaron tras a vaga de lumes de 2017, e quedaron suspendidas de xeito unilateral por orde da Dirección Xeral de Función Pública en decembro do citado ano.

A Xunta incumpre os acordos cos Axentes Forestais e Medioambientais que actualmente ten unha situación precaria. Son varios os incumprimentos de acordos asinados cos axentes medioambientais e, entre eles, o primeiro que incumpren e o da redacción dun novo regulamento de funcións da escala, asinado o 15 de setembro de 2016, onde as Consellerías de Facenda, Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a Consellería de Medio Rural se comprometían a no ano 2016 redactar un novo regulamento.

Outro acordo que se está a incumprir é o que trata sobre a formación da nova escala de axentes onde a Consellería de Cultura Educación e Ordenación Universitaria asinaba con Medio Ambiente e Medio Rural un convenio onde se comprometía a iniciar a formación no curso académico 2017-2018.

Nun comunicado recente dos representantes sindicais, as traballadoras e traballadores do servizo están a valorar ir á folga indefinida na vindeira campaña de incendios, posto que ven como se acerca unha nova campaña de alto risco sen obter resposta dunha reunión para a negociación dunhas condicións de traballo dignas cun novo acordo onde se regule o réxime de prestación de servizos e horarios deste persoal que se adapte ás novas condicións climatolóxicas actuais e que sexa operativo para atallar os lumes de nova xeración.

De facerse efectiva esta folga, a Xunta de Galicia quedará sen directores de extinción, figura clave nun lume e que só eles poden levar a cabo.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte pregunta:

- Ten pensado a Xunta de Galiza reunirse de forma urxente cos e cas representantes dos e das axentes forestais e medioambientais para retomar así as negociacións e cumprir os acordos que hoxe a Xunta de Galicia non está a levar a cabo?

Santiago de Compostela a 16 de abril de 2018.

Asdo.: David Rodríguez Estévez
Antón Sánchez García
Marcos Cal Ogando
Deputados do G.P. de En Marea.

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 19/04/2018 11:50:03**

**Antón Sánchez García na data 19/04/2018 11:50:11**

**Marcos Cal Ogando na data 19/04/2018 11:50:19**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2018 11:56
Nº Rexistro: 29660
Data envío: 19/04/2018 11:56:42.898

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

**Davide Rodríguez Estévez e Paula Quinteiro Araújo**, deputado e deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7.ª,** sobre a situación na que se atopan as e os axentes forestais e medioambientais de Galiza.

A Xunta de Galicia, leva dende o ano 2017 coas negociacións paradas cos e cas axentes forestais e medioambientais.

Os representantes legais destes e destas traballadoras asinaron coa Administración Pública galega o "Acordo sobre condicións de traballo da escala de Axentes Forestais" o 24 de xuño do 2004, sobre o réxime de prestación de servizos, horarios, vacacións, licenzas e permisos e compensacións económicas da escala de Axentes Forestais de Galicia e que foi publicado no Diario Oficial de Galicia o 31 de marzo de 2005. Este acordo leva caducado máis de catro anos.

As traballadoras e traballadores, así como as organizacións sindicais, solicitaron en varias ocasións á Xunta de Galicia que se renovara o dito acordo, estás negociacións que se iniciaron tras a vaga de lumes de 2017, e quedaron suspendidas de xeito unilateral por orde da Dirección Xeral de Función Pública en decembro do citado ano.

A Xunta incumpre os acordos cos Axentes Forestais e Medioambientais que actualmente ten unha situación precaria. Son varios os incumprimentos de acordos asinados cos axentes medioambientais e, entre eles, o primeiro que incumpren e o da redacción dun novo regulamento de funcións da escala, asinado o 15 de setembro de 2016, onde as Consellerías de Facenda, Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a Consellería de Medio Rural se comprometían a no ano 2016 redactar un novo regulamento.

Outro acordo que se está a incumprir é o que trata sobre a formación da nova escala de axentes onde a Consellería de Cultura Educación e Ordenación Universitaria asinaba con Medio Ambiente e Medio Rural un convenio onde se comprometía a iniciar a formación no curso académico 2017-2018.

Nun comunicado recente dos representantes sindicais, as traballadoras e traballadores do servizo están a valorar ir á folga indefinida na vindeira campaña de incendios, posto que ven como se acerca unha nova campaña de alto risco sen obter resposta dunha reunión para a negociación dunhas condicións de traballo dignas cun novo acordo onde se regule o réxime de prestación de servizos e horarios deste persoal que se adapte ás novas condicións climatolóxicas actuais e que sexa operativo para atallar os lumes de nova xeración.

De facerse efectiva esta folga, a Xunta de Galicia quedará sen directores de extinción, figura clave nun lume e que só eles poden levar a cabo.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Pregunta:

- Ten pensado a Xunta de Galiza reunirse de forma urxente cos e cas representantes dos e das axentes forestais e medioambientais para retomar así as negociacións e cumprir os acordos que hoxe a Xunta de Galicia non está a levar a cabo?

Santiago de Compostela a 16 de abril de 2018.

Asdo.: David Rodríguez Estévez
Paula Quinteiro Araújo
Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2018 11:56
Nº Rexistro: 29660
Data envio: 19/04/2018 11:56:42.898

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 19/04/2018 11:51:55**

**Paula Quinteiro Araújo na data 19/04/2018 11:52:03**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2018 12:49
Nº Rexistro: 29666
Data envío: 19/04/2018 12:49:54.523

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

O pasado xoves 22 de marzo, nunha resposta en comisión a preguntas do PP, a Directora Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Xunta de Galiza afirmou que o concello de Pontevedra non contaba con autorización para a instalación de composteiros comunitarios. Segundo a Directora Xeral era necesario contar coa citada autorización xa que se trata dunha actividade de xestión de residuos.

Como trasfondo deste debate sobre os centros de compostaxe comunitaria está o modelo de xestión dos residuos sólidos urbanos e as previsións de cumprimento das obrigas establecidas na Directiva Europea de Residuos, no Plan Estatal Marco de Xetión de Residuos (PEMAR 2016-2022) e no Plan de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos de Galiza 2010-2020, que foi sometido a diversas revisións e actualización, a última de decembro de 2016.

Polo anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

1. Que normativa comunitaria, estatal ou galega, é de aplicación para a instalación de composteiros comunitarios?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2018 12:49
Nº Rexistro: 29666
Data envío: 19/04/2018 12:49:54.523

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Que autorización debe tramitar o concello de Pontevedra?

3. Que valoración lle merce ao Goberno galego o Plan de Compostaxe que están a impulsar a Deputación de Pontevedra e numerosos concellos desta provincia?

4. Que plans ten o Goberno galego para promover a compostaxe da fracción orgánica dos Residuos sólidos urbanos e para cumprir as obrigas establecidas pola UE e o PEMAR 2016-2022?

5. Que previsións ten a Xunta de Galiza a respecto do cumprimento da Directiva marco de residuos que establece unha xerarquía de xestión de residuos que favorece a prevención, a reutilización e o reciclado fronte á incineración?

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**
**Montserrat Prado Cores**
**Noa Presas Bergantiños**
**Olalla Rodil Fernández**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
**Ana Pontón Mondelo**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2018 12:49
Nº Rexistro: 29666
Data envío: 19/04/2018 12:49:54.523

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Xosé Luis Bará Torres na data 19/04/2018 12:47:28**

**María Montserrat Prado Cores na data 19/04/2018 12:47:32**

**Ana Pontón Mondelo na data 19/04/2018 12:47:34**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 19/04/2018 12:47:35**

**Olalla Rodil Fernández na data 19/04/2018 12:47:37**

**Noa Presas Bergantiños na data 19/04/2018 12:47:38**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2018 13:02
Nº Rexistro: 29676
Data envío: 19/04/2018 13:02:30.523

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á recuperación dos acordos de mellora de condicións de traballo e salariais do persoal do Sergas.

O sangrado do sistema sanitario público de Galiza é unha constante, é a folla de ruta do PP á fronte do Goberno galego.

Dentro deste sangrado os profesionais son dos principais damnificados por unha política de persoal que maltrata ao persoal fixo e que maltrata ao persoal contratado.

É precisa a reposición de todos os dereitos laborais, económicos e sociais que durante estes anos lle foron eliminados aos traballadores e traballadoras do sistema sanitario público de Galiza.

No ano 2010 o Goberno galego suspendeu os acordos retributivos asinados na mesa sectorial do Sergas, acordos retributivos 2008/12, que recollía incrementos salariais no complemento específico , polo que se retribúen as condicións específicas do posto de traballo atendendo á súa dificultade, responsabilidade, coñecemento, penosidade... percibe por este concepto unha

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2018 13:02
Nº Rexistro: 29676
Data envío: 19/04/2018 13:02:30.523

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cantidade inferior ao resto de persoal da Administración Autonómica. Atención continuada, retribúe a penosidade da prestación de servizo: nocturnidade, domingos , días feriados e gardas, a retribución do persoal do Sergas por estes conceptos está a cola do resto de servizos de saúde. Acordo de Carreira profesional, suspendida desde o ano 2010. Acordo de equiparación salarial persoal de PACs, atención continuada.

É evidente que coa recuperación de dereitos que están a recuperar, de xeito parcial, que afectan ao conxunto das empregadas/os públicos, non queda saldada a débeda que a Xunta do PP ten c@s traballadores/as da sanidade.

Coa escusa da crise a Consellaría de Sanidade, dun xeito unilateral, deixou en suspenso a aplicación dos acordos asinados aos que se chegara en canto a melloras retributivas e nas condicións de traballo.

Polas razóns expostas formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

-Vai o Sergas proceder á recuperación dos acordos de mellora de condicións de traballo e salariais do seu persoal, conxelados desde o ano 2010?

-Cal é a razón pola que non retoma a recuperación dos acordos suspendidos coa escusa da crise? O discurso oficial do Goberno do PP non é que a crise xa está superada?

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Parécelle de xustiza para un persoal que presta servizo 365 días ao ano e 24 horas ao día que o complemento específico sexa inferior ao do resto da Xunta ou que a atención continuada estea á cola do resto dos servizos de saúde?

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
**Noa Presas Bergantiños**
**Olalla Rodil Fernández**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
**Luis Bará Torres**
**Ana Pontón Mondelo**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 19/04/2018 12:57:43**

**Ana Pontón Mondelo na data 19/04/2018 12:57:48**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 19/04/2018 12:57:50**

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Olalla Rodil Fernández na data 19/04/2018 12:57:51**

**Noa Presas Bergantiños na data 19/04/2018 12:57:52**

**Xosé Luis Bará Torres na data 19/04/2018 12:57:54**

PARLAMENTO DE GALICIA
DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2018 16:45
Nº Rexistro: 29708
Data envío: 19/04/2018 16:45:43.433

PSG PSOE

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

# Á Mesa do Parlamento

**Abel Losada Álvarez, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López,** deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

O Goberno galego desenvolveu ata o 31 de decembro de 2015 un "Plan Piloto" que reducía de maneira importante a peaxe aos transportes pesados que utilizaran o tramo da AP-9 entre Puxeiros e O Porriño coa intención de aliviar a carga de tráfico pesado da autovía A-55 que ten evidentes dificultades de trazado e seguridade. Este plan piloto non se desenvolveu no futuro e quedou aparcado pola administración.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal é a valoración que fixo a Xunta de Galicia deste plan?
2. Cal foi a razón de non levalo a cabo a partir de 2016?
3. Pensa a Xunta de Galicia tomar algunha medida para aliviar a elevadísima intensidade de tráfico pesado na A-55 no tramo Vigo - O Porriño?

Pazo do Parlamento, 19 de abril de 2018

Asdo.: Abel Losada Álvarez
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 19/04/2018 16:42:10**

**Raúl Fernández Fernández na data 19/04/2018 16:42:16**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2018 16:45
Nº Rexistro: 29708
Data envío: 19/04/2018 16:45:43.433

Grupo Parlamentario

**María Luisa Pierres López na data 19/04/2018 16:42:22**

Partido dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

O 23 de marzo de 2017, hai máis dun ano, aprobouse no Parlamento de Galicia a seguinte iniciativa promovida polo Grupo Parlamentario Socialista: "O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que se dirixa o Goberno central e lle exixa que de forma inmediata ratifique o Convenio 188 da OIT" (Organización Internacional do Traballo). A día de hoxe, o Goberno do Estado aínda non ratificou o dito convenio, todo iso a pesar de que o pasado 17 de novembro entrou en vigor, o convenio da OIT e a directiva da Unión Europea, (UE) sobre o traballo na pesca o que resulta vergonzoso e demostra o escaso interese do noso país por regular o sector da pesca.

O convenio 188 da Organización Internacional do Traballo aprobouse co obxecto de que as persoas que traballan nos barcos de pesca teñan condicións decentes de emprego, traballo e vida a bordo. Este sector caracterizado por ter condicións moi duras e perigosas de traballo, así como pola coexistencia de pequenas empresas familiares dedicadas á pesca artesanal xunto con empresas dedicadas á pesca industrial. O convenio responde aos desafíos que implica a globalización con disparidade de condicións de vida e traballo a bordo dos buques, así como a aplicación de normas de seguridade e control.

Tamén busca un desenvolvemento sostible do medio mariño tendo en conta a harmonización social, preservación da seguridade e do medio ambiente mundial.

Por iso a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego de que a día de hoxe o Goberno do Estado aínda non tiña ratificado o Convenio 188 da OIT?

2ª) Coñece o Goberno galego cales son os motivos polos que o Goberno do Estado aínda non ratificou o Convenio 188 da OIT, en caso positivo, cales son?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

3ª) Que xestións levou a cabo o Goberno galego co do Estado para exixir a ratificación do Convenio 188 da OIT?

4ª) Que xestións vai levar a cabo o Goberno galego para demandar do Goberno do Estado a ratificación do Convenio 188 OIT?

Pazo do Parlamento, 18 de abril de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**María Dolores Toja Suárez na data 19/04/2018 16:31:03**

**Julio Torrado Quintela na data 19/04/2018 16:31:15**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2018 17:46
Nº Rexistro: 29726
Data envío: 19/04/2018 17:46:39.214

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Olalla Rodil Fernández**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, sobre o uso e promoción de toponimia deturpada por parte do Goberno municipal de Ribeira e as medidas que debe adoptar a Xunta para restituír a fórmula legal.

O goberno do Concello de Ribeira vén incumprindo de maneira sistemática, durante décadas, a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, que fixa o marco para o uso oficial do galego en diversos ámbitos, contén tamén a base legal para a recuperación e fixación da toponimia galega. No seu artigo 10 establece que "os topónimos de Galiza terán como única forma oficial a galega" e que "corresponde á Xunta de Galiza a determinación dos nomes oficiais dos municipios, dos territorios, dos núcleos de poboación, das vías de comunicación interurbanas e dos topónimos de Galiza. O nome das vías urbanas será determinado polo concello correspondente."

Do mesmo xeito, as institucións públicas deben aterse ao establecido no Decreto 189/2003, do 6 de febreiro, polo que se aproba o nomenclátor correspondente coas entidades de poboación da provincia da Coruña (DOG, 25/03/2003) onde se recolle que o nome do municipio é “Ribeira”.

Neste senso, o goberno local vén de instalar dous letreiros co nome de “Riveira” en dúas rotondas da vila. A instalación destes letreiros correu a conta das arcas municipais e custou: 3.328,84€.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2018 17:46
Nº Rexistro: 29726
Data envio: 19/04/2018 17:46:39.214

bng
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza




Por todo o exposto con anterioridade formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- Que opinión lle merece ao Goberno galego que o Concello de Ribeira incumpra a Lei de Normalización Lingüística de 1983?

- E que se financie con diñeiro público cartelaría e sinaléctica con toponimia deturpada?

- Que medidas ten adoptado a Xunta de Galiza para garantir o seu cumprimento?

- De non ter adoptado ningunha, pensa facelo?

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2018 17:46
Nº Rexistro: 29726
Data envio: 19/04/2018 17:46:39.214

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 19/04/2018 17:44:39**

**María Montserrat Prado Cores na data 19/04/2018 17:44:43**

**Ana Pontón Mondelo na data 19/04/2018 17:44:44**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 19/04/2018 17:44:45**

**Noa Presas Bergantiños na data 19/04/2018 17:44:47**

**Xosé Luis Bará Torres na data 19/04/2018 17:44:48**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2018 17:56
Nº Rexistro: 29732
Data envío: 19/04/2018 17:56:44.808

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Olalla Rodil Fernández**, **Ana Pontón Mondelo**, **Montserrat Prado Cores**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, sobre as condicións laborais do profesorado galego.

Os recortes orzamentarios e as sucesivas reformas que atinxiron o profesorado dos centros de ensino galegos tiveron enormes consecuencias que empeoraron as súas condicións laborais e salariais.

O aumento de horas lectivas, a obriga de asumiren unha maior carga de traballo administrativa e burocrática, as reducións dos cadros de persoal como resultado da imposición de taxas de reposición ou a perda de poder adquisitivo, son algunhas das denuncias do profesorado.

Nos últimos anos, o Partido Popular desde a Xunta de Galiza vén defendendo no seu discurso que nos atopamos nun proceso de recuperación económica. Porén, nin o conxunto da clase traballadora, nin o persoal da función pública, nin en particular o profesorado, percibe na suposta saída da crise, unha recuperación dos dereitos laborais e salariais recortados durante os últimos anos.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Como valora o Goberno galego a situación que atinxe o profesorado do ensino obrigatorio no noso país?

- Pensa abrir unha negociación a Xunta de Galiza coas organizacións sindicais para recuperar os dereitos que lles foron recortados nos últimos anos?

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
**Noa Presas Bergantiños**
**Montserrat Prado Cores**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
**Luis Bará Torres**
**Ana Pontón Mondelo**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 19/04/2018 17:54:33**

**María Montserrat Prado Cores na data 19/04/2018 17:54:37**

**Ana Pontón Mondelo na data 19/04/2018 17:54:39**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2018 17:56
Nº Rexistro: 29732
Data envio: 19/04/2018 17:56:44.808

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Xose Luis Rivas Cruz na data 19/04/2018 17:54:40**

**Noa Presas Bergantiños na data 19/04/2018 17:54:41**

**Xosé Luis Bará Torres na data 19/04/2018 17:54:44**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2018 18:10
Nº Rexistro: 29740
Data envío: 19/04/2018 18:10:55.496

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á necesidade de adaptación das prazas de formación MIR e EIR, e de convocatoria de OPE, as necesidades reais de profesionais no Sergas.

Os recortes que o Goberno galego está aplicando en materia de sanidade están provocando un deterioro continuado do sistema sanitario público, recortes que se están aplicando dun xeito xeralizado, tanto na atención hospitalaria como en atención primaria, e en todo o territorio galego.

Dentro dos recortes, o persoal é dos principais afectados, sendo sistemática a redución de profesionais, o que significa maior carga de traballo e que a calidade asistencial tamén se vexa afectada.

Con data 18 de maio de 2012 publicouse do DOG a orde pola que se aproba o Plan de Ordenación de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, dado que a vixencia do mesmo era ata o 31 de decembro de 2013, publicouse o 5 de decembro a orde pola que se aproba o Plan de ordenación de recursos humanos relativo á xubilación, prolongación da permanencia e prórroga no servizo activo do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.

Este Plan, concibido como un instrumento de planificación, conclúe que hai un importante envellecemento do persoal: *"no dito instrumento de planificación, logo de*

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

*analizarse as necesidades da organización sobre a base do estudo e valoración previos da estrutura poboacional e a actual configuración do cadro de persoal do Servizo Galego de Saúde, conclúese un significativo envellecemento en termos globais do persoal do organismo, de xeito paralelo ao da propia poboación galega, que resulta máis acusado no colectivo de persoal licenciado sanitario. A dita circunstancia ten unha singular incidencia en diversos aspectos organizativos da actividade asistencial, entre os que cabe destacar a dispoñibilidade decrecente do citado colectivo para a cobertura da atención continuada."*

*..."Derivado da normativa e do diagnóstico de situación efectuado no propio instrumento de planificación, o precedente Plan de ordenación de recursos humanos do Servizo Galego de Saúde dispuxo, como medida xeral de ordenación, a perda da condición de persoal estatutario fixo dos seus profesionais por cumprimento da idade de xubilación forzosa."*

É unha evidencia, que se a Consellaría de Sanidade non adapta as prazas de formación ás necesidades asistenciais, a consecuencia será que en pouco tempo o Sergas non disporá de persoal para cubrir as vacantes que se van producindo por xubilación, nin ausencias, baixas...

O Sergas non actúa en formación e non leva a cabo políticas laborais que fomenten que @s profesionais que se forman se lles ofreza condicións laborais dignas para levar a cabo en Galiza os seus proxectos vitais e polo tanto emigran a onde si llas ofrecen.

Como consecuencia desta nefasta política de persoal levada a cabo polo Partido Popular na Consellaría de Sanidade, cada vez é máis patente que non hai profesionais dispoñíbeis para cubrir baixas, vacacións, licenzas, permisos...

PARLAMENTO DE GALICIA
DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2018 18:10
Nº Rexistro: 29740
Data envío: 19/04/2018 18:10:55.496

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para ter uns servizos públicos de calidade, unha sanidade pública de calidade é preciso ter profesionais formados, cualificados e en número suficiente, por esta razón formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

-Cal é a planificación, se ten algunha, do Goberno galego para solucionar o deficit de profesionais no Sergas?

-Cal é o seu horizonte temporal?

-Coida que o Sergas vai poder garantir a calidade asistencial se non toman medidas para aumentar as prazas de formación?

-Aumentar o número de doentes por profesional, ou as idades de xubilación é positivo para a calidade asistencial e para @s profesionais?

-Vai demandar do Goberno español o aumento do número de prazas para adaptar as prazas de formación polo sistema de Residencia MIR e EIR, que se ofertan en Galiza, ás necesidades reais que ten o Sergas de cobertura de profesionais?

-Vai presentar un plano de estabilidade de emprego, para negociar de inmediato na mesa sectorial, que permita establecer un cadro de persoal coas ratios axeitadas para ofrecer unha calidade asistencial digna, rematar coa precariedade na contratación?

-Cal é a razón de non convocar OPE co mesmo número de prazas que se convocou no concurso aberto permanente de mobilidade(concurso de traslados), que na súa totalidade se aproxima ás 6.000 prazas vacantes?

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2018

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 19/04/2018 18:07:21**

**Ana Pontón Mondelo na data 19/04/2018 18:07:28**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 19/04/2018 18:07:29**

**Olalla Rodil Fernández na data 19/04/2018 18:07:30**

**Noa Presas Bergantiños na data 19/04/2018 18:07:32**

**Xosé Luis Bará Torres na data 19/04/2018 18:07:33**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2018 18:21
Nº Rexistro: 29749
Data envío: 19/04/2018 18:21:51.574

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, relativa ás medidas a tomar para a garantir a viabilidade das pensións.

O debate sobre a sostibilidade do sistema de pensións públicas vén de lonxe.

Desde hai anos veñen prognosticando a súa quebra, acompañada sempre de fortes campañas publicitarias, da banca, das compañías aseguradoras, para captar clientes para os fondos privados de pensións. Necesítase atemorizar a opinión pública presentando como inviábel o sistema público de pensións, promovendo un sistema privado. O obxectivo é ben claro: transferir ao sistema privado a xestión dun volume de capital formidábel derivado dos fondos de pensións públicas.

Anos de ataques á clase obreira, mentres se acatan as ordes dos amos da Unión Europea, protéxese a evasión de capitais, a corrupción, subvenciónase a Igrexa, rescátase a banca, rescátanse as autoestradas, aumenta o beneficio das empresas diminuíndo as súas obrigacións. Ataques á maioría social e beneficios para a minoría que ostenta os privilexios e o capital.

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O debate das pensións vai moito máis alá de si a revalorización anual debe ser o IPC ou o 0.25%, con non ser indiferente esta cuestión, senón que é unha cuestión estrutural, entre manter un modelo de pensións públicas dignas, ou apostar por un modelo de privatización, de negocio para o capital financeiro.

Non é unha cuestión simplemente de recursos, é de aposta ideolóxica, é da mentira que está instaurada a respecto da substentabilidade do sistema de pensións.

O problema das pensións non é un problema de cotizantes, é un problema de repartición, é un problema de reparto desigual da riqueza. E con todas as medidas que puxeron en marcha coa escusa da crise, esa repartición é cada vez máis desigual.

As medidas que tomaron son especialmente mesquiñas en Galiza, porque temos as pensións máis baixas do Estado español, unha maior porcentaxe de pensionistas en relación á nosa poboación, as pensións son o único ingreso que entra en moitos fogares,

Hoxe temos un empobrecemento maior d@s pensionistas: case o 60% das pensións galegas están por baixo do salario mínimo, a media está máis de 15 puntos por baixo da do Estado, sendo especialmente preocupante a situación das mulleres xa que 1 de cada 4 mulleres maiores de 65 anos está por baixo do umbral da pobreza.

Galiza ten as segundas pensións máis baixas de todo o Estado, con 892,18€ ao mes fronte aos 1.071€ da medida estatal. Cada persoa pensionista

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

galega perde 2.145 euros ao ano, unha cantidade astronómica para os maiores e para moitas familias que teñen nas pensións a súa única fonte de ingresos, unha realidade social do noso país que é un logro máis da política social de Feixóo.

O BNG implicámonos decididamente na defensa dun sistema público de pensións dignas, que empeza por un mercado de traballo digno, e que polo tanto afecta a toda a sociedade, @s pensionistas actuais, mais @s pensionista futur@s que son @s traballadores/as actuais.

Hai que blindar o sistema público de pensións porque, a diferencia do discurso interesado da dereita e da banca, é viábel, é o único capaz de garantir unha pensión digna tras unha vida de traballo, de garantir a solidariedade interxeracional e de garantir o reparto da riqueza. O único que permite ter un mínimo de xustiza social.

Por estas razóns formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Está realizando algunha actuación o Goberno galego para garantir a viabilidade dunhas pensións dignas @s galeg@s?

-E para que deixen de ser das máis baixas do Estado?

-Cal é a opinión do Goberno Galego a respecto da coantía das pensións en Galiza?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2018 18:21
Nº Rexistro: 29749
Data envío: 19/04/2018 18:21:51.574

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Considera que as medidas impulsadas polo Goberno español benefician as persoas xubiladas galegas?

-Que actuacións vai realizar o Goberno galego para reverter a situación de que as pensións en Galiza sexan das máis baixas do Estado?

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
**Noa Presas Bergantiños**
**Olalla Rodil Fernández**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
**Luis Bará Torres**
**Ana Pontón Mondelo**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 19/04/2018 18:18:25**

**Ana Pontón Mondelo na data 19/04/2018 18:18:29**

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Xose Luis Rivas Cruz na data 19/04/2018 18:18:30**

**Olalla Rodil Fernández na data 19/04/2018 18:18:32**

**Noa Presas Bergantiños na data 19/04/2018 18:18:33**

**Xosé Luis Bará Torres na data 19/04/2018 18:18:36**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2018 18:28
Nº Rexistro: 29753
Data envío: 19/04/2018 18:28:54.996

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Olalla Rodil Fernández**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, sobre a situación na que se atopa o Centro Dramático Galego (CDG) e as medidas a adoptar para garantir o seu futuro

O CDG hai tempo que non atravesa por bos momentos. Ás críticas e polémicas que envolveron e envolven o proceso de selección do elencos engádeselle a cada vez máis minguada actividade da institución, a escasa distribución das súas montaxes e tamén contratacións de intérpretes cada vez máis reducidas.

Nas últimas semanas, mesmo se ten denunciado publicamente por parte da Asociación de Actrices e Actores Galegos (AAAG) o inicio de modelos de contratación que supoñen, de facto, a externalización da obra *Divinas palabras*.

Son moitas as críticas ao modelo de funcionamento da institución pública que debera representar o teatro nacional galego, sendo referente e motor do sector.

Hai tempo que as actrices e actores, as compañías e todas as persoas vencelladas dunha ou doutra forma co teatro veñen demandando da administración pública que preste atención e escoite as súas demandas. Que abra unha mesa de diálogo co sector para adoptar as medidas necesarias que permitan recuperar –mesmo refundar-- o Centro Dramático Galego dotándoo, alén do máis, de maior autonomía e orzamento.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2018 18:28
Nº Rexistro: 29753
Data envio: 19/04/2018 18:28:54.996

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

- Como valora a Xunta de Galiza a situación que vive o teatro en Galiza?

- Como valora o Goberno galego a situación na que se atopa, desde hai anos, o Centro Dramático Galego?

- É consciente a Xunta das enormes críticas que suscita a xestión que se está a facer do CDG?

- Que pensa facer o Goberno galego para atender as demandas do teatro a respecto do CDG?

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

PARLAMENTO DE GALICIA
DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2018 18:28
Nº Rexistro: 29753
Data envío: 19/04/2018 18:28:54.996

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Olalla Rodil Fernández na data 19/04/2018 18:27:42**

**María Montserrat Prado Cores na data 19/04/2018 18:27:47**

**Ana Pontón Mondelo na data 19/04/2018 18:27:48**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 19/04/2018 18:27:49**

**Noa Presas Bergantiños na data 19/04/2018 18:27:50**

**Xosé Luis Bará Torres na data 19/04/2018 18:27:52**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/04/2018 09:30
Nº Rexistro: 29475
Data envio: 16/04/2018 19:08:51.516

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

# Á MESA DO PARLAMENTO

**Luís Villares Naveira e Francisco Casal Vidal** deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea,** solicitan se faga a seguinte **corrección de erros** no documento con número de rexistro **29304.**

Na pregunta número 4., onde di: "Que opinión lle merece ao Goberno, que o gasto por habitante en I+D+i sexa un 36,2% inferior ao da media da Unión Europea?

Debe dicir: "Que opinión lle merece ao Goberno, que o gasto por habitante en I+D+i sexa un 36,2% inferior ao da media do **Estado español**?

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Francisco Casal Vidal

Deputados do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

**Luis Villares Naveira na data 16/04/2018 19:08:01**

**Francisco Casal Vidal na data 16/04/2018 19:08:10**

# ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

## 1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

### 1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

### 1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

### 1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

### 1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

### 1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

### 1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

### 1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

## 2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

### 2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

### 2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

### 2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

### 2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

## 3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

## 4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

### 4.1. INFORMACIÓNS

## 4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
**PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727